

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

Carolina Pérez Capelo

**Toponimia e variación dialectal en galego.
Os topónimos rematados en *-oa*, *-oá*, *-úa*, *-uá***



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Toponimia e variación dialectal en galego.
Os topónimos rematados en *-oa*, *-oá*, *-úa*, *-uá***



Colección Limiar

Director

Ernesto González Seoane
(Instituto da Lingua Galega, USC)

Comité editorial

Ernestina Carrilho (Universidade de Lisboa) • Francisco Dubert García (Instituto da Lingua Galega, USC) • Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo) • Maria Pilar Perea (Universitat de Barcelona) • Gabriel Rei-Doval (University of Wisconsin-Milwaukee)
• Juan Sánchez Méndez (Université de Neuchâtel) • Xavier Varela Barreiro (Instituto da Lingua Galega, USC)

Todos os orixinais publicados na colección Limiar son sistematicamente sometidos á avaliación confidencial de dous especialistas independentes e externos ao Instituto da Lingua Galega

Carolina Pérez Capelo

**Toponimia e variación dialectal en galego.
Os topónimos rematados en *-oa*, *-oá*, *-úa*, *-uá***



LIMIAR

1

2015

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A edición e preparación deste libro foi financiada parcialmente cunha axuda da Secretaría Xeral de Universidades (Xunta de Galicia - Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) ao grupo de investigación Filoloxía e Lingüística Galega (USC)

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

Deseño e maquetación Raquel Vila Amado

Edita

Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
usc.es/publicacions



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0
Non se permite o uso comercial da obra orixinal e tampouco das posibles obras derivadas.
A distribución da obra derivada debe facerse baixo unha licenza igual á que regula a obra orixinal.
Pódese acceder ao texto completo da licenza premendo nesta [ligazón](#).

DOI <http://dx.doi.org/10.15304/limiar.2015.751>

Este traballo seguramente sería aínda un feixe de notas sen a axuda de Rosario Álvarez. A ela teño que agradecerlle cada unha das anotacións feitas nas marxes do borrador e, sobre todo, que no seu día me animara a rematalo. Agradézolles tamén a Ana Boullón, Francisco Dubert, Xavier Varela, Ernesto González e ao par de persoas encargadas da revisión anónima a súa atenta lectura e os apuntamentos que contribuíron a mellorar este traballo.

Quero darlles tamén as grazas ás compañeiras do Instituto da Lingua Galega, de xeito especial a Raquel Vila Amado, pola axuda prestada cos datos do ALGa e polos seus mapas cheos de cores, e a Gonzalo Hermo, por axudarme a descubrir o significado dun bo monllo de topónimos que a min me parecían escuros. Finalmente, non podo deixar de agradecerlles aos meus pais a súa inesgotable paciencia e comprensión, e tamén a Silvia e a Marita, por darme todo o seu agarimo e todos os folgos do mundo cando máis os precisei.

ÍNDICE

1. Introducción.....	9
1.1. Toponimia e variación dialectal.....	9
1.1.1. <i>Un campo interdisciplinar practicamente inexplorado.....</i>	9
1.1.2. <i>A toponimia como disciplina auxiliar da dialectoloxía.....</i>	12
1.1.3. <i>A dialectoloxía como disciplina auxiliar da toponimia.....</i>	13
1.2. Os topónimos rematados en <i>-oa, -oá, -úa e -uá.....</i>	14
1.2.1. <i>Obxectivos.....</i>	15
1.2.2. <i>Obtención dos datos.....</i>	15
1.2.3. <i>Clasificación dos datos.....</i>	17
1.2.4. <i>Estrutura do traballo.....</i>	17
2. Topónimos procedentes dunha forma rematada en -ŌNA	19
2.1. Orixe etimolóxica.....	19
2.2. Localización cartográfica	26
2.3. Comparación cos datos do léxico común	26
3. Topónimos procedentes dunha forma rematada en -ŌNA	29
3.1. Orixe etimolóxica.....	29
3.2. Localización cartográfica	31
3.3. Comparación cos datos do léxico común	32
4. Topónimos procedentes dunha forma rematada en -ŌLA.....	35
4.1. Consideracións previas.....	35
4.2. Orixe etimolóxica.....	37
4.3. Localización cartográfica	50
4.4. Comparación cos datos do léxico común	52
4.5. O problema dos topónimos rematados en <i>-uás.....</i>	57
4.5.1. <i>Orixe etimolóxica.....</i>	58
4.5.2. <i>Localización cartográfica.....</i>	60
4.6. O problema dos topónimos asturianos rematados en <i>-úa.....</i>	61
4.6.1. <i>Orixe etimolóxica.....</i>	62
4.6.2. <i>Localización cartográfica.....</i>	64
4.6.3. <i>Conclusións.....</i>	65

5. Topónimos procedentes dunha forma rematada en -ŌLA.....	67
5.1. Orixe etimolóxica.....	67
5.2. Localización cartográfica	68
5.3. Comparación cos datos do léxico común	69
6. Topónimos de procedencia diversa nos que non se rexistra variación diatópica.....	71
7. Topónimos de orixe dubidosa	77
7.1. Hipóteses etimolóxicas cuestionables desde a xeografía lingüística	77
7.2. As nosas hipóteses etimolóxicas feitas desde a xeografía lingüística	86
8. Resumo e conclusións	93
Anexo. Mapas.....	97
Referencias bibliográficas.....	119
Índice de topónimos	127

1. Introducción

No presente traballo pretendemos achegarnos aos topónimos galegos rematados en *-oa*, *-oá*, *-úa*, *-uá*. A escolla destas catro terminacións ten a súa razón de ser no enfoque desde o cal queremos estudar estes nomes. A nosa intención neste traballo é examinar estes topónimos desde o punto de vista da xeografía lingüística. Partimos da constatación de que existen na toponimia galega nomes coma *Ferreiroa* / *Ferreiroá* / *Ferreirúa*, que presentan unha mesma base mais nos que se observan diferentes variantes na terminación. O noso propósito será examinar se estas variantes aparecen aleatoriamente ou se presentan distribución diatópica e, no caso de seren dialectais, delimitar as áreas xeográficas que cada terminación ocupa e contrastar a información que a toponimia nos ofrece coa que podemos extraer dos datos da lingua viva.

1.1. Toponimia e variación dialectal

Antes de expoñer os resultados do noso traballo parécenos pertinente facer unha serie de consideracións previas sobre as relacións entre a toponimia e a dialectoloxía e sobre as importantes achegas que cada unha destas disciplinas pode ofrecer á outra. Tal e como veremos, a toponimia pode fornecer interesantes datos á xeografía lingüística, dando conta de situacións dialectais xa pasadas ou de movementos nas isoglosas que delimitan un determinado fenómeno dialectal. As contribucións danse tamén no sentido inverso e a xeografía lingüística pode achegar datos que leven a validar ou invalidar hipóteses sobre a orixe de topónimos en distribución dialectal.

1.1.1. Un campo interdisciplinar practicamente inexplorado

A pesar das interesantes informacións ás que podemos chegar cruzando os datos toponímicos cos dialectolóxicos, son raros no ámbito da lingüística galega os estudos de toponimia ou de xeografía lingüística nos que se teñen en conta os co-

ñecementos da outra disciplina. Desde o noso punto de vista, cremos que estamos perante un campo interdisciplinar practicamente inexplorado do que podemos extraer importantes informacións de proveito tanto para a toponimia coma para a xeografía lingüística. O feito de non se ter explotado aínda contrasta en boa medida cos importantes avances que se teñen dado nas últimas décadas nos estudos de dialectoloxía e toponimia galegas.

En canto aos estudos de xeografía lingüística, desde que no 1974 se iniciara o traballo de campo para a elaboración do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*, os avances neste ámbito foron máis ca notables: son cinco os volumes dese atlas xa publicados e innumerables os traballos diversos (teses, monografías, artigos...) elaborados ao abeiro deste proxecto. Xunto ao *ALGa*, proxecto clave no desenvolvemento e crecemento da xeografía lingüística no ámbito galego, poderíamos citar moitas outras achegas individuais a esta disciplina, coma os numerosos traballos sobre zonas dialectais concretas, e tamén proxectos máis recentes coma a edición dos materiais recollidos entre 1934 e 1935 en 53 puntos de Galicia para a elaboración do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI)*.

En canto aos estudos toponímicos, este campo suscitou, desde sempre, o interese dos investigadores. Desde que xa no século XVIII Martín Sarmiento inaugurara os estudos de onomástica galega, foron moitas as achegas individuais ao ámbito da toponimia, centradas, fundamentalmente, en tratar de descubrir a orixe dos topónimos. De entre a ampla nómina de autores que contribuíron a este campo, podemos citar a Joseph Piel e Abelardo Moralejo, cuxas investigacións repartidas en diversos artigos resultaron claves no desenvolvemento desta disciplina no ámbito galego; Juan José Moralejo e Edelmiro Bascuas, centrados fundamentalmente na toponimia prerromana; Antón Palacio, Elixio Rivas ou Xulia Marqués, que se ocuparon nas súas teses doutorais do estudo dos topónimos de tres concellos concretos e son representativos dunha ampla nómina de autores que se ocuparon da toponimia a partir de levantamentos locais; Antón Santamarina, Nicandro Ares, Fernando Cabeza Quiles, Paulo Martínez Lema, Gonzalo Navaza... En definitiva, unha moi longa listaxe de investigadores que estudaron e estudan a toponimia galega enfocándoa desde diversas perspectivas.

A pesar deste claro avance nos estudos toponímicos e dialectolóxicos no ámbito da lingüística galega, son raras as ocasións nas que a dialectoloxía tivo en conta os datos da toponimia e viceversa. A maioría das veces o que atopamos son soamente referencias concretas á variación lingüística en obras de toponimia á hora de explicar determinados nomes que presentan formas caracteristicamente

dialectais. Porén, hai excepcións e atopamos tamén contribucións dalgúns estudosos que, centrados na dialectoloxía ou na toponimia, teñen en conta con maior profundidade os datos que a outra disciplina pode achegar nas súas investigacións. Un dos pioneiros en seguir este método desde a toponimia foi Abelardo Moralejo, quen nalgún dos seus traballos sobre toponimia como «Fontán, Fontao y otros derivados de «fons» en la toponimia gallega» ou «Toponimia gallega de cereales de cultivo» (ambos recollidos no volume *Toponimia gallega y leonesa*, 1977) analizou a distribución espacial dos nomes neles estudados e chegou a comparar tamén esta distribución cos datos dialectais aos que naquel momento tiña acceso. Desde o enfoque da dialectoloxía, Constantino García foi tamén un precursor desta orientación. No artigo «Resultados del sufijo -ANA en gallego» (1975), centrado na distribución espacial das terminacións *-án* / *-á* procedentes do latín -ANA, o investigador non soamente ten en conta a repartición dos topónimos, senón que esta lle serve ademais para trazar a que el chama «fronteira primitiva», que contrasta coa trazada a partir da información da lingua viva:

En resumen, los derivados del sufijo latino -ANA dividen al gallego en dos zonas: occidental, con solución *-án* y oriental, con solución *-a*. La frontera primitiva, que nos señalan los topónimos, está situada, en términos amplios, unos kilómetros más al Oeste de la indicada por A. Zamora Vicente para los descendientes del sufijo -ANUS. La frontera actual se ha desplazado hacia el Este y tiende a aproximarse a la línea de separación de la zona de geada. La causa de este avance no es clara. Nos aventuramos a suponer que el mayor prestigio del habla occidental, debido al uso que hacen de él gran parte de los escritores gallegos y a que tiene mayor número de hablantes, aunque la zona oriental sea la más extensa territorialmente, impone la solución *-án* en las zonas limítrofes» (C. García 1975: 156).

Na actualidade, esta liña é continuada por Gonzalo Navaza, quen na súa tese e noutros traballos se centra tamén na repartición espacial de variantes toponímicas, e por Rosario Álvarez, autora de varios artigos nos que tamén cruza datos toponímicos e dialectais. Volveremos máis adiante sobre os estudos de ambos os investigadores, xa que os seus resultados nos axudarán a exemplificar como a toponimia pode ser unha disciplina auxiliar da dialectoloxía e, ao revés, como a dialectoloxía pode auxiliar á toponimia.

En definitiva, estamos perante unha liña de investigación practicamente inexplorada: exceptuando os estudos dos autores sinalados apenas achamos ningún outro traballo no que se vinculen os datos da xeografía lingüística cos da toponimia. Desde o noso punto de vista, o pouco que se ten escrito ata o de

agora sobre esta cuestión contrasta coa enorme cantidade de información aínda non explotada que a toponimia pode achegar á dialectoloxía (sincrónica e diacrónica) e viceversa. Cremos, xa que logo, que hai aquí un terreo interdisciplinar no que apenas se ten traballado e do que se poden extraer importantes coñecementos para as dúas disciplinas. Doutra banda, o progreso que nos estudos toponímicos e dialectais se produciu nas últimas décadas facilita moito hoxe a exploración das relacións que entre a toponimia e a variación dialectal se dan. Cando Abelardo Moralejo e Constantino García levaron a cabo os traballos arriba sinalados non existían os cinco volumes do *ALGa* cos que hoxe contamos, o estudo da toponimia galega tampouco estaba tan avanzado coma agora e os recursos informáticos que hoxe facilitan en boa medida o noso traballo eran daquela inexistentes.

1.1.2. *A toponimia como disciplina auxiliar da dialectoloxía*

A toponimia de Galicia constitúe unha valiosa fonte para o estudo da dialectoloxía, especialmente desde unha perspectiva diacrónica. Os topónimos, loxicamente, reflicten a variación dialectal do territorio. Algúns exemplos prototípicos desta afirmación están en pares toponímicos coma *Chan / Chao*, *Mazaira / Maceira*, *A Moa / A Mó...* nos que, ao posuír formas aínda vivas na lingua común, poden identificarse doadamente os fenómenos dialectais que lles afectan. Porén, a toponimia presenta características particulares fronte ao léxico común que fan que a súa maneira de manifestar a variación sexa tamén especial. A principal particularidade que aquí nos interesa subliñar é a súa maior resistencia ao cambio lingüístico. Moitas das evolucións internas sufridas na lingua galega co paso dos séculos non sempre afectaron aos topónimos, que se mantiveron en moitas ocasións inalterados ante os cambios, fixados na súa forma canónica e ancorados para sempre en diferentes estadios preteritos da lingua. Tomando a explicación de Gonzalo Navaza:

A diferenza do que acontece coa información extraída da fala viva, sincrónica, a toponimia contén vestixios de épocas históricas distintas e pode fornecer información sobre estadios anteriores da xeografía lingüística. Polo regular as formas minoritarias tenden a ser substituídas na fala por outras máis comúns, nun proceso de harmonización espontáneo que se manifesta máis acusadamente nas áreas de fronteiras lingüísticas. A toponimia adoita ser moito máis conservadora cá fala e tende a resistir esa tendencia (Navaza 2002: 138).

As formas minoritarias tenden xeralmente a substituírse na fala por outras máis comúns, substitución que non sempre se produce na toponimia, que adoita ser, neste sentido, máis conservadora. Podemos ilustrar isto retomando o exemplo

anterior: os topónimos correspondentes ás formas minoritarias, *Chao*, *Mazaira* e *Mó*, poden atoparse hoxe en zonas onde a variante maioritaria (*chan*, *maceira* e *moa*) substituíu xa á minoritaria na lingua común. Deste xeito, desde a perspectiva diacrónica a toponimia pode dar conta de mapas dialectais pasados, ofrecernos información sobre estadios anteriores da lingua e darnos pistas sobre como se produciron os cambios e en que sentido se moveron as isoglosas que delimitan un determinado fenómeno dialectal. Desde un enfoque sincrónico, cruzando os datos da toponimia cos da lingua común, podemos descubrir en que sentido está actuando o cambio e prognosticar futuros movementos das isoglosas.

Algúns traballos nos que xa se tiveron en conta estas consideracións e que evidencian que estes presupostos son acertados son os de Gonzalo Navaza e Rosario Álvarez. O primeiro deles, no artigo titulado «Toponimia e dialectoloxía» (2002), analiza de modo xeral como diversos fenómenos fonéticos, morfolóxicos e léxicos de distribución dialectal se reflicten na toponimia. Tamén na súa obra *Fitotoponimia galega* (2006), Navaza non se limita a citar as diferentes variantes dun mesmo topónimo senón que as localiza cartograficamente e proba que efectivamente se trata de variantes con distribución espacial. Pola súa banda, Rosario Álvarez no artigo que leva por título «*Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro*. Algúns procesos de cambio lingüístico testemuñados en apuntamentos onomásticos de Martín Sarmiento» (2007) estuda os topónimos citados no título do artigo baseándose fundamentalmente en tres fontes: a xeografía lingüística (*ALGa*), a toponimia actual (NG) e os apuntamentos onomásticos do Padre Sarmiento, datados no século XVIII, nos cales se poden atopar formas toponímicas que non coinciden coas actuais. A partir do cruzamento dos datos das tres fontes, a investigadora extrae interesantes conclusións sobre a evolución diacrónica dos fenómenos dialectais que afectan aos citados topónimos. Na mesma liña atopamos tamén o traballo de Ana Boullón (2002) titulado «Onomástica e dialectoloxía: a propósito de *raposo* e *golpe*», onde a autora cruza datos (actuais e medievais) do léxico común, da toponimia e da antroponimia e obtén interesantes informacións sobre o movemento diacrónico das isoglosas que delimitan a área das variantes léxicas *raposo* ~ *golpe*, ao tempo que constata a desaparición na lingua viva doutras variantes minoritarias coma *golpello*, que se conservan coma reliquias na onomástica.

1.1.3. *A dialectoloxía como disciplina auxiliar da toponimia*

Non soamente a dialectoloxía se pode servir da toponimia para reconstruír situacións dialectais pasadas; a relación pode darse á inversa e ser a toponimia a disci-

plina complementada mediante os estudos de xeografía lingüística. Neste sentido, a dialectoloxía pode contribuír a corroborar ou invalidar hipóteses etimolóxicas sobre a orixe dos topónimos. Este método é empregado en *Fitotoponimia galega* (2006) por Navaza, a quen o trazado das isoglosas toponímicas lle permite en varios casos ratificar ou desbotar hipóteses etimolóxicas. Un exemplo do citado autor é o seguinte: o trazado da isoglosa que separa as variantes *-aira/o* e *-eira/o* lévao a invalidar a posibilidade de que o topónimo *Os Veleiros* teña a mesma orixe que *Abeleiras*, *Abelairas*... (<lat. ABELLANARIAS), xa que se atopa na zona onde estes topónimos presentan a terminación *-aira/o*. Tamén Rosario Álvarez no seu traballo «Topónimos en *-edo* e *-ido*» (2002) se apoia na distribución xeográfica dos fenómenos metafonéticos para cuestionar a hipótese de que topónimos coma *Carballedo* / *Carballido* sexan, tal e como tradicionalmente se pensou, formas retrotraíbles a un mesmo étimo (<CARBALLĒTU) afectado por metafonía, na secuencia encadeada [ɛ]...[o] > [e]... [o], logo [e]...[o] > [i]...[o]:

En contra de lo que ocorre con las palabras con metafonía, la distribución actual de las formas en *-edo* / *-ido* no es diatópica [...]. a) Hay formas en *-ido* diseminadas por la práctica totalidad del territorio [...]. b) Los topónimos en *-edo* e *-ido* no se encuentran en espacios diferenciados, formando dos áreas compactas separadas por una isoglosa (como *sògro*, *mèdo*, *nòvo*, *cadèlo*... al W y *sògro*, *mèdo*, *nòvo*, *cadèlo*... al E). Hay formas en *-edo* -mucho más abundantes- en toda el área de *-ido*, y en algunos lugares conviven las dos formas en las proximidades (R. Álvarez 2002: 94).

1.2. Os topónimos rematados en *-oa*, *-oá*, *-úa* e *-uá*

Tomando como punto de partida os presupostos teóricos sobre os vínculos entre a toponimia e a xeografía lingüística indicados na epígrafe anterior, decidimos estudar no noso traballo unha serie de topónimos galegos adoptando ese enfoque interdisciplinar. Trataremos, como xa foi sinalado, os topónimos rematados en *-oa* / *-oá* / *-úa* / *-uá*. A escolla destas terminacións está motivada pola constatación da existencia de variables toponímicas coma as seguintes:

- *Ferreiroa* / *Ferreiroá* / *Ferreirúa* / *Ferreirúas*
- *Paraxúa* / *Paraxuá*
- *Lagoa* / *Lagúa*
- *Lamaboa* / *Lamabúa*
- *Casoa* / *Casúa*

1.2.1. *Obxectivos*

Os obxectivos que nos marcamos ao iniciarmos este traballo sobre os topónimos rematados en *-oa* / *-oá* / *-úa* / *-uá*, son os seguintes:

1. Clasificar os topónimos atendendo á súa orixe etimolóxica e comprobar en que casos se observa variación e en que casos non.
2. Comprobar, no caso dos topónimos nos que se rexistra variación na súa terminación, se esta variación se presenta ou non en distribución diatópica.
3. No caso de se presentaren distribuídos diatopicamente, contrastar os datos que ofrece a toponimia cos que ofrece o léxico común, observando se é a mesma ou se, pola contra, podería considerarse a distribución dos topónimos coma a fotografía dunha situación dialectal xa superada na lingua común.
4. Cuestionar ou referendar hipóteses sobre a etimoloxía de topónimos de orixe dubidosa desde a xeografía lingüística.
5. Elaborar hipóteses etimolóxicas partindo da xeografía lingüística.

1.2.2. *Obtención dos datos*

Para atinxirmos os obxectivos anteriores, comezamos o noso estudo creando un corpus toponímico de nomes rematados en *-oa*, *-oá*, *-úa*, *-uá* (e plurais) sobre o que poder traballar. A principal fonte de datos empregada foi o *Nomenclátor de Galicia* (de agora en diante, NG), que permite recuperar de xeito doado os datos da toponimia maior de Galicia, isto é, os nomes das entidades de poboación galegas. Elaborado pola Comisión de Toponimia e oficializado pola Xunta de Galicia no 2004, o NG recolle un total de 41409 formas toponímicas diferentes (Xunta de Galicia 2005: 33). A posibilidade que esta ferramenta ofrece para facer buscas de topónimos partindo soamente dalgún dos seus caracteres facilitounos en gran medida o noso traballo xa que nos permitiu descargar sen complicación a listaxe completa de todos os topónimos maiores oficiais rematados en cada unha das terminacións obxecto do noso interese.

Para a consecución dos nosos obxectivos neste traballo e, en xeral, para estudar a variación dialectal na toponimia, resúltanos propicio o criterio adoptado pola Comisión de Toponimia de non uniformar os nomes de lugar conforme á normativa ortográfica e morfolóxica e conservar como oficiais as formas diatópicas propias de cada área:

Como criterio xeral, respectouse o uso vivo actual na variante dialectal de cada lugar. Isto quere dicir que non se regularizaron os nomes para adaptalos ás escollas da normativa ortográfica e morfolóxica. Así, poden aparecer segundo as áreas, *Laxe* ou *Laxa*; *As Meáns* ou *As Meás*; *Gándara* ou *Gandra*, ou *Granda*; *A Gandariña* ou *A Grandiña*; *Brea* ou *Verea*; *Os Nabás* ou *Os Nabais*; *Vilameán* ou *Vilameá*; *Sabarís* ou *Sabariz*, *Baldarís* ou *Baldariz*, *A Cal* ou *O Cal*; *Chan*, *Chao* ou *Chá*; *Ramirás* ou *Ramirás*; *O Pacio* ou *O Pazo*; *Corredoira* ou *Corredoura*; *Catadoiro* ou *Cataduiro*; *Agua Levada*, *Agualevada*, *Augalevada*; *Agualada*, *Augalada*, *Agolada*, etc. (Xunta de Galicia [Comisión de Toponimia] 2005: 30).

Os datos do NG foron completados para as zonas galegófonas exteriores ás fronteiras administrativas de Galicia con datos do *Nomenclátor de Asturias* (zona do Eo-Navia) e do *Nomenclátor de Castilla-León* (zona do Bierzo occidental). Neste punto atopámonos coa primeira complicación no noso traballo: o problemático nome oficial dos lugares destas áreas. Tal e como sinala Henrique Costas:

Ao contrario da Galicia administrativa, onde desde 1983 a toponimia ten como forma única a galega (*Lei de Normalización Lingüística*, art. 10), nos territorios de lingua e cultura galegas arraianas polo leste asistimos, por parte da maioría da oficialidade, a uns usos toponímicos absolutamente deturpadores e aberrantes, herdeiros do máis escuro e ignorante centralismo (H. Costas 2009: 6).

Tratando de resolver este problema, para a toponimia das zonas galegófonas exteriores decidimos recorrer tamén a repertorios toponímicos nos que se recollen os nomes de lugares coa súa forma galega. Lamentablemente, soamente atopamos un repertorio destas características que inclúe a toponimia (maior e menor) da Asturias galegófona: o *Repertorio toponímico e xentilicio da Terra Eo-Navia* (de agora en diante RTEN) realizado por Carlos Varela Aenlle. Os topónimos que ao longo do noso traballo son sinalados con (R) están recollidos do RTEN.

O NG, para a toponimia de Galicia, e o RTEN, para a toponimia do Eo-Navia, foron as principais fontes de obtención de datos para a elaboración do noso corpus. Contamos tamén, como se indicou, cos nomenclátors oficiais de Castilla-León (de onde soamente extraemos o topónimo *Balboa*) e de Asturias (de onde extraemos tan só *Castañeirúa* e *A Lagúa*). Finalmente, nalgún punto do noso traballo (tal e como será debidamente indicado), tamén se tiveron en conta topónimos menores ou microtopónimos, isto é, nomes que identifican zonas non habitadas (leiras, penas, camiños...). A microtoponimia incluída foi recollida da base de datos do *Proxecto Toponimia de Galicia* ou do RTEN.

Doutra banda, ademais das catro terminacións *-oa* / *-oá* / *-úa* / *-uá*, o noso corpus tivo que ser completado en diferentes momentos con outras terminacións

en correspondencia con estas. O caso máis significativo é o de topónimos rematados en *-ó* coma *Pereiró, Mos...* en correlación con outros incluídos no noso corpus coma *Pereiroa, Moa*, etc. Estas inclusións concretas doutras terminacións tamén serán debidamente advertidas ao longo do traballo.

1.2.3. Clasificación dos datos

Os topónimos estudados foron clasificados atendendo á súa orixe etimolóxica. Esta clasificación está motivada, loxicamente, polo obxectivo que perseguimos. Ao pretender estudar a variación na terminación destes topónimos non tería sentido, por exemplo, unha clasificación en campos semánticos. Así pois, o que fixemos foi clasificalos considerando o étimo do que derivan, xa que soamente así podemos saber se estamos perante variantes dunha mesma forma toponímica ou ante formas diferentes. As terminacións *-oa*, *-oá* e *-úa* de *Ferreiroa, Ferreiroá* e *Ferreirúa* teñen a súa orixe na terminación latina *-ŏLA*. A terminación *-úa* de *Rúa* ten a súa orixe na terminación latina *-ŭGA*. No primeiro caso estamos ante variantes dunha mesma terminación, no segundo, ante unha terminación diferente.

1.2.4. Estructura do traballo

Partindo da clasificación dos topónimos estudados, estruturamos o noso traballo nos seguintes capítulos:

- Topónimos procedentes dunha forma rematada en *-ŏNA* (capítulo 2)
- Topónimos procedentes dunha forma rematada en *-ŏNA* (capítulo 3)
- Topónimos procedentes dunha forma rematada en *-ŏLA* (capítulo 4)
- Topónimos procedentes dunha forma rematada en *-ŏLA* (capítulo 5)
- Topónimos de procedencias diversas nos que non se rexistra variación dialectal (capítulo 6)
- Topónimos de procedencia dubidosa (capítulo 7)

Nos capítulos 2, 3, 4 e 5 seguimos sempre o mesmo esquema:

1. Sinalamos a orixe etimolóxica dos topónimos incluídos en cada grupo.
2. Localizamos xeograficamente os topónimos, indicando se existe ou non distribución dialectal.

3. Comparamos os datos que a toponimia nos ofrece cos que se poden observar na lingua común, fundamentalmente a través de datos extraídos do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*.

No capítulo 6 estudamos topónimos rematados en *-oa(s)*, *-oá(s)*, *-úa(s)*, *-uá(s)* de procedencias diferentes ás estudadas nos anteriores capítulos, en cuxas terminacións non se rexistra variación, co cal, soamente sinalamos a súa orixe etimolóxica. Finalmente, no capítulo 7 partimos do traballo dialectolóxico feito nos capítulos anteriores para resolver algúns problemas sobre a orixe de certos topónimos. Dunha banda, cuestionamos algunhas hipóteses etimolóxicas previas a partir dos datos que a xeografía lingüística nos fornece e, doutra, ofrecemos as nosas propias hipóteses etimolóxicas para un pequeno monllo de topónimos partindo da información diatópica.

En definitiva, o noso traballo pretende ser un estudo interdisciplinar no que se combinen os obxectos de estudo, os coñecementos e as ferramentas de dúas disciplinas diferentes: a dialectoloxía e a toponimia. Cremos que situándonos neste campo interdisciplinar chegaremos a coñecer interesantes informacións ás que, de non ter en conta unha das dúas disciplinas, non poderíamos chegar. Así, consideramos que no noso estudo a toponimia poderá achegar importantes datos á dialectoloxía, informando de situacións diatópicas xa pasadas, de cambios nas isoglosas, etc (Capítulos 2-5). Doutra banda, cremos que a dialectoloxía tamén pode axudar á toponimia: a distribución diatópica dos topónimos estudados pode ser útil como medio para ratificar ou invalidar hipóteses etimolóxicas (Capítulo 7).

2. Topónimos procedentes dunha forma rematada en -ŎNA

Estudaremos neste capítulo do noso traballo os topónimos cuxa terminación actual resulta do esvaecemento e caída da consoante nasal alveolar intervocálica en formas coa terminación -ŎNA. Aínda é cedo para tirar as nosas primeiras conclusións, mais podemos adiantar que case o total das formas aquí incluídas presentan a terminación en *-oa*, o cal nos fai sospeitar que a variación *-oa / -oá / -úa / -uá* apenas afecta a este primeiro grupo de topónimos, todos eles nomes compostos que teñen como segundo elemento constituínte o adxectivo feminino singular *boa* procedente do latín *BŎNA* (*BŎNUS*, -A, -UM ‘bo’). Na maioría dos casos o adxectivo determina a un substantivo co que concorda en xénero e número e que adoita designar ademais elementos da natureza (*agra, bouza, fonte, insua, lama, pena, presa...*). Deste xeito, a motivación destes nomes é, alomenos aparentemente, case sempre transparente: estes topónimos designarían en orixe unha agra, unha bouza, unha fonte... que, por un motivo ou por outro, presentarían calidades consideradas positivas.

2.1. Orixe etimolóxica

- **Agra Boa** (< AGRA [→AGRU] BŎNA)

O topónimo *A Agra Boa* resulta da xustaposición do adxectivo *boa* ao substantivo feminino *agra*, vivo no galego común e creado a partir de *agro* (<AGRU), forma masculina coa que mantén unha oposición de carácter dimensional.

- *Agra Boa*, *A* (lug.), Abelleira, Muros, A Coruña

- **Altiboa** (< ALTA BŎNA)

A diferenza do resto de topónimos estudados neste punto, en (*A*) *Altiboa* non se unen un substantivo e un adxectivo, senón dous adxectivos: *alta* (< ALTA), probablemente en alusión a un lugar elevado, e *boa*.

- *Altiboa* (lug.), Artes, Carballo, A Coruña

- *Altiboa*, *A* (lug.), Entrecruces, Carballo, A Coruña

- *Altiboa* (lug.), Andoio, Tordoia, A Coruña

- **Bouzaboa** (< BALTĚA? BŎNA)

(A) *Bouzaboa* resulta da aglutinación do adxectivo *boa* e o substantivo *bouza*, que designa un ‘terreo inculto poboado de mato, como toxos, xestas, uces etc.’ (DRAG: *bouza*). No tocante á etimoloxía de *bouza*, remitimos aos traballos de Piel (1989: 84) e de Navaza (2006: 94) onde achamos sintetizadas as diversas hipóteses formuladas sobre a orixe deste substantivo. Unha das posibilidades é retrotraer *bouza* ao adxectivo latino BALTĚA ‘o que cingue’.

- *Bouzaboa* (lug.), Loentia, Castro de Rei, Lugo
- *Bouzaboa, A* (lug.), Trasmonte, Friol, Lugo
- *Bouzaboa* (lug.), Valeixe, A Cañiza, Pontevedra
- *Bouzaboa de Abaixo, A* (lug.), Trasmonte, Friol, Lugo

- **Fillaboa** (< FĪLĪA BŎNA)

Neste topónimo, *boa* determina ao substantivo *filla*. Aínda que o étimo dos seus constituíntes parece estar claro, a súa motivación non resulta tan transparente coma nos topónimos onde *boa* cualifica elementos naturais. Nese sentido podemos vincular este *Fillaboa* co topónimo *Mullerboa* que tratamos unhas liñas máis abaixo. Quizais fosen así chamados en orixe os terreos deixados a unha *boa filla*, hipótese que parece apoiar o topónimo composto *A Quinta de Fillaboa*, significando o apelativo *quinta* ‘propiedade rural composta de casa e terreo de labranza ao redor’ (DRAG: *quinta*).

- *Fillaboa* (lug.), Salvaterra, Salvaterra de Miño, Pontevedra
- *A Quinta de Fillaboa* (lug.), Salvaterra, Salvaterra de Miño, Pontevedra
- *A Quinta de Fillaboa* (lug.), Salvaterra, Salvaterra de Miño, Pontevedra

- **Fonte Boa, Fonteboa** (< FŎNTE BŎNA)

Seguindo a Cabeza Quiles (2008: 280), «a unha fonte boa ou de auga boa refírese *Fonteboa* ou *Fonte Boa*, nome de moitos lugares de Galicia que tiveron ou terán cadansúa fonte boa».

- *Fonte Boa* (lug.), Soñeiro, Sada, A Coruña
- *Fonteboa* (lug.), O Alto, O Corgo, Lugo
- *Fonteboa* (lug.), Zanfoga, Pedrafita do Cebreiro, Lugo
- *Fonteboa* (lug.), Vilameñe, Taboada, Lugo
- *Fonteboa* (lug.), Cazás, Xermade, Lugo
- *Fonteboa* (lug.), Amarante, Maside, Ourense
- *Fonteboa* (lug.), San Xurxo de Veá, A Estrada, Pontevedra
- *Fonteboa* (lug.), Silleda, Silleda, Pontevedra

- **Insuaboa** (< ĪNSŪLA BŌNA)

No topónimo *Insuaboa* o adxectivo determina o substantivo *insua*, que procede do latín ĪNSŪLA e que pode presentar diversas acepcións: ‘isla’, ‘islote, pedazo de terreno con o sin arbolado, que queda en el centro de los ríos rodeado por las aguas’, ‘prado pequeno, en medio de un río o en sus orillas’ (DdD: *insua*).

- *Insuaboa* (lug.), Soandres, A Laracha, A Coruña

- **Lamaboa, Lama Boa / Llamabúa** (< LAMA? BŌNA)

O substantivo *lama* presenta, ademais do seu significado máis común de ‘masa branda que se forma ao mesturarse terra, area, follas etc., con auga’ (DRAG: *lama*), outras acepcións menos usuais, coma a recollida por E. Rivas en Medeiros e Sarrereus (Ourense): ‘terreo baldío, comunal, con pastos para el ganado del vecindario; a veces se arrienda a un particular’ (DdD: *lama*). Piel (1989: 87) tamén lle atribúe a *lama* o significado de terreo: «De la acepción primitiva ‘terreno bajo pantanoso’ se ha desarrollado la de ‘pradera húmeda en verano’». Nestes significados secundarios de *lama* debe estar, tal e como ten sinalado Cabeza Quiles (2008: 342), a orixe de *Lamaboa*: «En canto ao numeroso topónimo *Lamaboa* [...] fálanos dunha lama considerada boa por converterse en vizoso e produtivo pasteiro polo verán, o que non sucedería cun lugar chamado *Lamamá* [...], quizais demasiado húmido e enchoupado». Son varias as hipóteses que se teñen formulado en torno á orixe etimolóxica de *lama*: Menéndez Pidal (1968: 100, 101) sinala que se trata dunha forma ambro-iliria; Santamarina (2005: 13) considéraa coma «unha reliquia» do estrato indoeuropeo precéltico; Corominas (DCECH, III, 564) retrotráea ao latín LAMA ‘lodo, charco’.

- *Lamaboa* (lug.), San Xoán do Campo, Lugo, Lugo
- *Lama Boa* (lug.), Vilar de Donas, Palas de Rei, Lugo
- *Lamaboa* (lug.), Xove, Xove, Lugo
- *Lamaboa* (lug.), O Pao, Gomesende, Ourense
- *Llamabúa* (lug.), Villanova, Navia, Asturias (R)

- **Mullerboa** (< MŪLĪĒRE BŌNA)

Ao igual que ocorría co topónimo *Fillaboa* ao que nos referimos unhas liñas máis arriba, establecer o étimo de *Mullerboa* non presenta dificultades, pero si resulta máis difícil coñecer cal foi a motivación que levou a chamarlle así a este lugar de Campo Lameiro (Pontevedra). Podemos pensar nunha orixe baseada no significado literal, designando *Mullerboa* o lugar onde vivía unha boa muller; outra idea é que no nomeamento do lugar interviñeran a ironía e a retransa.

- *Mullerboa* (lug.), Fragas, Campo Lameiro, Pontevedra

- **Paraboa** (< PĚTRA BŎNA)

A forma *para-* (presente tamén noutros topónimos coma *Parafita* ou *Paravedra*) procede do latín PĚTRA. Na súa evolución produciuse a simplificación do grupo *-dr-* (Ferreiro 1999: 149) e a asimilación da vogal anterior media aberta inicial á central aberta da seguinte sílaba. Cabeza Quiles (2008: 465) ofrece unha posible explicación sobre o significado orixinario deste topónimo: «Paraboa [...] pode facer alusión a unha gran pedra ou rocha inexpugnable, considerada boa polas súas favorables condicións para a defensa e/ou por ser un lugar moi difícil de tomar polas armas. Pedra que invitaría a construír un castelo ou fortaleza sobre ela; pasando a adquirir a palabra *pedra* [...] neste contexto concreto e noutros similares, o valor semántico de ‘fortaleza’».

- *Paraboa* (lug.), Chaín, Gondomar, Pontevedra

- **Penaboa** (< PĪNNA BŎNA)

No topónimo (*A*) *Penaboa*, de significado semellante ao anterior *Paraboa*, o adxectivo *boa* xustaponse ao substantivo *pena* ‘pedra de gran tamaño que sobresaia na terra ou no mar de forma natural’ (DRAG: *pena*), que aquí retrotraemos ao latín PĪNNA, aínda que entre os estudosos se barallen outras posibles etimoloxías, tal e como indican E. Rivas (1982: 97, 98) ou Martínez Lema (2010: 268, 269).

- *Penaboa* (lug.), Furco, Carballedo, Lugo

- *Penaboa, A* (lug.), Ronfe, Láncara, Lugo

- **Pereiraboa** (< PĪRARĪA BŎNA)

No topónimo *Pereiraboa*, o adxectivo *boa* modifica ao fitónimo *pereira*, procedente da forma latina (ARBŎRE) PĪRARĪA, que deriva á súa vez de PĪRA ‘pera’.

- *Pereiraboa* (lug.), San Vicente de Paradela, Paradela, Lugo

- *Pereiraboa* (lug.), Xuances, Xove, Lugo

- **Presa Boa** (< *PRĒNSA BŎNA)

O substantivo *presa* (‘construción feita nunha corrente de auga, consistente nun muro que detén a auga para acumulala’ [DRAG: *presa*]) provén, seguindo a Marqués Valea (2004: 168), do latín (ĀQUAM) *PRĒNSAM, de PRĒNSUS -A, -UM, participio de perfecto de PRĒNDERE ‘tomar, apreixar’.

- *Presa Boa* (lug.), Adelán, Alfoz, Lugo

- **Puilla Boa** (< ¿? BŌNA)

Neste topónimo o adxectivo *boa* determina unha forma para nós descoñecida. A única referencia que atopamos é a de Torres del Río (2000: 34), quen sinala que *Puilla* pode designar unha ‘pedra branca’ ou estar vinculada ao traballo téxtil, relacionando esta forma co verbo *puír* ‘alisar, pulir, suavizar el hilo cuando se devana’ (DdD: *puír*).

- *Puilla Boa* (lug.), Nebra, Porto do Son, A Coruña

- **Silvaboa** (< SĪLVA BŌNA)

O substantivo *silva* (‘arbusto silvestre da familia das rosáceas (*Rubus fruticosus*), cos talos cubertos de espiñas, follas pinnadas e flores solitarias brancas ou rosáceas, que ten como froito a amora e adoita nacer nas beiras dos camiños e en terreos abandonados’ [DRAG: *silva*]) procede do latín *SĪLVA* ‘selva, bosque’. Corominas explica o cambio semántico que sufriu o vocábulo en consonancia coa particular evolución fonética de ĩ (que debería dar [e]): «SĪLVA debe de corresponder a un estrato popular, con evolución especial de ĩ u outra perturbación fonética, en vista de la original evolución semántica hacia la idea de ‘zarza’ que sufrió el vocablo en el Occidente ibérico» (DCECH, V, 196). Cabeza Quiles (1992: 450) considera que quizais fora o significado orixinario de ‘bosque’ o que motivara o topónimo *Silvaboa*, así coma outros coma *Silvaescura*, *Silvachá*, *Silvalonga*...

- *Silvaboa* (lug.), Oseira, San Cristovo de Cea, Ourense

- **Sombraboa** (< SŪB ŪMBRA BŌNA)

No topónimo *Sombraboa*, que debeu designar en orixe un lugar apropiado para refuxiarse do sol, o adxectivo *boa* determina ao substantivo *sombra*, que procede do latín *ŪMBRA*, cun *s-* inicial non etimolóxico que se explica ou ben pola aglutinación do substantivo á preposición *SŪB* (Ferreiro 1999: 148) ou ben por analoxía con *sol* (DCECH, v, 298).

- *Sombraboa* (lug.), Randufe, Tui, Pontevedra

- **Teiraboa** (< *TARĪA BŌNA)

E. Rivas (1994: 150) sinala a posibilidade de que *Teira* proveña dun tema hidronímico de orixe sorotápica ou precéltica. Pola súa banda, E. Bascuas (2006: 263), seguido logo por Martínez Lema (2007), é máis concreto e propón para *Teira* (topónimo que dá nome a un lugar de Corrubedo, Ribeira, A Coruña) un étimo *TARĪA, forma alternativa da base oronímica prerromana **tara*.

- *Teiraboa* (lug.), Arzúa, Arzúa, A Coruña

- **Valboa** (< VALLE BŎNA)

No frecuente topónimo (*A*) *Valboa* o adxectivo *boa* determina ao substantivo *val*, que presenta diferentes acepcións que puideron motivar a creación destes nomes de lugar: ‘planicie o llanura de terra entre dos montes’, ‘campiña, espacio grande de terra labradía’, ‘terreno húmedo, que rezuma auga, con juncos’, ‘reunión o conxunto de moitos prados’ (DdD: *val*). A falta de concordancia de xénero entre os dous constituíntes explícase por ser *val*, hoxe de xénero masculino, un substantivo orixinariamente feminino. O cambio de xénero explícase pola influencia do substantivo contraposto *monte* (< MŎNTE) (DCECH: v, 736).

- *Balboa* (conc.), León
- *Valboa* (parr.), Monterroso, Lugo
- *Valboa* (parr.), Trabada, Lugo
- *Valboa* (lug.), Traliste, Lán cara, Lugo
- *Valboa* (lug.), Vilar de Ortelle, Pantón, Lugo
- *Valboa* (lug.), Bouzoa, Taboada, Lugo
- *Valboa* (lug.), Xurenzás, Boborás, Ourense
- *Valboa* (lug.), Lamas, Leiro, Ourense
- *Valboa* (lug.), Arnois, A Estrada, Pontevedra
- *Valboa* (lug.), A Armenteira, Meis, Pontevedra
- *Valboa, A* (lug.), Angoares, Ponteareas, Pontevedra
- *Valboa* (lug.), Merza, Vila de Cruces, Pontevedra
- *Ferreirós de Valboa* (parr.), Becerreá, Lugo
- *Ferreirós de Valboa* (lug.), Ferreirós de Valboa, Becerreá, Lugo

- **Valiña Boa** (< VALLĪNA BŎNA)

En *Valiña Boa* o substantivo *val* aparece na súa forma diminutiva. Ao igual ca no caso anterior, estamos perante un topónimo que conserva o xénero feminino orixinario de *val*.

- *Valiña Boa* (lug.), Santa Cruz do Valadouro, O Valadouro, Lugo

- **Vilaboa** (< VĪLLA BŎNA)

No frecuentísimo topónimo *Vilaboa*, o adxectivo *boa* modifica o substantivo *vila*. Sobre o significado e evolución semántica de *vila*, resulta moi clara e sintética a explicación de Navaza:

Durante os primeiros séculos da nosa era, as *VILLAE* eran explotacións agrarias que nos máis dos casos estaban compostas dunha casa principal, outras construcións secundarias, cortes para o gando e as terras de labor. Posteriormente, a partir de finais do primeiro milenio, *vila* pasou a designar pequenos núcleos de poboación como sinónimo de *lugar* ou *aldea*; desde a baixa Idade Media, unha vila xa é un núcleo que conta con certos privilexios ou que posúe certa traza urbana, e en ocasións *vila* chegou a funcionar como sinónimo de *cidade* (Navaza 2007: 71).

- *Vilaboa* (conc.), Pontevedra
- *Vilaboa* (parr.), Valdoviño, A Coruña
- *Vilaboa* (parr.), A Pontenova, Lugo
- *Vilaboa* (parr.), A Veiga, Ourense
- *Vilaboa* (parr.), Vilaboa, Pontevedra
- *Vilaboa* (lug.), Gastrar, Boqueixón, A Coruña
- *Vilaboa* (lug.), Rutis, Culleredo, A Coruña
- *Vilaboa* (lug.), Argalo, Noia, A Coruña
- *Vilaboa* (lug.), Arca, O Pino, A Coruña
- *Vilaboa* (lug.), A Pereira, Santa Comba, A Coruña
- *Vilaboa* (lug.), Grandal, Vilarmaior, A Coruña
- *Vilaboa* (lug.), Mezonzo, Vilasantar, A Coruña
- *Vilaboa* (lug.), Antas de Ulla, Antas de Ulla, Lugo
- *Vilaboa* (lug.), Tuimil, Bóveda, Lugo
- *Vilaboa* (lug.), Camporramiro, Chantada, Lugo
- *Vilaboa* (lug.), Vilaúxe, Chantada, Lugo
- *Vilaboa* (lug.), Fonteita, O Corgo, Lugo
- *Vilaboa* (lug.), Bexán ou Rubiños, Cospeito, Lugo
- *Vilaboa* (lug.), Ferroi, Guntín, Lugo
- *Vilaboa* (lug.), Vilaboa, A Pontenova, Lugo
- *Vilaboa* (lug.), Fisteus, Quiroga, Lugo
- *Vilaboa* (lug.), Allariz, Allariz, Ourense
- *Vilaboa* (lug.), Parada de Amoeiro, Amoeiro, Ourense
- *Vilaboa* (lug.), Santa Mariña de Albán, Coles, Ourense
- *Vilaboa* (lug.), A Merca, A Merca, Ourense
- *Vilaboa* (lug.), Sabadelle, O Pereiro de Aguiar, Ourense
- *Vilaboa* (lug.), Carracedo, A Peroxa, Ourense
- *Vilaboa* (lug.), Navea, A Pobra de Trives, Ourense
- *Vilaboa* (lug.), Paizás, Ramirás, Ourense
- *Vilaboa* (lug.), Rubiás, Ramirás, Ourense
- *Vilaboa* (lug.), Vilaboa, A Veiga, Ourense
- *Vilaboa* (lug.), Codeseda, A Estrada, Pontevedra
- *Vilaboa* (lug.), Ribeira, A Estrada, Pontevedra
- *Vilaboa* (lug.), Sobradelo, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra

2.2. Localización cartográfica

No Mapa 1 localizamos xeograficamente estes topónimos cuxa terminación procede dunha forma latina rematada en *-ŏNA*, todos eles, como se sinalou, compostos do adxectivo feminino *boa* (< *bŏNA*). A terminación *-oa* esténdese ao longo de todo o territorio, coa excepción dos concellos asturianos galegófonos, onde a solución rexistrada para estes topónimos é *-úa*. Cómpre sinalar que os datos da zona eonaviega (para a cal inicialmente só contabamos co topónimo *Llamabúa*) foron completados para a realización do mapa con dous orónimos: *Pena Búa* (Castropol) e *Pena Búa* (A Veiga) e co nome dun túmulo (tamén chamado *Pena Búa*, situado na Veiga), os tres recollidos do RTEN.

2.3. Comparación cos datos do léxico común

As variantes *-oa* / *-úa* (< *-ŏNA*) presentes na toponimia obsérvanse tamén na fala viva. No Mapa 2 (*ALGa* II: 28) atópanse recollidas as formas actuais do adxectivo *boa*. Os datos que aí se rexistran son congruentes cos toponímicos: a solución *-oa* espállase por todo o territorio agás na rede de puntos asturianos, onde se recolle soamente *búa* en Boal e Vilanova de Ozcos, *boa* e *búa* en Tapia e Pezós e soamente *boa* en Ibias.

Xoán Babarro (2003: 94, 95), ao falar da evolución do *-N-* intervocálico latino no galego de Asturias, fai referencia á terminación *-úa* como fenómeno colateral da caída desta consoante. O autor indica que «nas parroquias de Astierna (Ibias) e Trabado (Degaña), a caída do *-N-* afecta fundamentalmente á morfoloxía», e cita logo unha serie de casos por el rexistrados, entre os que se atopa a «terminación *-úa*: *búa*, *lambiúa*, *casúa*, etc.».

A solución *-úa* que se observa na toponimia e mais no galego común dos concellos asturianos galegófonos pode explicarse desde a gramática histórica coma o resultado da disimilación das dúas vogais que, logo do esvaecemento e caída do *-N-* intervocálico, forman hiato: *bŏNA* > [ˈbŏa] > [ˈboa] > [ˈbua]. Esta solución disimilada triunfaría soamente na zona asturiana, mentres que no resto do territorio galegófono se mantería a forma sen disimilación.

Da comparativa dos datos toponímicos cos datos da fala viva podemos intuír un retroceso da forma minoritaria *búa* fronte á maioritaria *boa* na zona asturiana galegófona: mentres na toponimia soamente se rexistra *-úa* (*Llamabúa*, *Pena Búa* 3), no léxico común, segundo os datos aos que chegamos a través do *ALGa* e

de Babarro (2003), tanto se di *boa* coma *búa*. No Mapa 1 (Topónimos procedentes de -ŏNA) sería doado trazar unha isoglosa que coincidiría aproximadamente coa fronteira administrativa que divide Galicia e Asturias, deixando á esquerda os topónimos en *-oa* e á dereita os nomes en *-úa*. Pola contra, no Mapa 2 (BŏNA > *boa* no léxico común) o trazado desa isoglosa sería máis complicado xa que *boa* ~ *búa* non presentan na zona asturiana unha distribución xeográfica clara. Desde o noso punto de vista, isto pode ser un indicio de que na fala viva pode estar producíndose a substitución da variante minoritaria *búa* pola maioritaria *boa*. Con todo, falamos soamente de conxecturas, pois consideramos que non dispoñemos de datos suficientes para poder chegar a unha conclusión ben asentada. Tal e como xa se indicou arriba, Babarro (2003: 94, 95) soamente sinala que a mudanza *boa* > *búa* afecta á fala das parroquias de Astierna e Trabado, sen indicar logo se se dá ou non en máis puntos do Eo-Navia. Doutra banda, os concellos nos que se recolle *búa* na toponimia (Navia, Castropol e A Veiga), ou ben non forman parte da rede de puntos do *ALGa* (caso de Navia e Castropol) ou ben, no caso da Veiga, non ofrecen datos relativos a esta cuestión. Así pois, ao carecermos de datos fiables sobre o uso común da variable *boa* ~ *búa* nesas tres localidades non estamos en posición de poder concluír con firmeza que se estea a producir na zona eonaviega a substitución da variante minoritaria *búa* por *boa*.

3. Topónimos procedentes dunha forma rematada en -ŌNA

Ao igual que fixemos no capítulo anterior, comezaremos indicando a orixe etimolóxica dos nomes aquí clasificados para logo localizalos cartograficamente e comparar os datos e a súa interpretación cos que nos ofrece o léxico común.

3.1. Orixe etimolóxica

- **Ambroa** (< AMBRŌNA < AMBERŌNAM)

Menéndez Pidal (1968: 88, 89) considerou o topónimo *Ambroa* coma o recordo do paso do pobo ambrón ou lígur pola Península Ibérica, paso que, seguindo ao mesmo autor, deixou outros nomes de lugar coma *Ambrona* (en Soria e Cáceres), *Hambrón* (en Salamanca) e *Ambrões* (en Portugal). Esta hipótese é subscrita por outros autores como Cabeza Quiles (1992: 32), de quen tomamos ademais as formas *Ambrona* (rexistrada nun documento de 1122) e *Amberonam* (rexistrada no ano 955).

- *Ambroa* (parr.), Irixoa, A Coruña
- *Ambroa* (lug.), Cabovilaño, A Laracha, A Coruña
- *Ambroa* (lug.), Andoio, Tordoia, A Coruña
- *Fonte de Ambroa, A* (lug.), Ambroa, Irixoa, A Coruña

- **Amproa** (< *ĪMPRŌNA)

Seguindo a Piel (1953: 33), «*Emproa* [topónimo rexistrado en Portugal] e *Amproa* representan certamente um antigo neutro do plural *ĪMPRŌNA, com valor colectivo, e devem designar localidades situadas no meio de uma encosta».

- *Amproa* (lug.), Santa Comba de Bértola, Vilaboa, Pontevedra
- *Amproa, A* (lug.), Bamio, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra

- **Camboa, Comboa** (< *CO[O/A]MBŌNA)

No léxico común a voz *camboa* presenta o significado de ‘lagoa pequena que se forma no litoral mariño ao subir a marea’ (GDXL: *camboa*). No DdD defínense *camboa* mais as súas variantes *comboa* e *gamboa* coma unha técnica de pesca

tradicional. Así nola describe Eladio Rodríguez: «La comboa está generalmente cercada con muro, vallado o seto y una puerta de madera, la cual se cierra en la pleamar para que en el reflujó queden allí los peces que hubieran penetrado» (DdD: *comboa*). Con este significado relaciona Cabeza Quiles (1992: 99) a orixe dos topónimos *A Camboa* e *Comboa* que, seguindo ao estudioso, «sinalan a antiga existencia de camboas ou gamboas, pequenas enseadas artificiais para coller peixes». En canto á orixe destas formas, considérase que se remontan á raíz céltica **camb-* ‘curvo’, presente tamén noutras voces comúns coma *camba*, *cambo*, *campado*, *comba*, *cambela*... (E. Rivas 1982: 41, Cabeza Quiles 1992: 99). En canto á terminación, retrotraemos *Camboa* e *Comboa* a **COMBŌNA* por ser esta a forma coa que se atopa nun documento medieval do 912: «Sancto Christoforo qui uocatur Alobre cum omnibus suis bonis, cum suo stario integro et *combonas* integras que sunt inter ambas ipsas ecclesias et intus in passales in toto circuitum de ipsas ecclesias, sicuti intrans in mare» (CODOLGA).

- *Camboa, A* (lug.), Lourizán, Pontevedra, Pontevedra
- *Comboa* (lug.), Soutomaior, Soutomaior, Pontevedra

• **Coroas e Croa, Croas** (< *CORŌNA*[s])

Coroa e *Croa(s)* proceden do latín *CORŌNA*(s) ‘coroa’, a segunda forma con síncope da vogal átona pretónica. No léxico común, amais do seu significado orixinario, *coroa* presenta tamén as acepcións de ‘aquilo que envolve e constitúe a parte superior’, ‘pico ou rocha que sobresa e no cume dunha montaña’ ou ‘parte máis alta dun castro’ (GDXL: *coroa*). Este último significado é o que os dicionarios recollen tamén para a variante fónica *croa*. Cabeza Quiles (1992: 125) considera que é esta última acepción do substantivo a que motivou a creación dos topónimos. Pola súa banda, Marqués Valea (2004: 557) sinala que estes nomes tamén puideron estar motivados pola altura do lugar designado (‘parte superior’); así, refírese a diferentes *Coroas* e *Croas* do concello de Trabada (Lugo) que considera «nomes de lugar transparentes, cunha relación harmónica entre a denominación e o lugar descrito, un sitio elevado».

- *Coroas, As* (lug.), Reigosa, A Pastoriza, Lugo
- *Croa, A* (lug.), Dorneda, Oleiros, A Coruña
- *Croa, A* (lug.), O Ézaro, Dumbría, A Coruña
- *Croa, A* (lug.), A Graña de Vilarente, Abadín, Lugo
- *Croa, A* (lug.), San Simón da Costa, Vilalba, Lugo
- *Coroas, As* (lug.), Mera de Abaixo, Ortigueira, A Coruña
- *Croas, As* (lug.), Figueirido, Vilaboa, Pontevedra

- **Falcoa** (<*FALCŌNA)

Piel (1967: 180) vincula este topónimo con outros recollidos na Península Ibérica, como os portugueses *Falcão* e *Pena Falcão*, os casteláns *La Falconera* e *Falcones*, o catalán *Falcons* e outros galegos como *A Falcoeira* (As Ribeiras do Sor, Mañón, A Coruña), considerándoos todos zootopónimos relacionados coas aves falcónidas. Neste sentido, Cabeza Quiles (1992: 497) explica tamén como zootopónimos relacionados con falcóns *Punta Falcoeiro* (próxima a Aguiño, Ribeira, A Coruña), *Illa Falcoeiro* (situada tamén en Aguiño) ou *Punta Falcoeira* (en Malpica, A Coruña). Neste sentido, o topónimo *A Falcoa* podería retrotraerse a un posible *FALCŌNA, formado sobre o latín tardío FALCO, -ŌNIS ‘falcón’ (DCECH, III, 307). Outra posibilidade é que se trate dun antrotopónimo e que a súa orixe motivacional non estea na existencia da devandita ave no lugar da Falcoa, senón no apelido *Falcón*, posuíndo entón o topónimo o significado orixinal de ‘as terras de Falcón’.

- *Falcoa, A* (lug.), Castrelos, Vigo, Pontevedra

- **Fontecarmoa** (< FŌNTE *CARMŌNA)

Moralejo Lasso (1977: 122, 123) vincula este topónimo con *Carmona* (topónimo que hoxe dá nome a dous lugares de Ortigueira, A Coruña), *Carmoniño* (nome dun lugar da parroquia de Maceira, Covelo, Pontevedra) e con *Carmoega* (nome dunha parroquia de Agolada, Pontevedra). Sobre este topónimo engade ademais que «por su fonética recuerda asimismo a *Fonte Ambroa* (...), supuesta la caída de una *n* intervocálica, y el segundo elemento pudiera haber sido un adjetivo».

- *Fontecarmoa* (lug.), Fontecarmoa, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra

- *Fontecarmoa* (parr.), Vilagarcía de Arousa, Pontevedra

3.2. Localización cartográfica

No Mapa 3 localizamos xeograficamente os topónimos procedentes dunha forma rematada en -ōNA. Estes topónimos presentan todos unha terminación -*oa* e atópanse dispersos en varios puntos da provincia da Coruña e norte de Lugo e en dúas zonas compactas da costa pontevedresa.

Tendo en conta os resultados que observamos no capítulo anterior para os topónimos procedentes de -ōNA, decidimos incluír tamén neste mapa algúns microtopónimos da zona galegófono asturiana para comprobar se tamén para a terminación -ōNA se rexistraba nesta área a solución -*úa*. Os microtopónimos incluídos, todos eles tirados do RTEN, son os seguintes:

- *Coroa*, *A* (castro), Eiramola, Castropol
- *Coroa*, *A* (castro), Prendonés, El Franco
- *Coroa del Castro*, *A* (castro), Arancedo, El Franco
- *Croas de Castro*, *As* (castro), Santiso de Abres
- *Croas de Eildade*, *As* (castro), Santiso de Abres

Neste caso non rexistramos variación: ao igual ca os espallados dentro da fronteira administrativa de Galicia, os topónimos asturianos procedentes de *-ōNA* presentan tamén invariablemente a terminación *-oa*.

Cómpre aínda chamar a atención sobre o importante baleiro que pode observarse neste Mapa 3. Como xa foi indicado, estes topónimos localízanse fundamentalmente na metade norte e mais en dúas zonas da costa pontevedresa. Non parece asumible que *-ōNA* non tivese resultados na toponimia do resto do territorio co cal nos podemos preguntar que outros resultados puido ter esta terminación.

3.3. Comparación cos datos do léxico común

A terminación *-oa* como resultado de *-ōNA* é tamén a maioritaria no léxico común. No Mapa 4 deste traballo (*ALGa* III: 252) recóllense os resultados da voz prerromana **BORōNA*. A forma maioritaria ao longo de todo o territorio é ['oa], o cal resulta coherente cos datos extraídos da toponimia. Nos concellos de Avión e San Amaro (Ourense), e mais nos de Vilalba, A Fonsagrada, Cervantes e Folgoso do Courel (Lugo), atopamos tamén a solución ['ona], sen a caída da nasal intervocálica. Tamén este resultado con mantemento de *-N-* se rexistra na toponimia, como testemuñan os xa citados *Carmona* e *Carmoniño* (vid. *Fonte Carmoa*, § 3.1) e outros coma *Baiona* (Pontevedra), rexistrado xa como *Baiona* no século XIV (Rosselló i Verger 2010: 30). Finalmente, na rede de puntos asturianos e mais en dous puntos de León recóllense formas con nasal palatal (*broña*), que, tal e como se indica en nota «probablemente remonten a un derivado **BORōNEA*» (*ALGa* III: 252, n.2).

No *ALGa* II foron consultados tamén os mapas 42 (*Ladroa*), 44 (*Lambona*), 45 (*Choronas*), 46 (*Solteirona*) e 47 (*Patrón, patrona*) (cfr. os Mapas 14, 15 e 16 deste traballo). En todos eles podemos observar que en moitos dos puntos da zona asturiana galegófona a terminación para estas voces é *-úa*: *ladrúa*, *lambíúa*, *churúas*, *solteirúa*. Os datos extraídos da microtoponimia desta zona (*Coroas* e *Croas*) e estes resultados do léxico común non parecen, en principio, compatibles. Por que na toponimia atopamos a solución maioritaria en *-oa* e no léxico común se conserva a minoritaria en *-úa*?

Desde a gramática histórica a evolución desta terminación en *-úa* é explicada, igual que para *-ōNA*, por unha disimilación das dúas vogais en contacto logo da caída do *-N-* intervocálico: *-ōNA* > ['ōa] > ['oa] > ['ua]. Neste sentido, a terminación en ['oa] sería anterior á terminación en ['ua] e, polo tanto, tería sentido que a toponimia reflectise a forma máis antiga fronte ao léxico común, no que se rexistraría a forma máis evolucionada. Hai ademais un importante factor que debemos ter en conta neste punto: que a terminación dos microtopónimos aquí incluídos (*Croa*, *Coroa*) forma parte da raíz dos mesmos, mentres que a terminación de *ladrua*, *lambiúa*, *churúas*, *solteirúa* é, cando menos en orixe, sufixal. Trátase en todos os casos do sufixo aumentativo *-ón* / *-ona*, procedente da terminación latina *-ōNE*, *-A*. Tal e como podemos observar nos mapas do *ALGa* sinalados, non soamente no galego de Asturias se produce unha evolución particular deste sufixo en feminino, senón que tamén no resto do territorio se observan outras solucións que non seguen as evolucións fonéticas regulares, entre as cales a máis importante é a terminación maioritaria en *-ona* (*lambona*, *solteirona*...), na que se mantivo o *-N-* intervocálico. Ferreiro (1997: 192) explica así a particular evolución deste sufixo: «A forma xeral feminina do sufixo é *-ona*, anomalía evolutiva do punto de vista fonético, explicábel polo carácter moderno da maioría das formacións, intervindo con forza, por tanto, a analoxía».

Cómpre, polo tanto, estudar separadamente os resultados da terminación latina *-ōNA* atendendo a se esta forma parte da raíz ou é sufixo aumentativo. No primeiro caso vimos como na toponimia o resultado maioritario é *-oa(s)*, aínda que tamén fixemos referencia a algúns topónimos como *Carmona*, nos que se conservou o *-N-* intervocálico. Quitando estes poucos casos e, tal e como observamos ao localizar estes topónimos no Mapa 3, a solución xeral na toponimia é *-oa*, solución que se corresponde coa maioritaria do léxico común: *CORōNA* > *coroa*, *PERSōNA* > *persoa*, **BORōNA* > *broa*.

No caso de *-ōNA* sufixo aumentativo os resultados son diferentes, xa que é maioritaria a solución con mantemento de nasal intervocálica. Tamén observamos que na área asturiana se produce unha solución diferente con caída de *-N-* e posterior disimilación vocálica. Volveremos máis adiante (§ 4.6) sobre este resultado particular do sufixo na zona do Eo-Navia, xa que este tamén se pode observar en topónimos coma *As Casúas*, *A Barcúa*, *A Pasadúa*... Estes topónimos asturianos cuxa terminación podería proceder de *-ōNA* aumentativo non foron estudados nesta epígrafe xa que, como logo se verá (§ 4.6), a terminación *-úa* que presentan tanto pode proceder do sufixo aumentativo *-ōNA* coma do sufixo diminutivo *-ōLA*, que estudaremos no seguinte capítulo deste traballo.

4. Topónimos procedentes dunha forma rematada en -ŎLA

Estudaremos neste terceiro capítulo os topónimos cuxa terminación actual procede da terminación latina -ŎLA, logo do normal esvaecemento e desaparición da consoante lateral alveolar. Este monllo de topónimos é, como teremos ocasión de ver, o máis interesante desde o punto de vista da xeografía lingüística xa que nos permite debuxar un mapa dialectal pasado, que se correspondería cun estadio pretérito da lingua galega, e a través da comparativa dos datos dese mapa cos que os estudos actuais de dialectoloxía nos ofrecen, establecer en que sentido se foron movendo as isoglosas co devir do tempo e como as variantes maioritarias foron gañándolles terreo ás minoritarias, ata o punto, nalgúns casos, de facelas desaparecer.

4.1. Consideracións previas

Antes de centrarnos na orixe específica de cada un destes nomes apuntamos algunhas consideracións xerais que afectan a todo o grupo dos topónimos que proceden de -ŎLA.

1. En primeiro lugar, esa terminación -ŎLA que está no étimo destes topónimos é maioritariamente a forma feminina do sufixo diminutivo latino -ŎLUS, -ŎLA, -ŎLUM (variante de -ŬLUS, -A, -UM), desaparecido no galego con ese valor sufixal. Soamente nos topónimos *Moa*, *Moas* / *Moás* / *Mo*, *Mos* a terminación -ŎLA do seu étimo está integrada na raíz do mesmo.
2. Ademais das terminacións en *-oa*, *-oá*, *-úa*, tivemos tamén en conta topónimos rematados en *-ó* xa que a terminación -ŎLA latina ofrece tamén a solución dialectal [ʔ], rexistrada «nas dúas bandas da Ría de Arousa, no occidente e sur de Pontevedra e mais no suroeste de Ourense» (Fernández Rei 1990: 51). Contando de antemán con este dato decidimos incluír tamén topónimos coa devandita terminación. Por razóns de metodoloxía restrinximos a busca de topónimos rematados en *-ó* á zona sinalada por

Fernández Rei, é dicir, recollemos do NG soamente os topónimos en *-ó* pertencentes ou próximos a esas áreas. Ao non poder coñecer a través do NG o timbre da vogal final (se [o] ou se [ɔ]) e non saber con exactitude se proceden ou non de *-ōLA*, limitámonos soamente aos topónimos que presentan correspondencia con algún dos que xa tiñamos na nosa listaxe, por exemplo: *Mos* (*Moas*, *Moás*), *Eirós* (*Eiroas*, *Eiroás*)... Mesmo facendo este tipo de restricións, tentamos proceder con cautela ao traballarmos con estes topónimos en *-ó* xa que a súa terminación tamén podería retrotraerse ao sufixo diminutivo na súa forma masculina (*-ōLU*) engadido a unha base masculina coincidente coas que nós recollemos; por exemplo, o topónimo *Pereiró* (Vigo, Pontevedra), tanto podería proceder derivar dun diminutivo de *pereira* (<*PĪRARĪŌLA) coma doutro de *pereiro* (<*PĪRARĪŌLU).

3. Semanticamente un grande número dos nomes encadrados neste grupo son fitotopónimos que seguen un mesmo patrón de formación: adición do sufixo *-ōLA* a un fitónimo (*cerdeira* → *Cerdeiroa*, *pereira* → *Pereiroa*, *viña* → *Viñoa*...). Noutros casos, tamén bastante numerosos, o sufixo engádese-lle a unha base relacionada co tipo de terreo (*bouza* → *Bouzoa*, *gándara* → *Gandarooa*, *raña* → *Rañoa*...). Aínda así, inclúense topónimos neste grupo que non poderían ser encadrados en ningún dos subgrupos semánticos anteriores (*Eiroa* e *Airoa*, *Grixoa*, *Irixoa* e *Eirexúa*...).
4. Finalmente cómpre sinalar que, aínda que non foi indicado para cada caso particular, detectamos neste grupo varios casos de topónimos replicantes, formados a partir doutra voz toponímica preexistente. Exemplo disto é o topónimo *Abeleiroas*: aínda que aquí o retrotraemos a *ABELLĀNĀRĪŌLAS, resulta significativa a curta distancia que separa o lugar de *Abeleiroas*, en Corzón, Mazaricos (A Coruña), do lugar de *Abeleiras*, situado xa na parroquia veciña de Baos, tamén no concello de Mazaricos. Os dous quilómetros escasos que hai entre ambos os lugares lévanos a pensar na posibilidade de estarmos perante un topónimo replicante formado non sobre a base ABELLANĀRĪA senón a partir do *Abeleiras* veciño. Este procedemento de formación de novos topónimos puido ser o mesmo que actuou noutros nomes deste grupo coma *Olveiroa* (parroquia a escasa distancia de Olveira, Dumbría, A Coruña), *Xunqueiroá* (lugar da parroquia de Xunqueira de Ambía, Ourense), *Negreiroa* (lugar da parroquia de Negreira, A Coruña) ou *Ferreiroá* (lugar da parroquia de Eiré, en Pantón, Lugo, situado nos lindes coa parroquia de Ferreira de Pantón), nos cales é moi probable que

o sufixo -ÖLA non se engadira directamente á base léxica á que nós retrotraemos aquí estas formas toponímicas, senón a outro topónimo próximo, reflectindo así a toponimia algún tipo de relación de dependencia (Martínez Lema 2010: 516).

4.2. Orixe etimolóxica

- **Abeleiros** (< *ABELLĀNĀRĪÖLAS)

A forma toponímica *As Abeleiros* resulta da adición do sufixo diminutivo en plural á base (ARBÖRE) ABELLĀNĀRĪA ‘abeleira’, derivada á súa vez da forma latina ABELLĀNA (NUX) ‘abelá’.

- *Abeleiros*, *As* (lug.), Corzón, Mazaricos, A Coruña

- **Abelleiroá** (< *ĀPICŪLĀRĪÖLA)

Abelleiroá pode vincularse ao topónimo *Abelleira*, que Cabeza Quiles (2008: 159) retrotrae a unha forma ĀPICŪLĀRĪA (> *abelleira* ‘recipiente artificial no que viven as abellas e no que elaboran o mel e a cera; colmea, trobo; niño de abellas ou burato onde viven’, GDXL: *abelleira*), derivado abundancial de ĀPICŪLA (orixinarimente diminutivo de APIS, ‘abella’). Así, *Abelleiroá* sería a forma diminutiva correspondente a esoutro topónimo; procedería entón dunha forma *ĀPICŪLĀRĪÖLA, resultante de engadir o sufixo -ÖLA á base ĀPICŪLĀRĪA. Outra posibilidade, tamén sinalada por Cabeza Quiles (2008: 159), é que se trate dun fitotopónimo referido á ‘herba abelleira’.

- *Abelleiroá* (lug.), Castro de Rei de Lemos, Paradela, Lugo

- **Airoa / Airoá e Eiroa, Eiroas / Eiroá, Eiroás / Eiró, Eirós** (< *ĀRĒÖLA[S])

Os topónimos (*A*) *Airoa* / *Airoá* e (*A/s*) *Eiroa(s)* / *Eiroá(s)* / *Eiró(s)* vincúlanse cos substantivos *airoa* e *airoa*, ‘sitio chan, próximo á casa, feito de terra firme ou de pedra, onde se mallan os cereais, se botan a secar os legumes etc.’ (DRAG: *airoa*), procedentes da voz latina ĀRĒA ‘área, superficie; lugar chan; solar’. Así pois, estas formas toponímicas proceden dun *ĀRĒÖLA(s), derivado diminutivo de ĀRĒA. Esa é a orixe que xa Sarmiento lle atribuíu (OELG, 435) e é tamén a que recollen, entre outros, Moralejo Lasso (1977: 118, 306), A. Palacio (1981: 636), E. Rivas (1982: 272) e Cabeza Quiles (2000: 266, 2008: 21,22).

- *Airoa*, *A* (lug.), Ambroa, Irixoa, A Coruña

- *Airoa de Arriba*, *A* (lug.), Mántaras, Irixoa, A Coruña

- *Airoa do Rei*, *A* (lug.), Mántaras, Irixoa, A Coruña

- *Airoa*, *A* (lug.), A Laxe, Fornelos de Montes, Pontevedra
- *Airoá* (lug.), Erbedeiro, Carballedo, Lugo
- *Airoá* (lug.), Cereixedo, Cervantes, Lugo
- *Airoá*, *A* (lug.), Pesqueiras, Chantada, Lugo
- *Airoá*, *A* (lug.), San Vicente de Castellón, Pantón, Lugo
- *Airoá* (lug.), O Vicedo, O Vicedo, Lugo
- *Eiroa*, *A* (lug.), Sestaio, Muros, A Coruña
- *Eiroa* (lug.), Barro, Noia, A Coruña
- *Eiroa*, *A* (lug.), Niñóns, Ponteceso, A Coruña
- *Eiroas*, *As* (lug.), O Freixo, As Pontes de García Rodríguez, A Coruña
- *Eiroá*, *A* (lug.), Bres, Taramundi, Asturias (R)
- *Eiroás* (lug.), Cudeiro, Ourense, Ourense
- *Campo de Eiró* (lug.), Pereiras, Mos, Pontevedra
- *Eirós* (lug.), Mourente, Pontevedra, Pontevedra

• Ameixoa

N. Ares (1996: 611) considera *Ameixoa* un derivado diminutivo do substantivo *ameixa* ‘molusco bivalvo comestible’, de orixe controvertida (DCECH: I, 188). De tratarse dun diminutivo podería selo tamén de *ameixa*, substantivo homónimo do anterior mais co significado de ‘froita da ameixeira’, procedente do latín DAMASCĒNA (PRUNA) e con abundante presenza na toponimia (Navaza 2006: 50).

- *Ameixoa* (lug.), Vieiro, Viveiro, Lugo

• Bouzoa / Bouzoá / Bouzúa (<*BALTEŎLA)

Segundo a Navaza (2006:100), os topónimos *Bouzoa* / *Bouzoá* / *Bouzúa* constitúen un diminutivo por medio do sufixo *-ŎLA* de *bouza*, palabra de orixe incerta (vid. *Bouzaboa*, § 2.1), que comunmente designa un ‘terreo inculto poboado de mato, como toxos, xestas, uces etc.’ (DRAG: *bouza*).

- *Bouzoa* (parr.), Taboada, Lugo
- *Bouzoa* (lug.), Vilacova, Abegondo, A Coruña
- *Bouzoa* (lug.), Grandal, Vilarmaior, A Coruña
- *Bouzoa* (lug.), Bouzoa, Taboada, Lugo
- *Bouzoá* (lug.), Silva, Pol, Lugo
- *Bouzúa* (lug.), Doiras, Boal, Asturias (R)

• Cabreiroá (<*CĂPRĂRĪŎLA)

O nome de *Cabreiroá* pode poñerse en relación co topónimo *Cabreira* (< CĂPRĂRĪA → CĂPRA ‘cabra’) que probablemente tiña en orixe o significado de ‘lugar no que abundan ou que frecuentan as cabras’ (A. Palacio 1981: 376). *Cabreiroá*, formado mediante a adición do sufixo *-ŎLA*, sería en orixe diminutivo de *cabreira*.

- *Cabreiroá* (parr.), Verín, Ourense
- *Cabreiroá* (lug.), Cabreiroá, Verín, Ourense

- **Carballoa** (< *CARBALIÖLA)

O topónimo *Carballoa* é unha forma diminutiva de *carballeira*, ‘carballeiro vello de toro voluminoso’ (DRAG: *carballeira*). Responde así ao patrón dos fitotopónimos aquí estudados: nome de árbore e mais sufixo diminutivo -ÖLA. Navaza (2006: 155) ofrece como primeiro posible étimo deste nome a forma *CARBALIÖLA, aínda que non descarta que a terminación -*oa* poida proceder de -ÖNA (*CARBALIÖNA).

- *Carballoa* (lug.), Barbeito, Vilasantar, A Coruña

- **Carreiroa / Carreiroá, Carreiroás** (< *CARRÄRIÖLA[S])

Os topónimos *Carreiroa* e *Carreiroá(s)* poden retrotraerse a unha forma CARRÄRIÖLA(S), derivado diminutivo do latín tardío CÄRRÄRIA (> *carreira*, orixinalmente co sentido de ‘camiño de carro’), derivada á súa vez de CARRU ‘carro’.

- *Carreiroa* (lug.), Lanzós, Vilalba, Lugo
- *Carreiroá* (lug.), Maside, Sarria, Lugo
- *Carreiroás* (lug.), Cortapezas, Portomarín, Lugo

- **Castiñeiroa / Castañeirúa** (< *CASTANĚARIÖLA)

Os topónimos *Castiñeiroa* e *Castañeirúa* resultan da adición do sufixo diminutivo ao fitónimo *castiñeira*, que presentaba en época medieval un significado equivalente ao de *castaño* (DDGM: *castiñeira*). Seguindo a Navaza (2006: 184), o étimo de *castiñeira* está en *(ARBÖRE) CASTANĚARIA, derivado de CASTANĚA ‘castaña’, e con posterior palatalización e pechamento da vogal pretónica orixinados polo contacto coa nasal palatal. Aínda así, non sempre se produciu a palatalización; no topónimo *Castañeirúa* mantense intacta a vogal pretónica.

- *Castiñeiroa* (lug.), Maceda, Melide, A Coruña
- *Castañeirúa* (lug.), Piñeira, Castropol, Asturias

- **Cerdeiroa** (< *CERĚSARIÖLA)

O fitónimo *cerdeira*, base do topónimo diminutivo *Cerdeiroa*, provén dunha forma (ARBÖRE) CERĚSARIA que deriva á súa vez do latín tardío CERĚSIA ‘cereixa’ (CERĚSIA no latín clásico). Seguindo a Corominas e Pascual (1980), a evolución da forma latina ao galego sería a seguinte: CERĚSARIA > *cerzeira* > *cerzeira* > *cerdeira* (DCECH: II, 43).

- *Cerdeiroa* (lug.), Nieva, Avión, Ourense

- **Coiroa** (< *KAURIÖLA)

Seguindo a Martínez Lema (2010: 146), o topónimo *Coiroa* pode retrotraerse a unha forma *KAURIÖLA, resultante da adición do sufixo diminutivo ao tema preindoeuropeo **kaur-* que aludiría, en palabras do citado autor, a «depresións ou concavidades relevantes no terreo».

- *Coiroa* (lug.), A Regueira, Oza dos Ríos, A Coruña

- **Eirexúa, Grixoa / Grixoá / Grixó, Irixoa** (< ECCLĒŠĪLA)

Os topónimos *Eirexúa*, *Grixoa* / *A Grixoá* / *Grixó* e *Irixoa* proveñen da forma ECCLĒŠĪLA, diminutivo latino de ECCLĒŠĪA (> *igrexā*), con evolucións diverxentes ata chegar ás tres formas citadas (Moralejo Lasso 1977: 296, 297).

- *Eirexúa* (lug.), Xudán, A Pontenova, Lugo
- *Grixoa* (parr.), Santa Comba, A Coruña
- *Grixoa* (parr.), Santiago de Compostela, A Coruña
- *Grixoa* (parr.), San Amaro, Ourense
- *Grixoa* (parr.), Viana do Bolo, Ourense
- *Grixoa* (lug.), Grixoa, Santa Comba, A Coruña
- *Grixoa* (lug.), Berdoias, Vimianzo, A Coruña
- *Grixoa* (lug.), Grixoa, Viana do Bolo, Ourense
- *Grixoá, A* (lug.), Chouzán, Carballedo, Lugo
- *Grixó* (parr.), Ramirás, Ourense
- *Grixó* (lug.), San Pedro da Torre, Padrenda, Ourense
- *Grixó* (lug.), Grixó, Ramirás, Ourense
- *Grixó* (lug.), Lamas, Moraña, Pontevedra
- *Grixó* (lug.), Alxén, Salvaterra de Miño, Pontevedra
- *Irixoa* (conc.), A Coruña
- *Irixoa* (parr.), Irixoa, A Coruña
- *Pazo de Irixoa, O* (lug.), Irixoa, Irixoa, A Coruña
- *Irixoa* (parr.), Muras, Lugo

- **Ferreiroa, Ferreiroas / Ferreiroá / Ferreirúa, Ferreirúas** (< *FĚRRARIÖLA[S])

Os topónimos (*A*) *Ferreiroa(s)*, *Ferreiroá* e (*A/s*) *Ferreirúa(s)* proceden dunha forma *FĚRRARIÖLA(s), diminutivo de FĚRRARĪA, ‘mina de ferro’, voz derivada á súa vez de FĚRRO. Cabeza Quiles (2000: 147) sinala que nomes coma estes puideron designar orixinariamente ben emprazamentos onde había xacementos de ferro, ben lugares nos que se traballaba este metal.

- *Ferreiroa, A* (lug.), Alba, Vilalba, Lugo
- *Ferreiroa, A* (lug.), Belesar, Vilalba, Lugo
- *Ferreiroa* (lug.), Lanzós, Vilalba, Lugo
- *Ferreiroa* (parr.), Agolada, Pontevedra

- *Ferreiroa* (lug.), Ferreiroa, Agolada, Pontevedra
- *Ferreiroas* (lug.), Os Freires, Ortigueira, A Coruña
- *Ferreiroá* (lug.), Eiré, Pantón, Lugo
- *Ferreiroá* (lug.), Portomarín, Portomarín, Lugo
- *Ferreirúa* (parr.), A Pobra do Brollón, Lugo
- *Ferreirúa de Abaixo, A* (lug.), Ferreirúa, A Pobra do Brollón, Lugo
- *Ferreirúa, A* (lug.), Viñoás, Nogueira de Ramuín, Ourense
- *Ferreirúas, As* (lug.), Cabanela, Navia de Suarna, Lugo

• **Figueiroa / Figueiroá / Figueirúa / Figueiró, Figueirós** (<*FĪCĀRĪÖLA[S])

As formas toponímicas *Figueiroa*, *Figueiroá*, *Figueirúa* e *Figueiró* resultan da adición do sufixo -ÖLA á base (ARBÖRE) FĪCĀRĪA (> *figueira*), derivada á súa vez de FĪCU 'figo'. É un topónimo moi frecuente en Galicia: o NG rexistra 23 ocorrencias de *Figueiroa*, dúas de *Figueiroá* e unha de *Figueirúa*. Rexístrase tamén no NG a forma *Figueroa*, dando nome a unha parroquia de Abegondo, moi posiblemente coa grafía deturpada (Navaza 2006: 274).

- *Figueroa* (parr.), Abegondo, A Coruña
- *Figueiroa* (parr.), Arzúa, A Coruña
- *Figueiroa* (parr.), Cerdedo, Pontevedra
- *Figueiroa* (lug.), Arteixo, Arteixo, A Coruña
- *Figueiroa* (lug.), Sísamo, Carballo, A Coruña
- *Figueiroa* (lug.), A Pedra, Cariño, A Coruña
- *Figueiroa* (lug.), A Agualada, Coristanco, A Coruña
- *Figueiroa* (lug.), Buxantes, Dumbría, A Coruña
- *Figueiroa* (lug.), Dumbría, Dumbría, A Coruña
- *Figueiroa* (lug.), Tállara, Lousame, A Coruña
- *Figueiroa* (lug.), Torea, Muros, A Coruña
- *Figueiroa* (lug.), Morquintián, Muxía, A Coruña
- *Figueiroa* (lug.), O Freixo de Sabardes, Outes, A Coruña
- *Figueiroa* (lug.), Castrofeito, O Pino, A Coruña
- *Figueiroa* (lug.), Cores, Ponteceso, A Coruña
- *Figueiroa* (lug.), Ermedelo, Rois, A Coruña
- *Figueiroa* (lug.), Galdo, Viveiro, Lugo
- *Figueiroa* (lug.), Cameixa, Boborás, Ourense
- *Figueiroa* (lug.), Vilela, Punxín, Ourense
- *Figueiroa* (lug.), Las, San Amaro, Ourense
- *Figueiroa* (lug.), Figueiroa, Cerdedo, Pontevedra
- *Figueiroa* (lug.), Maceira, Covelo, Pontevedra
- *Figueiroa de Abaixo* (lug.), A Estrada, A Estrada, Pontevedra
- *Figueiroa de Arriba* (lug.), A Estrada, A Estrada, Pontevedra
- *Figueiroá* (parr.), Sober, Lugo
- *Figueiroá* (parr.), Paderne de Allariz, Ourense

- *Figueirúa* (lug.), Conforto, A Pontenova, Lugo
- *Figueiró* (parr.), Tomiño, Pontevedra
- *Figueiró* (lug.), Vincios, Gondomar, Pontevedra
- *Figueirós* (lug.), Beade, Vigo, Pontevedra

- **Filgueiroa, Folguevoira / Folguevoirúa** (< *FĪLCĀRĪŌLA)

Do latín FĪLCĀRIA proveñen as voces galegas *felgueira* mais *filgueira* e *folgueira* (con alteración da vogal pretónica etimolóxica), que poden ter un valor colectivo, ‘conxunto de fentos’, ou designar a planta simple (Navaza 2006: 260). Nelas está a base dos topónimos diminutivos *Filgueiroa* e *Folguevoira / Folguevoirúa*.

- *Filgueiroa* (lug.), Donramiro, Lalín, Pontevedra
- *Folguevoira* (lug.), Dorna, Cervantes, Lugo
- *Folguevoirúa* (lug.), Xudán, A Pontenova, Lugo
- *Folguevoirúa* (lug.), A Órrea, Riotorto, Lugo

- **Filloa** (< FOLIŌLA)

Moralejo Lasso (1977: 119) retrotrae o topónimo *Fonte Filloa*, rexistrado en Begonte (Lugo), a FONTEM FOLIŌLA e considera que o segundo elemento é o apelativo *filloa* (‘doce para a sobremesa que se fai con ovos, leite ou auga e fariña todo mesturado formando un amoadado que se frite nunha filloeira, e ao que se lle pode engadir logo azucre, mel etc.’ DRAG: *filloa*). Outra posibilidade está en ver o segundo constituínte deste topónimo como a evolución dunha forma diminutiva (FOLIŌLA) do substantivo *folla* (< FŌLIA), con alteración da vogal pretónica.

- *Fonte Filloa* (lug.), Saavedra, Begonte, Lugo

- **Fonteiroa** (< FŌNTE ĀREŌLA)

Moralejo Lasso (1977: 94) considera nun primeiro momento que o topónimo *Fonteiroa* procede dunha forma derivada *FŌNTANĀRĪŌLA (← FŌNTANĀRIA ← FŌNTE). Nun artigo posterior, o mesmo autor contémploa coma un topónimo composto formado por FŌNTE mais ĀREŌLA (forma esta última da que proceden os xa citados topónimos *Eiroa*, *Airoa*...) (Moralejo Lasso 1977: 118). Por outra banda, Piel (1948: 325) interpreta *Fonteiroa* tamén coma un composto, mais atribúelle a *eiroa* o sentido de ‘anguía’.

- *Fonteiroa* (lug.), Santa Cecilia de Trasancos, Ferrol, A Coruña

- **Gandaroa** (< *GANDARŌLA)

O topónimo *A Gandaroa* é un derivado diminutivo do substantivo *gándara* ‘terreo baixo, areento, húmido e improdutivo, onde só medra a maleza’ (DRAG: *gándara*). Seguindo a Martínez Lema (2010: 198), quen sintetiza as principais hipóteses

sobre a etimoloxía desta voz, a orixe de *gándara* debe estar no tema prerromano **ganda*, ao que se lle engade o sufixo prelatino *-ara*.

- *Gandaroa, A* (lug.), A Viña, Irixoa, A Coruña

• **Ichoa** (< *USTIÖLA)

A. Palacio (1981: 620) relaciona este topónimo con *Ichó* (< *USTIÖLU) e atribúelle o étimo **USTIÖLA*, derivado diminutivo da forma do latín tardío *USTIUM* (no latín clásico *ÖSTIUM* ‘boca, entrada; porta’). Formalmente explica o cambio na vogal inicial ([u] → [i]) por disimilación ou por influencia da palatal seguinte. Semanticamente sinala como orixe máis probable de *Ichó* que «se halla aplicado a una pequena portezuela en la pared que rodea la finca, de acuerdo con la etimología; en este caso, el topónimo respondería al mismo orden de ideas que Cancela, Portelo, etc».

- *Ichoa, A* (lug.), Ladra, Vilalba, Lugo

• **Laroá** (< *LARAGIÖLA)

J. Diéguez (2002: 20) retrotrae o topónimo *Laroá* a unha forma diminutiva **LARAGIÖLA*, baseándose na documentación medieval: «Laroá, freguesia de Ginzo de Límia, deve corresponder a umha localidade referida no Tombo de Cela-Nova como *Laragiola*, designaçom que provavelmente teria surgido como forma diminutiva de *Laragia*, que também surge no Tombo».

- *Laroá* (parr.), Xinzo de Limia, Ourense

- *San Pedro de Laroá* (parr.), Xinzo de Limia, Ourense

- *Laroá* (lug.), Laroá, Xinzo de Limia, Ourense

• **Loñoá** (< *LADONIÖLA / *LAONIÖLA)

Moralejo Álvarez (2011: 261) alude ao topónimo *Loñoá* vinculándoo con outros situados no percurso do río *Lonia* ou *Loña*: «De top. e hidrónimo med. *Laonia* tenemos hoy hidrónimo *Lonia* o *Loña*, con tops. en su curso: *A Loña* (Esgos), *A Lonía* (Ourense) y *Loñoá* (Pereiro). (...) El hidrónimo puede haber tomado su nombre de **Laudonia* y **Laudoniola* en el territorio que recorre». Doutra banda, J. Diéguez (2002: 20) explica o topónimo *Loñoá* como procedente dunha forma diminutiva **LAONIÖLA*: «Lonhoá Grande (...) parece ser a localidade que figura num documento de S. Pedro de Rocas de 1175 como *Laoniola maiore*».

- *Loñoá do Camiño, O* (lug.), Covas, Pereiro de Aguiar, Ourense

- *Loñoá Grande* (lug.), Covas, Pereiro de Aguiar, Ourense

• **Marzoa** (< *MARTIÖLA ou *MARCIOÖLA)

Moralejo Álvarez (2009: 198) ofrécenos a forma etimolóxica do topónimo *Marzoa* a partir da súa atestación nun documento do século IX: «*Marzoa* es *Marcola* (*c* por *ç*) en texto del año 830, y, por tanto, no debe ser otra cosa que una [VILLA] *MARTIOLA o *MARCIOILA».

- *Marzoa* (parr.), Oroso, A Coruña
- *A Ponte da Marzoa* (lug.), Marzoa, Oroso, A Coruña

• **Moa, Moas / Moás / Mo, Mos** (<MÖLA[S])

En toda a bibliografía consultada (A. Palacio 1981: 115, E. Rivas 1982: 78, Cabeza Quiles 1992: 89, Marqués Valea 2004: 248, Navaza 2007: 122...) sinálase a voz latina MÖLA ‘pedra do muíño’ como étimo de *Moa*, *Moas* e *Moás*. É posible que estes topónimos fosen creados por unha metáfora antropomorfa, nomeando na súa orixe «penedos ou montes con forma de moa dental» (E. Rivas 1982: 78, Cabeza Quiles 1992: 89). No NG atopamos 22 rexistros destas formas toponímicas, en seis ocasións forman parte de topónimos compostos (*A Cruz da Moa*, *O Outeiro da Moa*, *O Rego da Moa*, *Penamoa*).

- *Moa*, *A* (lug.), Loureda, Boqueixón, A Coruña
- *Moa* (lug.), Seivane de Vilarente, Abadín, Lugo
- *Moa*, *A* (lug.), O Pereiro, Alfoz, Lugo
- *Moa*, *A* (lug.), Carballido, Vilalba, Lugo
- *Moa*, *A* (lug.), Punxín, Punxín, Ourense
- *Moa* (lug.), Vilatuxe, Lalín, Pontevedra
- *Moa*, *A* (lug.), Antas, A Lama, Pontevedra
- *Moa*, *A* (lug.), Manduas, Silleda, Pontevedra
- *Moa*, *A* (lug.), Martixe, Silleda, Pontevedra
- *Moa*, *A* (lug.), Merza, Vila de Cruces, Pontevedra
- *Moas*, *As* (lug.), Goiáns, Porto do Son, A Coruña
- *Moas* (lug.), Brántega, Agolada, Pontevedra
- *Agro da Moa*, *O* (lug.), O Araño, Rianxo, A Coruña
- *Cruz da Moa*, *A* (lug.), A Capela, A Coruña
- *Outeiro da Moa*, *O* (lug.), Riofrío, Mondariz, Pontevedra
- *Penamoa* (lug.), Visma, A Coruña, A Coruña
- *Rego da Moa*, *O* (lug.), Barallobre, Fene, A Coruña
- *Rego da Moa*, *O* (lug.), Magalofes, Fene, A Coruña
- *Moás*, *As* (lug.), Córdido, Foz, Lugo
- *Moás* (lug.), Nogueira, Montederramo, Ourense
- *Moás* (lug.), San Salvador de Mourisco, Paderne de Allariz, Ourense
- *Coto da Mo* (lug.), Desteriz, Padrenda, Ourense
- *Mo*, *A* (lug.), Cumiar, Pontearas, Pontevedra

- *Mo, A* (lug.), O Rosal, O Rosal, Pontevedra
- *Mó, A* (lug.), Rubiós, As Neves, Pontevedra
- *Mó, A* (lug.), Matamá, Vigo, Pontevedra
- *Mos* (conc.), Pontevedra
- *Mos* (parr.), Mos, Pontevedra
- *Mos* (lug.), Saiáns, Moraña, Pontevedra

- **Negreiroa** (< *NĪGRARĪŌLA)

Retrotraemos o topónimo *Negreiroa* a *NĪGRARĪŌLA, derivado dunha base *NĪGRARĪA, derivada á súa vez do adxectivo NĪGER ‘negro’. Cabeza Quiles (2008: 88) atribúe esa orixe *NĪGRARĪA ao topónimo *Negreira* e sinala que «puido aludir a un conxunto de elementos de cor negra ou escura, que pode ser a cor do terreo ou quizais un grupo de árbores ou plantas de cor verde escura». *Negreiroa* sería logo a forma diminutiva correspondente a ese *Negreira*.

- *Negreiroa* (lug.), Negreira, Negreira, A Coruña

- **Nogueiroa / Nigueiroá / Nogueiró** (<*NŪCĀRĪŌLA)

Os topónimos *Nigueiroá* e *Nogueiroá* remóntanse a unha base (ARBŌRE) NŪCĀRĪA ‘nogueira’, derivada á súa vez de NŪCE, á que se lle engadiu na formación dos topónimos o sufixo diminutivo -ŌLA. A forma *Nigueiroá* presenta a vogal da sílaba inicial palatalizada, mudanza semellante á ocorrida no topónimo *Negueira de Muñiz*; esta alteración no vocalismo non impide a Navaza (2006: 374) retrotraer os dous topónimos a unha forma NŪCĀRĪA.

- *Nogueiroa* (lug.), Parada de Labiote, O Irixo, Ourense
- *Nigueiroá* (parr.), Bande, Ourense
- *Nigueiroá* (lug.), Parderrubias, A Merca, Ourense
- *Nigueiroá* (lug.), San Miguel do Campo, Nogueira de Ramuín, Ourense
- *Nigueiroá* (lug.), Guillamil, Rairiz de Veiga, Ourense
- *Nigueiroá* (lug.), Vereá, Vereá, Ourense
- *Nogueiró* (lug.), O Mundil, Cartelle, Ourense
- *Nogueiró* (lug.), A Cañiza, A Cañiza, Pontevedra
- *Nogueiró* (lug.), Meder, Salvaterra de Miño, Pontevedra
- *Nogueiró de Abaixo* (lug.), San Tomé de Nogueira, Meis, Pontevedra

- **Olveiroa** (< ŌLĪVARĪŌLA OU ŪLVARĪŌLA)

Dúas son as hipóteses que atopamos sobre a orixe deste topónimo, ambas coincidentes en que a terminación *-oa* se retrotrae ao sufixo diminutivo latino -ŌLA. A primeira delas, a máis estendida, é recollida por autores como Moralejo Lasso (1977: 293), Cabeza Quiles (1992: 148) ou Navaza (2006: 381), que establecen como base de *Olveiroa* a forma ŌLĪVARĪA, derivada á súa vez de ŌLĪVA, da cal

procede o fitónimo *oliveira* mais, seguindo esta hipótese, outros topónimos coma *Oliveira* e *Olveira*; tanto neste *Olveira* coma no noso *Olveiroa* teríase producido a síncope da vogal pretónica. A segunda das explicacións atopámola en E. Bascuas (2002: 255), quen fai derivar o topónimo da voz latina ŪLVA ‘alga, planta acuática’. Seguindo a este autor, desta forma derivaría *ŪLVARĪA (étimo do topónimo *Olveira*) e a partir de aí, mediante a adición do sufixo -ŪLA, *ŪLVARĪŪLA, que daría *Olveiroa*. Martínez Lema (2010: 259-262) recolle tamén estas dúas hipóteses para explicar os topónimos *Olveira* e *Olveiroa* que dan nome a dúas parroquias do concello coruñés de Dumbría, decantándose, logo do exame das atestacións medievais de ambas as formas, por unha raíz ŪLVA no caso concreto destas dúas ocorrencias.

- *Olveiroa* (parr.), Dumbría, A Coruña
- *Olveiroa* (lug.), Olveiroa, Dumbría, A Coruña

- **Pereiroa / Pereiroá / Pereirúa / Pereiró** (<*PĪRARĪŪLA)

Os topónimos *Pereiroa*, *Pereiroá*, *A Pereirúa* e *Pereiró* resultan da evolución dunha forma *PĪRARĪŪLA, diminutivo de (ARBŌRE) PĪRARĪA ‘pereira’, derivada á súa vez de PĪRA. Aínda que o máis probable é que estas formas toponímicas procedan do fitónimo, cómpre sinalar tamén a posibilidade dun étimo *PĒTRARĪŪLA (vid. *Pereiroás*).

- *Pereiroa* (lug.), Damil, Begonte, Lugo
- *Pereiroá* (lug.), Bolaño, Castroverde, Lugo
- *Pereirúa*, *A* (lug.), Freixo, A Fonsagrada, Lugo
- *Pereiró* (lug.), Castrelos, Vigo, Pontevedra
- *Pereiró* (lug.), Matamá, Vigo, Pontevedra

- **Pereiroás** (<*PĒTRĀRĪŪLAS)

Atendendo unicamente á súa forma actual, o topónimo *Pereiroás* que dá nome a un lugar do concello de Pantón podería pasar perfectamente por un fitotopónimo encadrado no grupo anterior. Porén, a través de A. Palacio (1981: 87), que achega atestacións medievais deste topónimo, sabemos que o seu étimo está realmente nunha forma *PĒTRĀRĪŪLAS, derivado diminutivo de PĒTRĀRĪA (> *pedreira*), formado á súa vez sobre PĒTRA ‘pedra, rocha’. En *PĒTRĀRĪŪLAS prodúcese a redución do grupo consonántico *-tr-* > [r], evolución que fai que conflúa formalmente cos topónimos citados anteriormente (Martínez Lema 2010: 272).

- *Pereiroás* (lug.), Santo Estevo do Mato, Pantón, Lugo

• **Piñeiroá / Piñeirúa** (<*PĪNARIŌLA)

Os topónimos *Piñeiroá* e *Piñeirúa* poden retrotraerse a unha forma *PĪNARIŌLA, derivado diminutivo de *piñeira* (<PĪNARIĀ), forma que, seguindo a Navaza (2006: 416) debeu ter inicialmente un significado colectivo, ‘lugar de piñeiros’.

- *Piñeiroá* (lug.), Cedrón, Láncara, Lugo
- *Piñeiroá* (lug.), Camba, Castro Caldelas, Ourense
- *Piñeirúa* (lug.), A Roda, Tapia de Casarego, Asturias (R)

• **Rañoa / Rañoá / Rañó** (*ARANĚŌLA?)

O topónimo (*A*) *Rañoa* e (*A*) *Rañoá* constitúe un derivado diminutivo por medio do sufixo -ŌLA do substantivo común *raña*. Seguindo a Piel (1947: 331) mais a A. Palacio (1981: 479), na formación destes topónimos (mais na doutros coma *Raña*, *Rañal*, *Rañadoiro*...) esta voz debía presentar os significados recollidos por Carré Alvarellos de ‘rápido desnivel o declive en el lecho de un río de fondo pedregoso’ ou ben, ‘terreno alto y de monte pobre’ (DdD: *raña*). En canto á orixe de *raña*, esta é incerta; algunhas hipóteses son as formuladas por Corominas no DCECH (v, 68), onde se remite ao latín ARANĚA ‘sarna’, ou por E. Rivas (1982: 237), que retrotrae esta voz á raíz preindoeuropea *R- + a / o + consonante.

- *Rañoa*, *A* (lug.), Cambre, Cambre, A Coruña
- *Rañoa*, *A* (lug.), A Barqueira, Cerdido, A Coruña
- *Rañoa*, *A* (lug.), Sillobre, Fene, A Coruña
- *Rañoa*, *A* (lug.), Bascoi, Mesía, A Coruña
- *Rañoa* (lug.), Vilamor, Toques, A Coruña
- *Rañoa*, *A* (lug.), Loira, Valdoviño, A Coruña
- *Rañoá*, *A* (lug.), Cela, O Corgo, Lugo
- *Rañoá*, *A* (lug.), Barbadelo, Sarria, Lugo
- *Rañoá*, *A* (lug.), Vilar, Sarria, Lugo
- *Rañoá*, *A* (lug.), Ordes, Rairiz de Veiga, Ourense
- *Rañó*, *A* (lug.), Guillade, Pontearas, Pontevedra

• **Riazoas** (<*RIUACEŌLAS)

E. Bascuas (2002: 153) vincula *Riazoas* con outros nomes coma *Riazó*, *Riazón* e *Riazor*, considerándoos todos eles formas diminutivas romances creadas sobre o substantivo latino RIUUS ‘río’. Para o caso concreto de *Riazoas*, o autor indica que se trata dun diminutivo feminino plural descendente dunha forma *RIUACEŌLAS.

- *Riazoas* (lug.), Brión, Brión, A Coruña

- **Ribeiroa** (<*RĪPĀRĪŌLA)

O topónimo (*A*) *Ribeiroa* procede dunha forma *RĪPĀRĪŌLA (Piel 1945: 338), derivado diminutivo por medio do sufixo -ŌLA da forma latina RĪPĀRĪA, orixinariamente un adxectivo formado sobre RĪPA ‘ribeira’.

- *Ribeiroa*, *A* (lug.), Barallobre, Fene, A Coruña
- *Ribeiroa* (lug.), Sistallo, Cospeito, Lugo

- **Salgueiroas / Salgueiró** (<*SALĪCARĪŌLAS)

O topónimo *Salgueiroas* retrotráese a unha forma *SALĪCARĪŌLAS, resultante da adición do sufixo diminutivo en plural a unha base *salgueira* (<SALĪCARĪA). Ao igual que a forma *piñeira* comentada máis arriba, a forma *salgueira* tamén debeu ter en orixe un significado colectivo (Navaza 2006: 491).

- *Salgueiroas* (lug.), Ser, Santa Comba, A Coruña
- *Salgueiroas* (lug.), Cabaleiros, Tordoia, A Coruña
- *Salgueiró* (lug.), Camposancos, A Guarda, Pontevedra

- **Tixoa** (< *TEGIŌLA OU *TOGIŌLA)

Segundo a E. Bascuas (2005: 103) e a N. Ares (1998: 323), o topónimo *Tixoa* procede dunha forma diminutiva. Para N. Ares, *Tixoa* remóntase a *TEGIŌLA, forma «probablemente baseada en *tegere* ‘cubrir’, coma *tegula*». E. Bascuas retrotrae este topónimo a *TOGIŌLA (coa particular evolución fonética *o* > *i*): «**togiŏla* debíu de ser el nombre del curso alto del río **Tŭgia*, como *Uliola* > *Ulloa*, con el mismo sufijo diminutivo, lo fue del próximo río *Ulia* > *Ulla*».

- *Tixoa* (lug.), Refoxos, Silleda, Pontevedra

- **Ulloa / Illoá** (<*ŌCŪLĪŌLA)

Nun principio podemos analizar conxuntamente as formas toponímicas (*A*) *Ulloa* e *Illoá* como descendentes dunha forma *ŌCŪLĪŌLA, derivado diminutivo feminino da voz latina ŌCŪLU ‘ollo’. Segundo esta hipótese, *Ulloa* mais *Illoá* crearíanse, tomando as palabras de E. Rivas (1982: 234), «por una aplicación metafórica de una parte del cuerpo a la orografía». Cabeza Quiles (2008: 134) explica tamén esta metáfora toponímica: «o brote da auga dun manancial é comparado ou identificado cun ollo quizais botando lágrimas (...)». Con todo, non é esta a única hipótese formulada arredor da orixe destes topónimos. E. Bascuas (2002: 142) relaciónaos coa raíz indoeuropea **wel* (→**vil*-) ‘facer xirar’, que estaría presente no hidrónimo «*Ulla* (< *Voliām*)» e en topónimos como «*Viloa* > *Illoa*»; E. Rivas (1994: 66,67) emparenta *Ulloa* co hidrónimo *Ulla* (que segundo o mesmo autor provén dunha forma *Ul* [~*Ur*] ‘río’ do substrato mediterráneo): «*Ulloa* [*uliola*]

significaría ‘río pequeno’ en relación con Ulla [*<ulia>* = río». Nesta liña, Cabeza Quiles (2008: 479) sinala tamén: «*Ulloa*, nome da coñecida comarca luguesa onde o río Ulla é aínda pequeniño, polo que cómpre nomealo co seu diminutivo *Ulloa*».

- *Ulloa* (parr.), Palas de Rei, Lugo
- *Ulloa, A* (lug.), Oroso, Oroso, A Coruña
- *Ulloa* (lug.), Curbián, Palas de Rei, Lugo
- *Ulloa* (lug.), San Breixo, Palas de Rei, Lugo
- *Vilar de Ulloa* (lug.), Meixide, Palas de Rei, Lugo
- *Illoá* (lug.), Valboa, Monterroso, Lugo

• **Urroa** (< *URRIÖLA)

E. Bascuas (2002: 127) retrotrae o topónimo *Urroa* a unha forma URRIOLA, na que o sufixo diminutivo -ÖLA se engadiría ao tema prerromano *Orr-/Urr-* ‘val’. Seguindo a explicación do autor, este topónimo pode vincularse semanticamente co topónimo ourensán *Riós*, que aparece como *Orriolos* nun documento do 1029. Moi preto deste *Orriolos* houbo unha *Villa Urriola* (documentada no 1031). E. Bascuas considera que «de estos diminutivos proceden también *Urroa* (l. de Vimianzo, Cor.) [...] con *u-* por inflexión de *yod*».

- *Urroa* (lug.), Vimianzo, Vimianzo, A Coruña

• **Viñoa / Viñoá / Viñoás / Viñó** (<*VĪNĚÖLA)

Os topónimos *Viñoa* e (*A*) *Viñoá* e *Viñó* resultan da adición do sufixo -ÖLA ao fitónimo *viña*, procedente á súa vez do latín *VĪNĒA*. Ademais destas dúas formas, rexístrase tamén no NG *Viñoás*, co sufixo en plural, mais *Aviñoá*, con aglutinación gráfica do artigo.

- *Viñoa* (lug.), Banga, O Carballiño, Ourense
- *Viñoa* (lug.), Soutolongo, Lalín, Pontevedra
- *Viñoá, A* (lug.), Cudeiro, Ourense, Ourense
- *Viñoás* (parr.), Nogueira de Ramuín, Ourense
- *Viñoás* (lug.), Viñoás, Nogueira de Ramuín, Ourense
- *Aviñoá* (lug.), Proente, A Merca, Ourense
- *Viñó* (lug.), Morgadães, Gondomar, Pontevedra
- *Viñó* (lug.), Coruxo, Vigo, Pontevedra

• **Xunqueiroá** (<*IŪNCARIÖLA)

Podemos retrotraer o fitotopónimo *Xunqueiroá* a *IŪNCARIÖLA, forma diminutiva de IŪNCARIA, derivada á súa vez de IŪNCU ‘xunco’ (Navaza 2006: 571).

- *Xunqueiroá* (lug.), Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Ambía, Ourense

4.3. Localización cartográfica

Nos mapas 5 e 6 localizamos xeograficamente os topónimos procedentes da terminación latina *-ŏLA* incluídos neste capítulo. Rexistramos na toponimia catro resultados diferentes na evolución desta terminación, que reparten o territorio do seguinte xeito:

1. A solución maioritaria en *-oa* (seguramente con pronuncia [ˈɔa] na maioría dos topónimos) resulta da caída de *-L-* intervocálico, manténdose sen alteracións as dúas vogais que forman hiato coa desaparición da lateral. Esta terminación ocupa toda a provincia da Coruña, boa parte da de Lugo (esténdese ata case o centro desta provincia na metade norte -no concello de Abadín atopamos o lugar de Moa-, mentres que na metade sur ocupa tamén un pequeno espazo ao occidente), grande parte da de Pontevedra (toda a metade leste, agás no sueste) e tamén dúas zonas relativamente pequenas na provincia de Ourense, no noroeste e no sueste.
2. A solución en *-ó* (con pronuncia aberta [ˈɔ]) rexístrase ao longo da costa pontevedresa, na zona das rías de Arousa, Pontevedra, Vigo e Baiona; por todo o sur interior desta mesma provincia e na zona máis suroccidental de Ourense. Esta solución en [ˈɔ] explícase desde a gramática histórica pola asimilación e crase posterior das dúas vogais que forman hiato logo da perda do *-L-* intervocálico: *MŎLA* > *moa* > *moo* > *m[ɔ]* (Ferreiro 1999: 91). Segundo indica Navaza (2006: 271), esta forma pode xerar tamén en ocasións un *-n* final non etimolóxico que quizais sexa o que se rexistra en topónimos espallados pola zona de terminación [ˈɔ] coma *A Costa de Figueirón* (Beluso, Bueu, Pontevedra), *Gandarón* (Lavadores, Vigo, Pontevedra) ou *Piñeirón* (Leiro, Ribadumia, Pontevedra). Esta solución en [ˈɔ] é a maioritaria no portugués, tanto na toponimia: *Airó*, *Figueiró*, *Pereiró*, *Vinhó*, *Nogueiró*... coma no léxico común: *a avó*, *a mó*, *a teiró* etc.
3. A terminación *-oá*, con desprazamento acentual, rexístrase maioritariamente na provincia de Ourense (agás nas zonas xa sinaladas do sueste onde se atopa a solución *-oa*, e do oeste onde se rexistra *-oa* no norte e *-ó* no sur). Tamén a atopamos no centro e suroeste da provincia luguesa, formando unha zona bastante compacta, e en puntos illados no norte desta provincia (*Airoá* no Vicedo e *As Moás* en Foz) e na súa parte máis oriental (*Airoá* en Cervantes e *A Eiroá* en Taramundi, xa en Asturias). Tal e como xa ten sinalado R. Álvarez (2007: 50-54), os lugares que levan estes nomes en *-oá*

sitúanse maioritariamente nas dúas beiras do Miño. O curso deste río, máis ca actuar como linde entre as súas marxes funcionaría como vínculo entre as localidades de ambas as beiras, un vínculo social que se manifestaría tamén no falar dos veciños destes lugares. En palabras da citada autora:

Salientamos o carácter ribeirán destes pequenos lugares para pór en evidencia que a área remata na beira contraria dun río caudaloso coma o Miño, unha mostra máis de que o curso de auga non fai de barreira natural senón que crea un espazo de convivencia e aproveitamento dos recursos comúns, poñendo en relación os asentamentos humanos das súas beiras (R. Álvarez 2007: 52).

O desprazamento acentual observado nestes topónimos non é, loxicamente, o único trazo lingüístico común ás dúas beiras do Miño. A área lucu-auriense na que se sitúan a maior parte destes topónimos espállase polos territorios situados nos dous lados do río, sen romperse ao chegar ao leito do mesmo. Así, nunha beira e mais na outra empregan o demostrativo *iste*, os pronomes suxeito *tu* e *il...* Da mesma autora tiramos tamén a posible explicación sobre a evolución sufrida por estas formas:

Moi probablemente o hiato *-oa* (coa primeira vogal tónica ou átona, a segunda sempre átona) pechou o primeiro elemento e tendeu a unha pronuncia como ditongo, que ou non chegou a callar ou recuou, pero en todo caso deixou como pegada o desprazamento do acento cara á segunda vogal: ['ɔa] > ['ɔa] ~ ['wa] > [o'a] (R. Álvarez 2007: 50).

Outra explicación sobre a evolución destas formas é a ofrecida por J. Diéguez (2002: 9), quen considera que a área lucu-auriense «puido ter sido un espazo de ditongaçom originária de ě e ō tónicos latinos». Así, seguindo a explicación do autor, a cadea evolutiva destes topónimos sería a seguinte: «AREOLA > *ajrwáa* > *ajrwá* > *ajruá*, actualmente Airoá». Tanto R. Álvarez coma J. Diéguez inclúen tamén nas súas explicación topónimos rematados en *-uá* (*Lixuás*, *Paraxuás...*), vinculándoos con estes topónimos en *-oá*. Estes nomes en *-uá(s)* serán tratados máis adiante (§ 4.5), xa que, como se verá, resultan nomes problemáticos no tocante á súa etimoloxía.

4. Xa finalmente, observamos unha cuarta terminación en *-úa* localizada fundamentalmente nunha área compacta no nordeste lucense (concellos de Riotorto, A Pontenova, A Fonsagrada e Navia de Suarna) e nos concellos asturianos galegófonos. Cómpre sinalar que, aínda que optamos aquí por incluír lugares asturianos coma *Bouzuá*, *Castiñeirúa* e *Piñeirúa* por coincidi-

ren as súas bases coas doutros topónimos recollidos nesta epígrafe (*Bouzáa* ~ *Bouzua* ~ *Bouzoá*, *Castiñeirúa* ~ *Castiñeiroa*, *Piñeirúa* ~ *Piñeiroá*), a terminación latina *-ŏLA* non é a única á que se pode retrotraer a terminación *-úa* destes nomes, xa que esta tamén pode proceder do sufixo aumentativo *-ŏNA* (vid. § 3.3). Estes topónimos poden presentar, polo tanto, unha orixe dubidosa no tocante á súa terminación e volverán ser tratados na epígrafe § 4.6. Ademais desta área compacta rexístrase tamén a terminación *-úa* de xeito illado no concello ourensán de Nogueira de Ramuín e no lugueés da Pobra do Brollón, onde atopamos, nos dous casos, o topónimo *Ferreirúa*. A primeira hipótese sobre a evolución da terminación *-ŏLA* ata chegar á actual [ˈua] é a disimilación vocálica producida entre as dúas vogais que, tras a caída de *-L-*, forman hiato. Sería logo o mesmo fenómeno ca o visto para os topónimos procedentes de *-ŏNA* / *-ōNA*, mais neste caso a disimilación produciríase en dous pasos *ŏLA* > [ˈɔa] > [ˈoa] > [ˈua]. Atopamos outra explicación achegada por J. Diéguez (2002: 11) quen vincula estes topónimos en *-úa* cos anteriores en *-oá* e considera que tamén estes son froito dun proceso de ditongación da vogal *Ō*.

4.4. Comparación cos datos do léxico común

Nos Mapas 7 (*teiroa* < **TELARIŌLA*), 8 (*moa* < *MŌLA*) e 9 (*filloa* < *FOLIŌLA*) recolleemos diferentes formas do léxico común procedentes tamén da terminación latina *-ŏLA*.

Unha primeira ollada a estes mapas lévanos a dar por acertada a hipótese da que partiamos na Introducción (§ 1.1): a toponimia rexistra formas hoxe case desaparecidas na lingua común e, desde o punto de vista da xeografía lingüística, pode achegarnos a estadios dialectais pretéritos. Así pois, os mapas de topónimos procedentes de *-ŏLA* (mapas 5 e 6) poden contemplarse como a fotografía dunha situación diatópica pasada que iría evolucionando ata chegarmos á situación actual recollida nos mapas 7, 8 e 9. Con todo, os resultados da terminación no léxico común tampouco son homoxéneos e neses tres mapas non observamos exactamente as mesmas solucións nos mesmos espazos. Por exemplo, no mapa de *teiroa* rexístrase aínda a variante *teiroá*, con desprazamento acentual, mentres que no de *moa* e *filloa* esta solución xa non ten cabida. Así pois, estes mapas elaborados con datos do léxico común e mais o elaborado a partir dos datos toponímicos poden

ser interpretados coma o reflexo de diferentes fases na evolución das diferentes variantes que neles se contemplan.

O Mapa 7, elaborado a partir das variantes da voz *teiroa* (< *TELARIÖLA) recollidas no *Glosario de voces galegas de hoxe* (C. García 1985: 672, 673) presenta datos moi interesantes a pesar dos poucos puntos xeográficos nel cubertos (arredor de 30). O principal interese radica para nós nas variantes *ateiroá* / *teiroá* e *teirúa*, xa que son as únicas mostras destas terminacións que atopamos no léxico común. As variantes en *-oá* áchanse na mesma zona na que se situaban os topónimos con esta terminación: na área lucu-auriense, en localidades máis ou menos próximas ao río Miño. Tamén a atopamos nun punto illado no norte de Lugo, no concello do Valadouro, e noutra zona máis ou menos compacta no sueste ourensán, nos concellos de Verín, A Gudiña e A Mezquita, e no xa zamorano de Porto. En canto á variante *teirúa*, esta recóllese soamente no concello de Navia de Suarna, onde comparte espazo coa variante en *-oa* e coa variante en *-uga*. Finalmente, cómpre aínda observar o espazo ocupado aquí pola variante rematada en *-ó*. Aínda que no mapa case non se recollen puntos nos que, segundo os datos extraídos da toponimia, é característica esta solución (soamente nos concellos do Grove e de Marín), resulta relevante a presenza desta terminación nos concellos de Verín e da Mezquita, no sueste de Ourense, compartindo espazo coas variantes en *-oá* e *-oa*. Ademais destas tres, no mapa rexístranse aínda outras terminacións coma *-ol* (*teiol* en Marín) e *-oga* (*teiroga*) e *-uga* (*teiruga*), en puntos illados do mapa sen unha aparente distribución dialectal. Nestas últimas formas insírese no medio das dúas vogais en contacto un [g] epentético. A aparición desta consoante rompendo o hiato explícase polo trazo velar que comparte coa vogal que o precede (Ferreiro 1999: 211).

A comparativa dos datos toponímicos cos extraídos do mapa de *teiroa* lévanos a establecer as seguintes hipóteses:

1. En primeiro lugar, a área de *-oá* puido ter unha amplitude maior que a que delimitamos a través dos datos toponímicos. Fronte ao que se pode observar no mapa 5, que case non presenta datos para a zona máis oriental de Ourense, no mapa de *teiroa* advertimos que a terminación *-oá* está ben presente no sueste ourensán e chega mesmo ao concello zamorano de Porto.
2. Doutra banda, rexístrase no concello lugués de Mondoñedo a variante *teiroá*. Isto fainos considerar que quizais non sexa casual a localización dos topónimos *As Moás* en Foz e *Airoá* no Vicedo dentro da zona de *-oa* deli-

mitada no mapa 6. É posible que a solución en *-oá* se estendera no pasado tamén polo norte da provincia de Lugo e que esta solución fora logo absorbida nesa zona do norte pola terminación *-oa*, manténdose soamente *-oá* en puntos illados. Así podemos explicar a descontinuidade observada na provincia de Lugo no mapa 5: *-oá* en dous puntos ao norte (O Vicedo e Foz), *-oa* un pouco máis abaixo (Muras, Vilalba, Abadín...) e novamente *-oá* se seguimos baixando cara ao sur (Castro de Rei, Pol, Castroverde...).

3. Ademais de ampliar a zona de *-oá*, o mapa de *teiroá* tamén nos pode mostrar como esta zona se vai estreitando. En primeiro lugar, no concello de Pantón rexístrase a variante *teiroa*, que contrasta co observado no mapa toponímico, onde neste concello situamos tres nomes con desprazamento acentual: *A Airoá*, *Ferreiroá* e *Pereiroás*. Doutra banda, no sueste ourensán onde, como xa indicamos máis arriba, se rexistra a variante *teiroá*, vemos como esta parece competir con *teiroa*, recollida nos concellos de Verín e Vilardevós. Así pois, comparando o mapa de *teiroa* co elaborado a partir dos datos toponímicos podemos percibir como a variante *-oa* vai coméndolle terreo a *-oá*.
4. No tocante á variante en *-úa* (*teirúa*), advírtese tamén como no concello de Navia esta comparte espazo con *teiroa*, o cal pode ser tamén outro indicio do avance da solución en *-oa*, neste caso gañándolle terreo a *-úa*.
5. Finalmente, en canto á variante en *-ó* (*teiró*) resulta significativo, tal e como xa antes comentamos, que esta se rexistre no sueste de Ourense, onde comparte territorio con *-oá* e *-oa*. Aínda que os datos dos que dispoñemos son realmente moi escasos como para chegar a unha conclusión firme, o feito de rexistrar *teiró* en Verín e Vilardevós lévanos a considerar a posibilidade de que a variante en *-ó* se presentase orixinariamente nunha área maior que a delimitada a través dos datos toponímicos, espallándose quizais por todo territorio sur de Galicia fronteirizo con Portugal. Lembremos o dato xa antes apuntado: a solución en *-ó* ([ɔ]), minoritaria no galego, é o resultado común en portugués da terminación *-ōLA*.

No Mapa 8 (*ALGa* II: 27) recóllense as diferentes solucións que presenta a forma *moa* no léxico común. Dúas das solucións rexistradas na toponimia e mais no mapa anterior non teñen presenza neste mapa: as variantes en *-oá* e en *-úa*; en ningún punto se rexistra *moá* nin *múa*. En todo o territorio no que a toponimia rexistraba esta solución atopamos agora *-oa*. Ao comentar o mapa anterior indica-

mos xa que se manifestaban nel claros indicios de estarse a producir a substitución desas formas rematadas en *-oa* e *-úa* pola maioritaria en *-oa*. Neste caso o que atopamos non son xa indicios senón a completa substitución desas variantes minoritarias por *-oa*. Con todo, podemos observar unha zona máis ou menos compacta no territorio máis oriental da provincia de Lugo no que se rexistra o resultado ['oa], coa vogal pechada. Na maioría dos casos, conviven o resultado con vogal aberta e pechada, converténdose a abertura da vogal no trazo que permite opoñer os diferentes sentidos de *moa*: 'capa voandeira', 'peza dental', 'pedra de afiar'. Esta zona na que atopamos a pronuncia pechada coincide aproximadamente coa zona na que a toponimia rexistra a variante ['ua], o cal resulta, cando menos, significativo. Tal e como xa indicamos anteriormente, é posible que a mudanza ['ɔa] > ['ua] estivese motivada pola disimilación das dúas vogais en contacto, disimilación que se levaría a cabo en dous pasos: ['ɔa] > ['oa] > ['ua]. Tendo isto en conta, é posible que a pronuncia pechada ['oa] neses puntos do nordeste de Lugo se corresponda ou ben coa segunda fase da disimilación ['ɔa] > ['oa] (a disimilación quedaría estancada na segunda fase, sen chegar a completarse), ou ben cunha hipotética cuarta fase: a disimilación chegaría a completarse, mais recuaría logo pola influencia da solución maioritaria *-oa*: ['ɔa] > ['oa] > ['ua] > ['oa].

Na zona asturiana galegófona observamos a terminación en ['ɔla] (*mola*), que contrasta coa terminación toponímica en *-úa*. Con todo, cómpre sinalar que non é esta terminación a única rexistrada na toponimia eonaviega senón que no RTEN atopamos tamén *As Murolas* (Belmonte, Castropol), *Eiramola* (Moldes, Castropol), *A Figueirola* (Arancedo, El Franco), *A Viñola* (Penafonte, Grandas de Salime)... Así pois, tamén na toponimia se rexistran solucións con -L- e as solucións con *-ola* / *-úa* non parecen estar marcadas diatopicamente. Como posible explicación deste feito recollemos as palabras de Babarro (2003: 232, 233) sobre a caída da lateral alveolar intervocálica: «Se coa caída do -N- é posible marcar unha fronteira ben clara entre o galego e o asturiano, non estamos na mesma situación á hora de establecérmo-los lindes entre os dous resultados do -L- intervocálico latino, xa que a desaparición ou conservación desta consoante non mostra en tódalas palabras o mesmo dominio xeográfico».

No tocante á variante en *-ó*, a través do mapa de *moa* podemos coñecer unha nova zona na que tamén se dá esta solución e para a cal non dispoñiamos de datos toponímicos: as dúas bandas da ría de Arousa (Ribeira, Boiro, Rianxo e Catoira), entrando algo cara ao interior (Dodro e A Estrada, rexistrándose neste último punto *moa* para designar a 'peza dental' e *mó* para a 'pedra de afiar', mentres que

na toponimia só recolliamos *Figueiroa*). Ademais de permitirnos descubrir esta nova zona, ou, quizais mellor, esta prolongación da zona que delimitáramos a través dos datos toponímicos (mapa 6), a comparación do mapa de *moa* co mapa de topónimos procedentes de *-ŏLA* tamén nos dá indicios do retroceso da solución *-ó* fronte á maioritaria *-oa*. Dunha banda, *-ó* parece retroceder cara ao mar, tal e como parece indicar o feito de localizarmos na toponimia do concello de Moraña (Pontevedra) os topónimos *Grixó* e *Mos* e, pola contra, rexistrar agora *moa*. Doutra, parece retroceder cara ao sur, como podería tamén indicar o feito de observar na toponimia dos concellos de Ramirás e Cartelle (Ourense) os nomes *Grixó* e *Nogueiró* e, en cambio, atopar neste mapa a variante *moa*. Finalmente, nos puntos de Mondariz, Vigo, Pontearreas e Arbo aparecen as dúas variantes, especializadas cada unha delas na expresión dun significado diferente deste substantivo: emprégase *moa* para designar a ‘peza dental’ e *mó* para a ‘pedra de afiar’.

No Mapa 9 (*ALGa* III: 125) recóllense as diferentes variantes do substantivo *filloa*. Novamente, ao igual ca no mapa de *moa*, non se rexistran as solucións en *-oá* e *-úa*. Ademais, neste caso a variante coa vogal tónica pechada fill[o]a atópase espallada por diversos puntos da xeografía, sen distribución diatópica aparente. Isto podería invalidar o dito anteriormente para a variante de *m[o]a* situada no oriente lugués, pero no caso de *filloa* o pechamento da vogal tónica puido verse favorecido pola influencia da vogal pretónica [i]; puido terse producido logo unha asimilación progresiva parcial.

A variante en *-oga* (*filloga*), con [g] epentético, preséntase maioritariamente ao longo da provincia de Ourense, mais tamén en puntos illados do norte e centro de Lugo.

Finalmente, observamos claramente neste mapa o retroceso da variante en *-ó*. Nas localidades do sur de Pontevedra onde atopabamos o resultado *-ó* na toponimia (e tamén no mapa anterior de *moa*) esta solución xa non se rexistra, exceptuando as zonas máis próximas á costa. Nos concellos do Porriño, Pontearreas, Salvaterra de Miño, A Cañiza e Arbo, e incluso no concello costeiro de Oia, recóllese a forma *filloa*. No suroeste ourensán, a variante *filló* soamente se rexistra en Entrimo mentres que en Lobios atopamos *filloa* e nos concellos de Padrenda e Ramirás (onde localizamos dúas veces o topónimo *Grixó*) recóllese a forma *filloga*.

O mapa de topónimos procedentes dunha forma rematada en *-ŏLA* mais os tres mapas ata aquí comentados permítennos ir reconstruíndo a historia das diferentes variantes herdeiras da terminación latina *-ŏLA*. Neste sentido, cada un dos mapas parece representar diferentes chanzos na evolución dialectal das

terminacións *-oa*, *-oá*, *-úa* e *-ó* (< -ŏLA). O punto de partida estaría no mapa toponímico, onde delimitamos a zona primitiva de cada unha desas variantes (aínda que logo eses límites puideran ser modificados a través de datos do léxico común en puntos para os cales non dispoñiamos de datos toponímicos). O segundo chanzo estaría representado polo mapa de *teiroa*, no que se presentan aínda as catro variantes, mais no que tamén se constatan xa indicios do desprazamento das variantes minoritarias *-oá* e *-úa* en favor de *-oa*. O mapa de *moa* representaría un estadio moito máis avanzado, no que esas dúas variantes *-oá* e *-úa* foron xa completamente substituídas por *-oa* e no que se nota certo retroceso da terminación *-ó* tamén fronte a *-oa*. Finalmente, o mapa de *filloa* representaría unha cuarta fase na que se observa claramente o retroceso de *-ó* fronte a *-oa*.

Claro está, situámonos aquí no terreo da abstracción. Agás o mapa elaborado a partir dos datos toponímicos, que, polas características particulares que a toponimia presenta, si podemos considerar coma o espello dunha situación diatópica pretérita xa superada na lingua común, os demais mapas foron elaborados a partir dos resultados recollidos da fala viva. Así pois, aínda que poden axudarnos a imaxinar e ilustrar diferentes estadios diacrónicos na evolución de -ŏLA, non son fases pasadas, senón a fase actual, sincrónica, na que observamos situacións diferentes dependendo da palabra, cuxas formas minoritarias puideron resistir en maior ou menor medida o avance da maioritaria. A través da análise dos diferentes mapas constatamos a existencia dunha especie de escala de resistencia ao cambio entre as diferentes formas: (1. Toponimia) - 2. *teiroa* - 3. *moa* - 4. *filloa*. Dunha banda, a toponimia mantívose aparentemente estática, ou, cando menos, as mudanzas que os topónimos puideron sufrir foron moito máis moderadas que as observadas no léxico común, conservando variantes hoxe case desaparecidas na lingua viva. Doutra, as variantes minoritarias de *teiroa*, *moa* e *filloa* resistiron en maior ou menor medida a hexemonía da forma maioritaria: no caso de *teiroa*, observamos resultados bastantes próximos aos ofrecidos pola toponimia mentres que no caso de *moa* e *filloa* o retroceso das formas minoritarias foi máis acusado e chegaron a desaparecer por completo as variantes en *-oá* e *-úa*, reducíndose en boa medida (especialmente no caso de *filloa*) o territorio que no pasado debeu ocupar a terminación en *-ó*.

4.5. O problema dos topónimos rematados en *-uás*

Trataremos nesta epígrafe un pequeno número de topónimos rematados en *-uá* cuxa procedencia pode estar tamén na terminación en -ŏLA estudada. A razón

que nos levou a non incluílos no punto anterior e a non examinar a distribución diatópica do resultado *-uá* xunto cos resultados *-oa*, *-oá*, *-úa* e *-ó* foi a dubidosa procedencia dos nomes destes grupo. Os topónimos incluídos no monllo anterior presentaban, tal e como fomos vendo para cada un en particular, hipóteses fiables sobre as súas orixes etimolóxicas. Pola contra, para os nomes que aquí estudamos non atopamos sempre consenso sobre a súa procedencia, o cal de primeiras nos fixo dubidar de que procederan da terminación *-ŏLA*.

4.5.1. Orixe etimolóxica

- **Lixuás / Lixoa**

Para o topónimo *Lixuás*, que dá nome a un lugar do concello de Pol (Lugo), N. Ares (1994: 268) sinala: «podería ser **lixuales*, sitios de **lixum* ‘lixo’ ou unha haploloxía antroponímica de ‘Lixo-Xoáns’: *Lixus Ionhannis* (?)». Non atopamos na bibliografía consultada outra hipótese sobre a posible orixe etimolóxica deste topónimo, pero Navaza (2007: 124) recolle en Catoira (Pontevedra) o microtopónimo *Lixós* «terras de labor da parroquia de Oeste». Seguindo a este autor, o étimo de *Lixós* estaría nun «antigo diminutivo de *laxe* correspondente ao latín *LAGENŌLAS*». Na evolución desta forma produciríase a crase en [ɔ] na súa terminación que, tal e como o propio Navaza sinala e como constatamos na epígrafe anterior, é o resultado xeral desta terminación na Galicia suroccidental. Tendo en conta a explicación que se nos ofrece para *Lixós* pode considerarse a posibilidade de que o noso *Lixuás* proceda tamén dese diminutivo *LAGENŌLAS*, mais cunha evolución diferente da súa terminación. Ao mesmo tempo, o topónimo *A Lixoa*, que dá nome a un lugar do concello de Ortigueira (A Coruña), podería proceder tamén desa forma en singular.

- *Lixuás* (lug.), Torneiros, Pol, Lugo

- *Lixoa*, *A* (lug.), San Salvador de Couzadoiro, Ortigueira, A Coruña

- **Mouruás**

Sobre o topónimo *Mouruás* soamente atopamos na bibliografía consultada a hipótese etimolóxica que nos ofrece J. Diéguez (2002: 21), quen o retrotrae á forma **MURIŌLAS*: «[*Mouruás*] é umha localidade de Sam Xoán de Río (Ourense); parece tratar-se da mesma terra que no Tombo de Cela-Nova é designada como *Muriolas*».

- *Mouruás* (lug.), San Xoán de Río, San Xoán de Río, Ourense

- **Muruás**

Para o topónimo *Muruás* non atopamos na bibliografía consultada ningunha hipótese sobre a súa orixe etimolóxica. Porén, cremos que a forma apuntada por J. Diéguez (2002: 21) para *Mouruás* podería explicar tamén este *Muruás*, no que non se produciría a ditongación da vogal inicial observada na evolución do topónimo anterior. Doutra banda, a localización do topónimo *Muruás* preto da parroquia de *Muras* lévanos a pensar na posibilidade de que se trate dun topónimo replicante. Hoxe esta pequena entidade de poboación pertence á parroquia do Sisto, veciña da de *Muras* e ambas pertencentes ao concello lugués que leva tamén o nome de *Muras*. A nosa hipótese é que quizais en orixe o lugar de *Muruás* estivese ligado ao de *Muras* e que os topónimos reflectisen ese vínculo. Deste xeito, o topónimo *Muruás* crearíase partindo do nome de *Muras*, engadíndolle a este último o sufixo diminutivo -ÖLAS. Este é un procedemento que, como xa vimos (§ 4.1), se rexistra con certa frecuencia entre os topónimos que presentan unha terminación procedente de -ÖLA.

- *Muruás* (lug.), O Sisto, Muras, Lugo

- **Paraxúa, Paraxuás / Paraxúa / Paraxó**

Fernández López (2005: 106) ofrece como étimo do topónimo *Paraxúa* a forma PARIAM SUDAM [PARIAM: ‘lugar de rendas’ ‘finca en rendas’; SUDAM: ‘soleada’] e considera máis verosímil esta procedencia ca que se trate dunha forma diminutiva «tipo Eirexúa». O topónimo *Paraxuás* é explicado pola citada autora como evolución ou ben de *PARIAS SOLANAS ou ben de *PARIAS SUDANAS.

Doutra banda, Concepción Suárez (2007: 832) recolle en Asturias o topónimo *Paraxugas* e emparéntao semanticamente con *paraxa*: «una paraxa es en asturiano una ‘tierra pequeña de labor’. En usos toponímicos también puede ser un derivado de *para*, *pará*, como ‘lugar de asentamiento ocasional’, en verano, sobre todo». Retrotrae *Paraxugas* ao participio latino PĀRĀTAM (‘disposta, preparada’), ao que se lle engadiría o sufixo plural diminutivo. O propio autor vincula este topónimo con outros similares, entre os que indica *Paraxúa* e *Paraxúas*. Nós mesmos observamos na epígrafe anterior que na evolución da terminación -ÖLA, logo da caída da lateral intervocálica, podía xerarse a aparición dun [g] epentético (*filloga*, *teiroga*). Neste sentido, cremos que ese *Paraxuga* e o *Paraxúa* recollido no RTEN (situado na zona galegófona asturiana, en Miúdes, El Franco) poden perfectamente proceder dunha forma rematada en -ÖLA que seguiría evolucións diverxentes. Continuando o noso razoamento, esta tamén podería ser a orixe do topónimo *Paraxó*, que dá nome a un lugar da parroquia de Agar, no concello

pontevedrés da Estrada, onde, como vimos, se recolle a solución *-ó* < *-ŏLA*. É xa finalmente, o sufixo diminutivo podería estar tamén na orixe de *Paraxuá* e *Paraxuás*, cunha evolución diferente da terminación. Parécenos plausible, xa que logo, retrotraer os topónimos *Paraxó*, *Paraxúa*, *Paraxuá* e *Os Paraxuás* a un étimo en *-ŏLA*. Aínda así, cómpre anotar que existen na toponimia maior galega outros dous *Paraxó* (un no concello da Baña e outro no de Teo, ambos na Coruña) alleos á área dialectal na que se rexistra a solución *-ó* < *-ŏLA*. Doutra banda, o nome dos *Paraxuás*, na Pastoriza, pode ter a súa orixe motivacional no apelido toponímico *Parajuá*, relativamente frecuente en áreas máis ou menos próximas ao lugar (CAG: *Parajuá*), ou pode tamén facer referencia á ‘xente procedente do lugar de *Paraxuá* de Samos’.

En apoio do noso razoamento, J. Diéguez (2002: 22) sinala como posible étimo de *Paraxuá* unha forma **PERAGIŎLA*, cunha base diferente pero coa mesma terminación que a nós nos interesa: «Parajuá é umha localidade de S. Martinho de Ramelhe (Samos), que figura no Tombo do mosteiro de Samos (...) com a forma *Paraiola*; deve ser surgido de umha forma derivativa com o sufixo *-ŏLA*, possivelmente a partir da mesma base que a *Peroja*, localidade ourensana bastante próxima».

- *Paraxuá* (lug.), Romelle, Samos, Lugo
- *Paraxuás*, *Os* (lug.), San Martiño de Corvelle, A Pastoriza, Lugo
- *Paraxúa* (lug.), Miúdes, El Franco, Asturias (R)
- *Paraxó* (lug.), Agar, A Estrada, Pontevedra

4.5.2. Localización cartográfica

No mapa 11 localizamos xeograficamente estes topónimos rematados en *-uá* que, como comentamos no punto anterior, presentan para nós unha orixe insegura. Sitúanse en puntos illados da provincia de Lugo e Ourense, o cal parece non revelarnos nada. Porén, se comparamos a súa localización coa dos topónimos procedentes dunha forma rematada en *-ŏLA* vistos no punto anterior (Mapas 12 e 13) observamos que estes nomes están todos eles situados na zona da variante toponímica *-oá*, agás no caso de *Muruás* que, con todo, se atopa moi próximo a esa área e está relativamente preto tamén de *Airoá* (O Vicedo) e *As Moás* (Foz), topónimos do norte de Lugo situados fóra da área que delimitamos para os topónimos en *-oá* (vid. en § 3.3 e 3.4 as observacións xa feitas sobre a localización destes topónimos e da variante *teiroá* recollida en Mondoñedo).

Podemos afinar aínda un pouco máis a descrición dos mapas 12 e 13 e comentar que estes topónimos en *-uá* se localizan na área máis periférica do territorio da variante *-oá*. E podemos aínda engadir que se atopan localizados en zonas relativamente próximas a topónimos procedentes de -ÖLA coa terminación *-úa*. No caso dos topónimos *Os Paraxuás* (A Pastoriza) e *Lixuás* (Pol), estes sitúanse ao carón do territorio que delimitamos para a variante *-úa*. En canto a *Paraxuá* (Samos) e *Mouruás* (San Xoán de Río), estes están bastante próximos ao topónimo *Ferreirúa* localizado dúas veces na Pobra do Brollón.

No tocante á evolución diacrónica que a terminación -ÖLA sufriría ata chegar a esta forma *-uá*, ao tratarmos anteriormente a terminación *-oá* procedente de -ÖLA (vid. § 4.3) indicamos xa que tanto R. Álvarez (2007) coma J. Diéguez (2002) tiveron en conta nos seus traballos estoutra posible variante *-uá*. Así, R. Álvarez considera *-uá* coma unha variante de *-oá* e, tal e como xa anteriormente foi indicado, establece a seguinte hipótese evolutiva:

Moi probablemente o hiato *-oa* (...) pechou o primeiro elemento e tendeu a unha pronuncia como ditongo, que ou non chegou a callar ou recuou, pero en todo caso deixou como pegada o desprazamento do acento cara á segunda vogal: [ˈɔa] > [ˈɔa] ~ [ˈwa] > [oˈa], [uˈa] (R. Álvarez 2007: 50).

Doutra banda, J. Diéguez considera que estas terminacións *-oá* e *-uá* son o resultado dunha ditongación primitiva de Ö tónico na área-lucuariense. Seguindo a súa explicación, estas formas en *-uá* serían anteriores á terminación en *-oá*: ÖLA > [wáa] > [wá] > [uá] > [oá] (J. Diéguez 2002: 9).

A localización cartográfica, as hipóteses evolutivas que propoñen os dous autores citados e mais a coincidencia formal dalgúns destes nomes rematados en *-uá* con outros topónimos que presentan outras terminacións que poderían proceder de -ÖLA (*Paraxuá* ~ *Paraxúa* ~ *Paraxuga* ~ *Paraxó*, *Lixuás* ~ *Lixoa* ~ *Lixó*) parece inclinar a balanza cara ás hipóteses etimolóxicas que sinalan como orixe destes nomes unha forma rematada en -ÖLA.

4.6. O problema dos topónimos asturianos rematados en *-úa*

No capítulo 3 deste traballo (topónimos procedentes dunha forma rematada en -ÖNA) fixemos unha breve referencia ao sufixo aumentativo feminino *-ona*, procedente da terminación latina -ÖNA (vid. § 3.3). Tal e como alí indicabamos, este sufixo sufriu unha evolución fonética particular, que deu como resultado maio-

ritario a forma *-ona*, sen a caída da nasal intervocálica, explicable, seguindo a Ferreiro (1997: 192), «polo carácter moderno da maioría das formacións».

Nos mapas 14, 15 e 16 do noso traballo (*ALGa* II: 44, 45 e 46) recolleemos tres formas que presentan o sufixo aumentativo: *lambona*, *choronas* e *solteirona*. Ademais da terminación maioritaria en *-ona*, existen outras dúas solucións minoritarias rexistradas en zonas máis ou menos compactas: a terminación *-oa*, recollida fundamentalmente no leste de Lugo, na que si se produciu a desaparición da nasal, e a terminación *-úa*, rexistrada na área asturiana galegófona. Esta última solución en *-úa*, con caída da consoante intervocálica e posterior disimilación das vogais en hiato, converxe na zona eonaviega co resultado da terminación *-ōLA*. Consecuentemente, topónimos coma *Pasadúa*, *Barcúa*... poden ser interpretados tanto como diminutivos (procedentes de *-ōLA*) coma como aumentativos (procedentes de *-ōNA*) de *pasada*, *barca*...

A continuación recolleemos estes topónimos asturianos cunha terminación de orixe dubidosa, sinalando as principais hipóteses etimolóxicas que atopamos para explicar as súas raíces. Algúns deles, tal e como xa foi debidamente indicado, foron incluídos tamén en § 3.2 (topónimos [inequivocamente] procedentes de *-ōLA*). A razón de tratalos tamén alí foi a coincidencia formal da súa raíz coa doutros topónimos que indiscutiblemente proceden de *-ōLA* (Ex: *Bouzúa* ~ *Bouzoa* ~ *Bouzoá*) e mais a constatación a través de Babarro (2003: 223, 224) de que na zona eonaviega o resultado da terminación *-ōLA* foi *-úa*:

Ó observarmos-la toponimia do bloque oriental vemos que ó lado da terminación *-oa* de *Figueiroa* (A Pontenova), *Lagoa* (Trabada), etc., rexístrase *-úa* en *Folgueirúa* (Riotorto), *Lagúa* (Carballeda, A Rúa, Triacastela, O Cebreiro), *As Lagúas* (A Fonsagrada, O Barco de Valdeorras), etc. Este dobre resultado é o que ofrecen as falas galegas de Asturias, posuíndo unha intensidade maior a solución disimilada nas falas mariñás e centrais, onde tamén afecta ó sufixo aumentativo.

4.6.1. Orixe etimolóxica

- **Barcúa**

Relacionado co topónimo (*A*) *Barca*, o nome de *La Barcúa* sería a súa forma aumentativa ou diminutiva correlativa. Marqués Valea (2004: 234) sintetiza as principais hipóteses etimolóxicas desta raíz toponímica: «Parece tratarse dun prelatino topográfico. Para Fernandes-Silva (1995: 46) sería continuador dun prerromano *barc-* ‘depresión’, mentres Hubschmid (1960: 48) explica *Barca* <

**ibarka*, derivada do vasco *ibar* ‘veiga’. Schuchardt cre, sen embargo, nunha evolución semántica paralela á *Nava* toponímica, que el interpretaba enraizada nun *navis* latino».

- *Barcúa, La* (lug.), Andés, Navia, Asturias (R)

• **Barreiroa**

O substantivo *barreira* pode designar, dunha banda, o ‘obstáculo artificial que impide o paso, a comunicación ou o contacto’ e doutra, o ‘sitio de onde se extrae o barro’ (DRAG: *barreira*). Estes dous sentidos de *barreira* poden estar detrás do topónimo *A Barreiroa* e doutros da mesma familia. Seguindo a Navaza (2007: 41): «[*Barral, Barreiro, Barreira*] son nomes derivados mediante sufixos habitualmente a partir de *barro* (‘arxila’), pero non sempre podemos ter seguridade de que sexa ese o significado orixinario, pois ademais dos topónimos relativos á constitución do terreo (relacionados con *barro*), hai outros que aluden á súa orografía (relacionados con *barra, barreira, barronca, barranco, etc.* [...]) ou a certas contrucións (nalgúñas áreas galegas úsase *barra* por *parra*)».

- *Barreiroa, A* (lug.), As Veigas, Taramundi, Asturias (R)

• **Bouzúa**

Para a súa orixe, vid. § 4.2, *Bouzoa / Bouzoá / Bouzúa* (<*BALTEÖLA)

- *Bouzúa* (lug.), Doiras, Boal, Asturias (R)

• **Casoa / Casúas**

A base dos topónimos *A Casoa* e *As Casúas* está no substantivo *casa*, procedente do latín *cĀSA*, lingua na que esta forma posuía o significado de ‘choza, cabana’ que iría logo evolucionando ata ao actual ‘construción dedicada á vivenda’ (DRAG: *casa*).

- *Casoa, A* (lug.), Santalla de Ozcos, Santalla de Ozcos, Asturias (R)

- *Casúas, As* (lug.), Prendonés, El Franco, Asturias (R)

• **Castiñeirúa**

Para a súa orixe, vid. § 4.2, *Castiñeiroa / Castañeirúa* (<*CASTANĒARIÖLA)

- *Castañeirúa* (lug.), Piñeira, Castropol, Asturias

• **Eiroá**

Para a súa orixe, vid. § 4.2, *Airoa / Airoá e Eiroa, Eiroas / Eiroá, Eiroás / Eiró, Eirós* (<*ĀRĒÖLA[s])

- *Eiroá, A* (lug.), Bres, Taramundi, Asturias (R)

• Pasadúa

Cremos que o topónimo *A Pasadúa* (do mesmo xeito ca outros coma *A Pasada*, *A Pasadiña*, *O Pasadoiro*, recollidos e explicados por Marqués Valea [2004: 840]), pode estar formado sobre o substantivo *pasada*, derivado do verbo *pasar*, que pode designar a ‘acción de pasar dunha parte a outra’ (DRAG: *pasada*) e tamén o ‘paso, sitio por donde se pasa’ (DdD: *pasada*).

- *Pasadúa, A* (lug.), Llebredo, El Franco, Asturias (R)

• Piñeirúa

Para a súa orixe, vid. § 4.2 *Piñeiroá / Piñeirúa* (<*PĪNARIŌLA)

- *Piñeirúa* (lug.), A Roda, Tapia de Casarego, Asturias (R)

4.6.2. Localización cartográfica

No Mapa 17 localizamos de xeito aproximado cada unha destas formas toponímicas rexistradas nos concellos eonaviegos. Tal e como nel podemos observar, recóllese tres resultados nas terminacións que poderían proceder de *-ŌNA* ou de *-ŌLA*:

- *-oá*: no topónimo *A Eiroá*, en Taramundi.
- *-oa*: nos topónimos *A Barreiroa*, na Veiga e *A Casoa*, en Santalla de Ozcos.
- *-úa*: nos topónimos *Castiñeirúa*, *Piñeirúa*, *A Pasadúa*, *As Casúas*, *A Bouzúa* e *La Barcúa*.

En canto á primeira delas, a terminación *-oá* da forma *Eiroá*, interpretamos que se trata do resultado con desprazamento acentual da terminación *-ŌLA*. Aínda que está fóra da área delimitada no Mapa 6 para esta solución, o topónimo *A Eiroá* de Taramundi sitúase relativamente próximo a outros coma *Abelleiroá* (en Castro de Rei) e *Bouzoá* (en Pol), situados na zona máis periférica do territorio da solución *-oá*. Así pois, este *A Eiroá*, ao igual que o *Airoá* de Cervantes (ambos localizados ao oriente da área de *-oá*) e do mesmo xeito ca o *Airoá* do Vicedo e *As Moás* de Foz (os dous localizados ao norte da área de *-oá*), poden ser interpretados como a mostra de que *-oá* debeu espallarse por unha área aínda maior. Atopamos unha zona de maior concentración destes topónimos rematados en *-oá* e logo unha serie de topónimos que tamén presentan esta terminación localizados xa na periferia desa área. Eses nomes periféricos, entre os que incluímos *A Eiroá* asturiana, poden indicar que a área foi maior noutro tempo. Habería un estadio anterior no que *-oá* chegaría ata Asturias polo leste (zona na que sería logo substituída pola outra terminación minoritaria *-úa*), e ata ao Cantábrico

polo norte (por onde iría perdendo terreo ao competir coa variante maioritaria -*oa*). Os topónimos sinalados e a súa localización, xunto con algún dato do léxico común coma o *teiroá* rexistrado en Mondoñedo (vid. § 4.4), parécenos indicios que sustentan esta hipótese.

No tocante á segunda terminación, a variante en -*oa* de *A Casoa* e *A Barreiroa*, o máis probable é que esta proceda da terminación -ÖNA e que estes topónimos sexan, polo tanto, formas aumentativas de *casa* e *barreira*. O principal argumento que nos permite chegar a esa afirmación é que a solución -*oa* para a terminación -ÖLA non se rexistra preto deste territorio. Tal e como no Mapa 5 se pode observar, os topónimos máis próximos a estes que proceden de -ÖLA e que presentan a variante -*oa* sitúanse xa en Alfoz (*A Moa*) e en Abadín (*Moa*). Nos concellos galegos veciños da Veiga (*A Barreiroa*) e de Santalla de Ozcós (*A Casoa*) atopamos sempre a solución en -*úa*: *A Pereirúa* na Fonsagrada, *Eirexúa*, *Figueirúa* e *Folgueirúa* na Pontenova e *Folgueirúa* en Riotorto. Parécenos pouco probable que neses topónimos non se producise a disimilación [‘oa] > [‘ua] cando si se produciu en todos os topónimos veciños procedentes de -ÖLA. Así pois, consideramos que *Casoa* e *Barreiroa* deben ser formas aumentativas procedentes de -ÖNA.

Máis dificultades ofrece a terminación en -*úa* que observamos nos topónimos asturianos de *Castiñeirúa*, *Piñeirúa*, *A Pasadúa*, *As Casúas*, *Bouzúa* e *La Barcúa*. Tal e como podemos observar nos mapas do ALGa II, na rede de puntos de Asturias rexístrase -*úa* como solución do aumentativo -ÖNA. Do mesmo xeito, Babarro (2003: 223, 224), tal e como xa sinalamos antes, indica que a disimilación [‘oa] > [‘ua] tamén afectou á terminación -ÖNA «nas falas mariñás e centrais». Deste xeito, non podemos determinar se a terminación -*úa* destes topónimos procede de -ÖLA ou de -ÖNA. Hai certos indicios que nos poden levar a inclinarnos por unha ou outra. Por exemplo, o feito de recoller os nomes *Castiñeiroa*, *Piñeiroá* ou *Bouzoa* procedentes de -ÖLA lévanos a pensar que probablemente *Castañeirúa*, *Piñeirúa* e *Bouzúa* sexan tamén formas diminutivas. Do mesmo xeito, o feito de encontrar *Casoa* como aumentativo fainos sospeitar que *Casúas* sexa unha variante desoutro topónimo, e, polo tanto, que proceda tamén de CASÖNA. Con todo, falamos soamente de sospeitas que unicamente poderíamos confirmar ou rexeitar a través de atestacións antigas destes topónimos.

4.6.3. Conclusións

Logo de examinar os topónimos procedentes dunha forma rematada en -ÖNA e en -ÖLA, estudamos un pequeno feixe de topónimos da zona asturiana gale-

gófona na que os resultados destas dúas terminacións confluíron. No tocante á terminación *-ŌLA*, o seu resultado común nesta zona foi *-úa*, presente tamén nos concellos galegos veciños da Fonsagrada, A Pontenova e Riotorto. No tocante á terminación *-ŌNA*, cando esta se corresponde co sufixo aumentativo feminino, o resultado nesta zona tamén foi *-úa*, tal e como puidemos observar a través dos Mapas 14, 15 e 16 nos que se rexistran as formas *lambiúa*, *churúas* e *solteirúa* na rede de puntos do Eo-Navia. A converxencia dos resultados destes dous sufixos tamén afectou á toponimia e, consecuentemente, sen a axuda de documentación antiga, non podemos coñecer a orixe da terminación de topónimos coma *Castañeirúa*, *Pasadúa*, *Bouzúa*...

Ademais desta terminación en *-úa* tamén se rexistran na toponimia da área asturiana nomes rematados en *-oá* e en *-oa*.

No tocante ao topónimo rematado en *-oá*, *A Eiroá*, situado no concello de Taramundi, fainos sospeitar que nun estadio anterior esta terminación tería ocupado unha maior extensión.

En canto á terminación en *-oa* de *Barreiroa* e *Casoa*, retrotraémola ao sufixo aumentativo *-ŌNA* xa que, pola localización cartográfica destes topónimos, parécenos moi pouco probable que poida derivar de *-ŌLA*. Deste xeito, o sufixo aumentativo *-ŌNA* presenta na toponimia do Eo-Navia as variantes *-oa* e *-úa*. A primeira rexístrase nos concellos da Veiga e Santalla e a segunda nos concellos costeiros (Castropol, Tapia...) e en Boal. Podemos dicir que na toponimia o sufixo *-ŌNA* presenta no leste da área asturiana a solución *-oa* e no centro e mais na costa a solución *-úa*. Os nosos datos toponímicos coinciden cos apuntados por Babarro (2003: 223, 224): «Este dobre resultado [*-oa* e *-úa*] é o que ofrecen as falas galegas de Asturias, posuíndo unha intensidade maior a solución disimilada nas falas mariñás e centrais, onde tamén afecta ó sufixo aumentativo».

5. Topónimos procedentes dunha forma rematada en -ŌLA

Trátase en todos os casos de nomes compostos cuxo segundo constituínte é o adxectivo feminino *soa*, procedente do latín *sŌLA* (*sŌLUS*, -A, -UM ‘só, único’).

5.1. Orixe etimolóxica

- **Casasoa / Casasoá** (< CĀSA SŌLA)

Nos topónimos *Casasoa* e *Casasoá* o adxectivo modifica ao substantivo *casa*, procedente do latín *cĀSA*, que posuía inicialmente o significado de ‘choza, cabana’ e que iría logo evolucionando ata o actual ‘construción dedicada á vivenda’ (DRAG: *casa*). A motivación deste nome parécenos clara: *Casasoa* e *Casasoá* darían nome a lugares nos que en orixe habería unicamente unha vivenda.

- *Casasoa* (lug.), San Xurxo de Asma, Chantada, Lugo
- *Casasoa* (lug.), Río, Rodeiro, Pontevedra
- *Casasoá* (lug.), Camba, Castro Caldelas, Ourense
- *Casasoá* (lug.), Cañón, Celanova, Ourense
- *Casasoá* (lug.), Zorelle, Maceda, Ourense
- *Casasoá* (lug.), A Abeleda, Xunqueira de Ambía, Ourense

- **Pardesoa** (< PARIĒTE SŌLA)

A forma *parde-* que se xustapón a *soa* neste topónimo provén do latín *PARIĒTE* ‘pared dunha casa; muro, muralla’. É, polo tanto, unha variante de *parede*, substantivo que, seguindo a Navaza (2007: 140), «adoita ter na toponimia un significado equivalente ao de ‘ruínas de construcións’, e na súa orixe facía referencia á presenza de restos de muros de edificacións antigas».

- *Pardesoa* (parr.), Forcarei, Pontevedra
- *Pardesoa* (lug.), Pardesoa, Forcarei, Pontevedra
- *Pardesoa* (lug.), Maceira, Lalín, Pontevedra

- **Pedreisoas** (< PĚTRĀŘĪAS? SŌLAS)

Creemos que tras a forma *pedrei-* de *Pedreisoas* pode estar o substantivo *pedreira* ‘lugar de onde se extrae a pedra’ ou ‘lugar cuberto de pedras’ (< PĚTRĀŘĪA, derivado abundancial de PĚTRA ‘pedra’), que sufriría a apócope da súa sílaba final ao engadírselle o adxectivo *soas* na formación do topónimo.

- *Pedreisoas* (lug.), Nebra, Porto do Son, A Coruña

- **Vilasoia** (< VĪLLA SŌLA)

Neste último topónimo do grupo dos rematados en *-ŌLA*, o adxectivo *soa* modifica ao substantivo *vila*, xa comentado anteriormente ao tratarmos o topónimo *Vilaboa* (vid. *Vilaboa*, § 2.1).

- *Vilasoia* (lug.), Belmil, Santiso, A Coruña

- *Vilasoia* (lug.), Bendoiro, Lalín, Pontevedra

5.2. Localización cartográfica

No Mapa 10 localizamos xeograficamente estes topónimos procedentes de *-ŌLA*. Ao tratarse dun número bastante pequeno de nomes, decidimos ter tamén en conta os poucos microtopónimos compostos de *soa* que se rexistran na base de datos do *Proxecto Toponimia de Galicia*:

- *Pedras Soas* (*monte / outeiro*), *A Rigueira, Xove, Lugo*
- *O Monte de Vilasoia* (*monte / outeiro*), *Belmil, Santiso, A Coruña*
- *Penasoá* (*pico / alto*), *Triacastela, Triacastela, Lugo*
- *Casasoá* (*arboredo*), *Castromao, Celanova, Ourense*
- *Casasoá* (*arboredo*), *Cristosende, A Teixeira, Ourense*
- *Pista de Casasoá* (*pista*), *Cristosende, A Teixeira, Ourense*

Tal e como no mapa podemos observar, na toponimia rexístrase *soa* e *soá* como variantes deste adxectivo feminino procedente do latín *sŌLA*. A localización espacial da variante con desprazamento acentual coincide coa das formas procedentes do latín *-ŌLA*, situándose fundamentalmente no centro da provincia de Ourense, en localidades próximas ás beiras do río Miño. Así pois, as mudanzas que sufriu esa terminación *-ŌLA* deberon afectar tamén a *-ŌLA*. A través dos datos toponímicos soamente podemos coñecer que *-ŌLA* seguiu os mesmos pasos ca *-ŌLA* no tocante á terminación minoritaria *-oá*, xa que para as demais terminacións minoritarias non posuímos datos, nin para *-úa* nin para *-ó*.

5.3. Comparación cos datos do léxico común

Os datos do léxico común non nos serven neste caso de gran axuda, xa que as formas *só*, *soa* propiamente galegas foron substituídas na fala polos castelanismos *solo* e *sola*, segundo puidemos comprobar ao acceder ás respostas da pregunta 68 do cuestionario do *ALGa*. Con todo, da listaxe de respostas a esta cuestión si extraemos un dato relevante para o noso traballo: no punto O-31 (que se corresponde coa parroquia de Riocaldo, no concello ourensán de Lobios) recóllese a resposta ['sɔ] para a forma masculina e en nota engádesse que esta é tamén a forma do feminino. A localización de Lobios na zona máis suroccidental de Ourense onde, como se sinalou anteriormente, se rexistra a solución ['ɔ] para -ōLA fainos supoñer que tamén en -ōLA se tivo que dar tamén, quizais por analoxía, esta solución con crase, viva aínda neste punto de Lobios.

Así pois, resumindo, a terminación -ōLA latina presenta na toponimia os resultados -*oa* (*Casasoa*) e -*oá* (*Casasoá*), cuxa distribución diatópica é paralela á dos resultados de -ōLA. O resultado en -*oá* recóllese no centro de Ourense, zona na que as terminacións -ōLA e -ōLA sufriron, logo da caída da lateral intervocálica, novas mudanzas (explicadas xa para a terminación -ōLA) que levaron ao desprazamento acentual que caracteriza hoxe aos topónimos estudados. Para a terminación -ōLA non encontramos na toponimia ningunha outra terminación diferente, mais no léxico común atopamos o resultado ['sɔ] en Lobios como forma equivalente a *soa*. Isto indica que a terminación -ōLA tamén sufriu, alomenos nalgún punto, a mesma evolución diacrónica da terminación -ōLA que levou ao resultado ['ɔ].

6. Topónimos de procedencia diversa nos que non se rexistra variación diatópica

Neste sexto capítulo do noso traballo trataremos os topónimos rematados en *-oa*, *-oá*, *-úa*, *-uá* que presentan orixes etimolóxicas diversas, diferentes das ata agora estudadas, e para os cales non constatamos que as súas terminacións presenten variación ao longo do territorio. Trátase, xa que logo, de nomes para os cales non podemos elaborar mapas, trazar isoglosas, delimitar áreas..., en definitiva, de nomes que non foron observados desde a perspectiva da dialectoloxía. Así pois, unicamente indicamos a súa orixe etimolóxica segundo os especialistas na materia. Tal e como teremos ocasión de ver, nalgúns casos o topónimo presenta unha orixe clara, que non implica dificultades, pero noutros a procedencia resulta problemática. Estes últimos ben poderían ser incluídos na epígrafe seguinte na que se tratarán os topónimos dubidosos. A razón que nos levou a incluílos aquí ou acolá foi a de presentaren ou non a posibilidade de retrotraerse a unha terminación que sufrira evolucións diverxentes e que hoxe presente variantes dialectais. Por poñer un exemplo, o topónimo *Troa*, incluído nesta epígrafe, presenta unha orixe tan dubidosa coma a do topónimo *Arzúa*, incluído na seguinte. *Troa* é tratado neste punto porque non atopamos na bibliografía consultada ningún autor que considerase que podería retrotraerse a unha forma que hoxe presente diferentes variantes. Pola contra, *Arzúa* foi incluído na epígrafe seguinte porque si achamos quen o fai derivar dunha forma rematada en *-ŏLA*. Deste xeito, con *Arzúa* podemos aínda seguir traballando xa que, a partir da distribución dialectal trazada para as formas procedentes de *-ŏLA*, poderemos valorar a posibilidade de que este topónimo presente un étimo con esta terminación. En cambio, con nomes coma *Troa* que, segundo os expertos en toponimia, presentan unha forma orixinaria que sufriu unha evolución que non implicou a aparición de diferentes variantes dialectais, o único que podemos facer é indicar cal é esa procedencia e sinalar que non se presenta en distribución diatópica con outras formas toponímicas.

- **Arruás** (< *ARRONĀLES)

No DdD recóllese a forma *arruás* como variante de *arroaz* e definido como ‘cetáceo frecuente en las rías gallegas al que la mayoría identifica con el delfín o golfin’ (DdD: *arruás*). Esta forma procede, segundo Corominas, do adxectivo latino RAPĀCEM (RĀPAX, -ĀCIS) ‘rapaz’, ‘destructor’. Así, poderíamos pensar que *Arruás* é un zootopónimo, mais situándose en Ourense parece pouco probable que un golfinho fose a motivación deste nome. E. Bascuas (2002: 63) retrotrae *Arruás* a unha forma *ARRONĀLES, derivada da raíz hidronímica indoeuropea *er- ‘moverse’, coa vogal radical /a/ e co tema alongado en -r-: *arr-*.

- *Arruás* (lug.), A Alberguería, Vilar de Barrio, Ourense

- **Bergoa** (< BERGULA OU *BRIGULA)

Moralejo Álvarez (2010: 104, 105) retrotrae o topónimo *A Bergoa* ao celta *brig ‘montaña’, vinculándoo con topónimos coma *A Bergaña*, *Bergaza*, *Bergazo* ou *Berganzo*. No tocante a *Bergoa*, o lingüista considera que este nome pode derivar de *Bergula* ou de **Brigula*: «Para *Bergoa* y para su posible variante *Bregua* Culleredo C hay que traer a colación la *Bergula*, Ptol. 2.6.60, de los bastitanos del interior y que tiene grado pleno **bergh-*, pero tampoco se puede excluir el cero de **bhrgh-* > **brig-*, es decir, **brigula* (cf. *Deobrigula* de los túrmogos, Ptol. 2.6.51), pues en ámbito gallego el resultado seguro de **brig-* es *berg-* y la metátesis *berg* > *breg* es cosa fácil».

- *Bergoa, A* (lug.), Xinzo, Pontearreas, Pontevedra

- **Charrúa** (< fr. *charrue* < carruca < carru)

E. Rivas (1982: 269) vincula o topónimo *A Charrúa* co verbo *charruar* recollido xa por Sarmiento co significado de ‘arar la tierra con un arado común pero con dos o tres pares de bueyes’ (DdD: *charruar*) e pertencente á mesma familia que *charruada* ‘finca labrada, veiga labrada’ (DdD: *charruada*) e *charrúa* ‘arado de vertedera, ya antiguo, de madera’ ou ‘arado de hierro’ (DdD: *charrúa*). Así pois, o topónimo *Charrúa* estaría vinculado á actividade agraria. E. Rivas propón como étimo destas formas e mais do topónimo o francés *charrue* (procedente do latín CARRUCA, formado sobre CARRU), que designaba unha clase de arado e que chegaría ata aquí «por influjo monasterial francés».

- *Charrúa, A* (lug.), Bértoa, Carballo, A Coruña

- *Charrúa, A* (lug.), Sofán, Carballo, A Coruña

- **Cachaxuás** (< CASA (DE) IOHANNES)

E. Rivas (1981: 262) clasifica *Cachaxuás* como un topónimo composto que presenta como primeiro constituínte o tema latino CASA, con palatalización e africación da fricativa /s/, unha evolución que se presenta tamén noutros topónimos estudados polo autor como *Cachaboba*, *Cachafroia*, *Cachalvite*... O segundo constituínte, *-xuás*, sería o resultado da evolución do nome persoal *Iohannes* (vid. infra *Sanxuás*). Seguindo esta explicación *Cachaxuás* debeu ser en orixe a ‘Casa de Xoán’ < *CASA (DE) IOHANNES.

- *Cachaxuás* (lug.), Canedo, Ourense, Ourense

- **Filloás** (< *FENÜC’LALES)

Navaza (2006: 275) atribúelle a *Filloás* unha posible orixe fitotoponímica. O estudioso considera que quizais proceda de *FENÜC’LALES, que orixinariamente daría **Fiollás* (variante do fitónimo *funcho*), forma que, por metátese, alteraría en *Filloás*.

- *Fornelos de Filloás* (parr.), Viana do Bolo, Ourense

- *Fornelos de Filloás* (lug.), Fornelos de Filloás, Viana do Bolo, Ourense

- **Grúa** (< GRŪS, GRŪIS)

Piel (1967: 182) vincula o topónimo *A Grúa* con outros reollidos ao longo do territorio ibérico, coma o portugués *Lagoa do Grou*, os casteláns *La Grulla*, *Navalagrulla*, *Grullos* ou *Grulleróns* e outros galegos coma *A Grueira* (en Ludrio, Castro de Rei, Lugo), relacionando todos eles co zoónimo *grúa* ‘ave da familia dos grúidos (Grus grus), femia do grou, de patas e pescozo longos, de plumaxe gris sobre a que destaca unha mancha encarnada na parte superior da cabeza en ambos os dous sexos, e que adoita manterse sobre un pé cando está pousada’ (DRAG: *grúa*¹). Seguindo a explicación de Piel, a orixe deste posible zootopónimo estaría no latín GRŪS, GRŪIS ‘grúa’, étimo ofrecido para a voz común no DCECH (III, 223).

- *Grúa, A* (lug.), Cabalar, A Capela, A Coruña

- **Novelúa** (< NOVELLUS + LUNA)

Novelúa é un antrotopónimo que ao parecer aglutina os nomes dos fundadores desta parroquia de Monterroso: o presbítero *Novellus* e a súa irmá *Luna*. Esta información é achegada por N. Ares (2002: 230), quen basea a súa hipótese en documentación medieval, no privilexio de Afonso III á Igrexa de Lugo no ano 897, onde se pode ler: *In Dorra ecclesiam Sancti Christofori de Novelua, quam nostra fundavit familia, videlicet Novellus presbiter et soror eius nomine Luna* (ES XL 390 [ES = H. Flórez e M. Risco, *España Sagrada*, 51 vols. Madrid 1747 ss.]).

- *Novelúa* (parr.), Monterroso, Lugo
- *Novelúa* (lug.), Novelúa, Monterroso, Lugo

- **Ortoá** (< HORATANA OU HORTULANA)

Cabeza Quiles (2000: 201) considera o nome *Ortoá* un antrotopónimo formado a partir da adición do sufixo latino *-ANA* ao nome persoal *HORATUS* ou *ORATUS*. Crearíase a través deste procedemento un topónimo que en orixe designaría as propiedades dese *HORATUS*: (*VILLA*) *HORATANA*. O autor basea a súa proposta etimolóxica en documentación medieval, sinalando que o apelativo «aparece como *Horatana* nunha escritura do ano 1204. Anos máis tarde, en 1264, outro documento rexistra o actual *Ortoá* como *Orteaa*, co *-n-* intervocálico xa desaparecido». Doutra banda, Navaza (2002: 304) sinala que o actual *Ortoá* aparece atestado en documentos medievais dos séculos X-XII como *Ortolana* e considera que esta forma se corresponde con *HORTULANA*, derivada de *HÖRTŪLUS*. Aínda que ten clara a súa orixe etimolóxica, o estudoso dubida sobre a motivación do topónimo *Ortoá* xa que tanto pode considerarse coma un fitotopónimo (xa que *HORTULANA* daría *hortelán*, que presenta a acepción de ‘menta’) ou coma un antrotopónimo (xa que *HORTOLANUS* tivo uso como cognome).

- *Ortoá* (parr.), Sarria, Lugo
- *Ortoá* (lug.), Ortoá, Sarria, Lugo

- **Resúa** (< REM SUDAM)

Fernández López (2002: 106) atribúelle a *Resúa* o étimo *REM SUDAM* que posúe, seguindo á autora, o significado de «‘ben’ ou ‘propiedade terrea’ (rem en uso xurídico) ‘asolaiado’ [sen humidade]».

- *Resúa* (lug.), Nebra, Porto do Son, A Coruña

- **Rúa** (< fr. *rue* < *RŪGA*)

Este topónimo mais o apelativo *rúa* (‘camiño dentro dunha poboación, rodeado por casas, árbores etc.’, ‘camiño nun xardín, bosque, horta etc., bordeado por plantas, árbores, columnas etc.’ [DRAG: *rúa*]) proveñen da forma latina *RŪGA* ‘arruga’ (DCECH: I, 360). E. Rivas (1982: 305), seguindo a Aebischer e a outros, considera que *rúa* non entrou no galego directamente do latín, senón a través do francés *rue*.

- *Rúa*, *A* (conc.), Ourense
- *Rúa de Valdeorras*, *A* (parr.), A Rúa, Ourense
- *Rúa* (parr.), Cervo, Lugo
- *Rúa*, *A* (lug.), Crendes, Abegondo, A Coruña
- *Rúa*, *A* (lug.), Leiro, Abegondo, A Coruña

- *Rúa* (lug.), Piñeiro, Ames, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Larín, Arteixo, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Soaserra, Cabanas, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Régoa, Cedeira, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Dordaño, Cesuras, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Miño, Miño, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Buscás, Ordes, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Pereira, Ordes, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Deixebre, Oroso, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Barbos, Ortigueira, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Cuiña, Ortigueira, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Obre, Paderne, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Vilamourel, Paderne, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Iria Flavia, Padrón, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Arca, O Pino, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), As Enchousas, As Somozas, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Castelo, Trazo, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Vilarmaior, Vilarmaior, A Coruña
- *Rúa, A* (lug.), Romariz, Abadín, Lugo
- *Rúa, A* (lug.), As Oiras, Alfoz, Lugo
- *Rúa, A* (lug.), O Pereiro, Alfoz, Lugo
- *Rúa, A* (lug.), Cascallá, Becerreá, Lugo
- *Rúa, A* (lug.), Vilaronte, Foz, Lugo
- *Rúa, A* (lug.), O Burgo, Muras, Lugo
- *Rúa, A* (lug.), Silán, Muras, Lugo
- *Rúa, A* (lug.), Úbeda, A Pastoriza, Lugo
- *Rúa, A* (lug.), Santa Marta de Meilán, Riotorto, Lugo
- *Rúa, A* (lug.), Loureiro, O Irixo, Ourense
- *Rúa, A* (lug.), Grou, Lobios, Ourense
- *Rúa de Valdeorras, A* (lug.), A Rúa, Ourense
- *Rúa Vella, A* (lug.), A Rúa de Valdeorras, A Rúa, Ourense
- *Rúa, A* (lug.), Coiro, Cangas, Pontevedra
- *Rúa, A* (lug.), Valeixe, A Cañiza, Pontevedra
- *Rúa, A* (lug.), Meavía, Forcarei, Pontevedra
- *Rúa, A* (lug.), Peitieiros, Gondomar, Pontevedra
- *Rúa, A* (lug.), Gargamala, Mondariz, Pontevedra
- *Rúa, A* (lug.), Mos, Mos, Pontevedra
- *Rúa, A* (lug.), Parada, Nigrán, Pontevedra
- *Rúa, A* (lug.), Xinzo, Pontearreas, Pontevedra
- *Rúa da Cruz, A* (lug.), Abres, A Veiga, Asturias*
- *Rúa, A* (lug.), Abres, A Veiga, Asturias*
- *Rúa, A* (lug.), Santalla de Ozcos, Santalla de Ozcos, Asturias

- **Sanxuás** (< SAN[CTUS] IOHANNIS)

O topónimo *Sanxuás* é un dos moitos descendentes na onomástica galega de (SAN) IOHANNES, nome de orixe hebrea (*Iôhânân*) que «por mor da relixión cristiá acadou unha grande difusión en todo o mundo occidental» (Boullón Agrelo 1996: 377). Piel (1950: 302) considera que *Sanxuás* pode vir do xenitivo en *-is* deste nome, IOHANNIS.

- *Sanxuás* (lug.), Aríns, Santiago de Compostela, A Coruña

- **Troa** (< *TRŌBIA)

E. Bascuas (2006: 342) vincula o topónimo *Troa* co de *Troia* (Cabanas, O Vicedo, Lugo) e retrotrae os dous a unha forma *TRŌBIA que deriva da raíz indoeuropea **treb-* ‘construción de madeira, edificio, vivenda’. En *Troia* produciríase o cambio «*-by-* > *-i-*, como *fovea* > *foia*» e en *Troa* este grupo desaparecería completamente.

- *Troa* (lug.), Torás, A Laracha, A Coruña

7. Topónimos de orixe dubidosa

Neste último capítulo do noso traballo trataremos os topónimos do noso corpus para os que non atopamos na bibliografía consultada unha hipótese segura sobre a súa orixe. Clasificamos os topónimos aquí estudados en dous grupos: dunha banda, aqueles para os que si atopamos algunha proposta etimolóxica e doutra, aqueloutros para os que non encontramos ningunha información. Tendo en conta esta clasificación, estruturamos o capítulo en dúas partes. En § 7.1 son tratados os nomes para os que si atopamos algunhas explicacións sobre a súa orixe; porén, tal e como teremos ocasión de ver, as explicacións etimolóxicas que se dan para estes topónimos poden ser cuestionadas ao seren observadas desde a perspectiva da dialectoloxía. Doutra banda, en § 7.2 atrevémonos a ofrecer algunhas hipóteses sobre a orixe dun pequeno monllo de topónimos para o cal non atopamos na bibliografía consultada ningunha referencia.

Tanto na primeira coma na segunda destas epígrafes cambiamos o procedemento que ata o de agora seguimos no noso traballo. Nos capítulos anteriores a toponimia foi o punto de partida nas nosas pesquisas: a partir dunha serie de topónimos elaboramos uns mapas nos que puidemos observar a distribución dialectal deses topónimos e comparala con datos do léxico común. Agora actuamos ao revés, partimos dos mapas anteriormente elaborados para rexeitar ou apoiar hipóteses etimolóxicas (§ 7.1) e para ofrecer tamén as nosas propias hipóteses (§ 7.2).

7.1. Hipóteses etimolóxicas cuestionables desde a xeografía lingüística

Analizaremos nesta epígrafe unha serie de topónimos para os que atopamos informacións etimolóxicas cuestionables desde a xeografía lingüística. Na maioría dos casos incluídos o que corroboramos ou invalidamos son hipóteses que retrotraen o topónimo a unha forma rematada en *-ŏLA* e que, tendo en conta a distribución xeográfica das variantes procedentes desa terminación latina, poden ser ou non aceptables. É por iso polo que no Mapa 20, no que cartografamos estes

topónimos de orixe dubidosa (agás *Lagoa* e *Lagúa*), incluímos tamén o trazado aproximado das isoglosas que delimitan o territorio ocupado por cada unha das terminacións procedentes de *-ŏLA*.

- **Amoá e Pedamúa**

- *Amoá*, *A* (lug.), Cabanas, O Vicedo, Lugo
- *Pedamúa*, *O* (lug.), Meirama, Cerceda, A Coruña

A primeira posibilidade na que pensamos ao atopármonos co topónimo *A Amoá* é que puidera tratarse do resultado da aglutinación do artigo feminino singular mais a forma *Moá* (vid. *Moa*, *Moas* / *Moás* § 4.2). Porén, esta primeira hipótese é desbotada por E. Bascuas (2002: 212), que propón o seguinte étimo: «Río *Amoa*, afl. del Chamoso (Corgo, Lugo) y *Amoá* (lugar de Cabanas, O Vicedo, Lugo), con desplazamiento del acento sobre la vocal más abierta, como *Cabreiroá*, etc; puede explicarse como *AMONA», e engade máis adiante: «No hay por qué pensar en unha aglutinación de **A Moa*, difícilmente justificable como hidrónimo». Seguindo a explicación do autor, esa forma *AMONA (que reconstrúe a partir da atestación medieval do topónimo *Amoeiro* como *Amonario*) integraría a raíz hidrónica paleoeuropea **am-* ‘leito do río, canle’, co sufixo *-n*.

Porén, non encontramos outros testemuños de que a terminación *-ONA* desenvolvese o resultado *-oá* con desprazamento acentual (vid. § 3). Así pois, parécenos cuestionable que *AMONA derivase en *Amoá* cando non constatamos ningún outro caso deste resultado no noso traballo. A hipótese de que *Amoá* proceda de *MŎLA*, con aglutinación do artigo, parécenos máis verosímil xa que, dunha banda, sabemos que *-ŏLA* si desenvolveu esa terminación *-oá* e, doutra, aínda que a súa localización xeográfica non coincide co espazo de maior concentración de formas coa variante en *-oá*, si se sitúa moi preto de topónimos coma *As Moás* en Foz e *Airoá* no Vicedo, nomes que, como xa sinalamos no seu momento, poden ser indicativos dunha maior extensión no pasado da área de *-oá*.

En canto ao topónimo *Pedamúa*, algúns autores coma A. Palacio (1981: 115) sinalan que esta forma pode descompoñerse en «Pé da Múa», sendo *Múa* variante de *Moa*. Desde a xeografía lingüística esta hipótese non se sostén xa que a variante *-úa* < *-ŏLA* localízase fundamentalmente no bloque oriental, moi lonxe do concello de Cerceda (A Coruña) onde se rexistra este *Pedamúa*. A outra proposta etimolóxica que atopamos para este topónimo é a ofrecida por Cabeza Quiles (2008: 480), quen considera que a base dese *múa* está na raíz prerromana **mul-l* > *mula*, voz que en orixe presentaría o significado de ‘monte zocho’, aludindo o topónimo *Pedamúa* a un «lugar situado ao pé ou baixo montes ou alturas».

• Arrexoá

- *Arrexoá* (lug.), San Pantaleón de Cabanas, Oourol, Lugo

E. Bascuas (2002: 63) ofrécenos as dúas únicas hipóteses etimolóxicas que atopamos arredor do topónimo *Arrexoá*. Por un lado pensa nunha posible forma *ARRATIOLA, *ARRAZOA «con confusión de $z > x$, disimilación de $a > e$ y desplazamiento del acento sobre la vocal más abierta en hiato», aínda que el mesmo expón as dificultades de retrotraer *Arrexoá* a esa forma: «demasiadas anomalías y, además, el desplazamiento del acento, normal en Ourense, es extraño en esa zona [en Cabanas, Oourol, Lugo]». A súa segunda proposta é un composto *ARRA-SO(L)A(N)A, con palatalización de /*s/. No DdD atopamos o verbo *arrexoar*, que pola súa forma quizais podería gardar algunha relación con este topónimo, co significado de ‘quentar’, ‘entrar en calor, desentumecerse’ (DdD: *arrexoar*).

Sobre a primeira hipótese de E. Bascuas, a forma *ARRATIOLA, non cuestionamos as anomalías que expón o autor, mais si a súa afirmación arriba apuntada: «el desplazamiento del acento, normal en Ourense, es extraño en esa zona». Se observamos os Mapas 5 e 6 podemos ver que a Mariña lucense, como xa foi debidamente sinalado, non é onde se localiza a principal concentración de topónimos en *-oá* (< ōLA), mais nesa área rexístranse tamén *As Moás* en Foz, *Airoá* e posiblemente *Amoá* no Vicedo, *teiroá* no léxico común en Mondoñedo... Consecuentemente, tendo en conta estoutros rexistros de *-oá* no norte de Lugo, cremos que o desprazamento acentual de *Arrexoá* non é argumento contundente que permita descartar a súa procedencia dunha forma rematada en *-ōLA*.

• Arzoá e Arzúa

- *Arzoá* (lug.), Berrande, Vilardevós, Ourense

- *Arzúa* (conc.), A Coruña

- *Arzúa* (parr.), Arzúa, A Coruña

- *Santa María de Arzúa* (parr.), Arzúa, A Coruña

- *Arzúa* (lug.), Arzúa, Arzúa, A Coruña

E. Bascuas (2002: 55) vincula o topónimo *Arzoá* ao topónimo *Arzúa* e propón para ambos un mesmo étimo *Artiōwa, formado sobre o tema hidronímico *ar-* (da raíz indoeuropea *er- ‘moverse’), con alongamento de *-t* (*Ar-t-*), ao que se lle engadiría o sufixo (celta ou precelta) *ōwa. Seguindo ao autor, a evolución desta forma sería: 1. *Artiōwa > 2. *Arzówa («con desplazamiento del acento en hiato sobre la vocal más abierta») > 3.a. *Arzoa* («La pérdida de /w/ puede atribuírse a una disimilación») / 3.b. *Arzuua* > *Arzúa* («El cierre de /*ō/ > /u/, comparable [...] al que se da también en Figueirúa, Ferreirúa» [<ōLA]). Para *Arzoá* engade ade-

mais que o acento mudou na última sílaba pola tendencia ourensá «al desplazamiento del mismo sobre la vocal más abierta en hiato, como ocurre en *Cabreiroá*».

Moralejo Álvarez (2007: 344) ofrécenos outra explicación sobre a orixe de *Arzoá*. O estudoso retrotrae este topónimo á forma (*villa*) **Arquiolana* ou **Artiolana*, formada a partir de **Arquius* ou **Arquiolus*, **Artius* ou **Artiolus*. Segundo a súa hipótese, *Arzoá* sería logo un antrotopónimo formado a través da adición do sufixo *-ANA*.

Para o topónimo *Arzúa* téñense proposto múltiples orixes. Unha delas é a xa anteriormente comentada de E. Bascuas (2002: 55), quen vincula *Arzúa* con *Arzoá* e propón para ambos os topónimos o étimo *Artiōwa*. Outra delas é a que nos ofrece Díaz y Díaz (1998) no artigo «Propuesta etimológica para el topónimo *Arzúa*», no que ademais sintetiza as anteriores propostas por el rexeitadas:

1. A posibilidade de que *Arzúa* sexa un topónimo de orixe vasca, pola similitude actual deste topónimo con outro navarro. Albaigés (1998: 99) considera que podería derivar do vocábulo vasco *artsu* ‘zarzoso’.
2. A hipótese defendida, entre outros, por Taboada Roca que considera que *Arzúa* provén de *Araduca*, lugar mencionado na *Xeografía* de Ptolomeo.
3. Unha terceira proposta, baseada nunha lenda popular recollida por Cachada Vigide, que sostén que o nome da parroquia de Santa María de Arzúa deriva de *Arcia*, anterior nome da veciña parroquia de Lema; a poboación desa antiga *Arcia* trasladaríase á *Arzúa* actual por mor dun terremoto e levaría o seu nome canda ela.

Como dixemos, Díaz y Díaz desbota estas tres posibilidades e sinala como étimo de *Arzúa* a forma **ARGIOLA*, derivada de *ARGIA/ARGIS*. Seguindo ao autor, da voz *argia* provén tamén o apelativo *arxe*, que designa «el conjunto de arbustos que forman matorrales, en que entran tojos, zarzas, brezos y retama», e que se mantén vivo nas comarcas de Arzúa, Boimorto e Touro, o cal lle serve ao estudoso para probar a validez da súa hipótese. Para o sufixo de **ARGIOLA*, Díaz y Díaz apunta en nota que «basta remitir a topónimos como ‘Figueroa’ (...); estaríamos, xa que logo, ante un novo fitotopónimo formado a partir da adición do sufixo *-ŌLA*.

Finalmente, Fernández López (2005: 107) propón para *Arzúa* os étimos *ILLAM-REM-SUDAM: A-Re-Sua* ou *AREAM SUDAM* (*AREA* > *aria* > *ara*; cunha evolución fonética conservadora fronte a *AREA* > *aira*, *eira*). Seguindo esta hipótese, *Arzúa* sería pois un topónimo referido ás condicións climáticas que aludiría en orixe a un lugar seco, ben orientado cara ao sol.

Desde o enfoque dialectolóxico adoptado cremos que se poden cuestionar as hipóteses de E. Bascuas e de Díaz y Díaz. Dunha banda, consideramos pouco probable que *Arzoá* e *Arzúa* sexan variantes dunha mesma forma tal e como suxire E. Bascuas. Non rexeitamos a posibilidade de que estes dous topónimos se remonten á mesma raíz prerromana, mais a orixe común das dúas terminacións e a cadea evolutiva trazada polo estudioso non parecen sosterse: o paso de *Arzoa* a *Arzúa* sería raro no sueste coruñés; o resultado ['oa] > ['ua] preséntase, tal e como xa foi explicado (capítulo 4, § 4.3), nunhas coordenadas espaciais ben definidas: a zona máis oriental de Lugo e a área asturiana. Esta localización ben concreta de *-úa* é a que nos leva tamén a cuestionar a proposta etimolóxica de Díaz y Díaz: a terminación *-ŏLA* do étimo por el suxerido para explicar *Arzúa*, **ARGIŌLA*, ten *-oa* como resultado normal na zona en que se localiza o topónimo. De proceder realmente *Arzúa* de **ARGIŌLA* estaríamos perante unha evolución insólita nesa área.

- **Cafúa**

- *Cafúa*, *A* (lug.), Bra, Friol, Lugo

A única información que atopamos sobre a orixe do topónimo *A Cafúa* na bibliografía rastrexada ofrécenola N. Ares (2002: 296), quen o vincula co apelativo *cafúa*, que posúe varias acepcións que puideron motivar o topónimo: 'choza situada en el monte, construída con terrones y cubierta de paja', 'paraje hondo; campo flanqueado por altas sierras' (DdD: *cafúa*). N. Ares considera que o étimo do apelativo e do topónimo podería estar en *CAVEŌLA*, diminutivo latino de *CAVEA* 'gaiola; colmea'; por influencia de *CAVUS* 'cavidade, concavidade, abertura'.

Partindo da distribución xeográfica das terminacións procedentes de *-ŏLA* parece complicado admitir como válida esta etimoloxía, xa que este *Cafúa* se localiza no occidente da provincia de Lugo, lonxe, polo tanto, da área delimitada para a terminación *-úa* procedente de *-ŏLA* (oriente de Lugo e occidente de Asturias).

- **Castaxúa**

- *Castaxúa* (lug.), Proendos, Sober, Lugo

Para o topónimo *Castaxúa* propón N. Ares (2005: 271) o étimo *CASA TAGIŌLA*. Ao primeiro constituínte, *CASA*, xa aludira E. Rivas (1981: 247): «Vexo de primeiro elemento *casa-*, pero non me estrevo dar etimoloxía ningunha polo de agora». N. Ares propón, «con máis ousadía, pero coa mesma inseguridade», o étimo dese segundo elemento: considera que se trata dunha forma diminutiva e propón **TAGIŌLA*, que sería un nome ou alcume persoal formado a partir de *Tagius* / *Taius*.

A partir da delimitación das áreas que ocupan os diferentes resultados de *-öLA*, cuestionamos ese étimo CASA TAGIÖLA para o topónimo *Castaxúa* xa que este se localiza na zona de maior concentración da terminación *-oá* e lonxe da área delimitada para *-úa*. No propio concello de Sober atopamos, por exemplo, a parroquia de *Figueiroá*. Con todo, a hipótese de Ares tampouco é descartable xa que, como podemos observar nos devanditos mapas, relativamente preto desta *Castaxúa* se sitúa tamén o topónimo *A Ferreirúa*, en Nogueira de Ramuín e na Pobra do Brollón, ao que se lle atribúe o étimo FERRARIÖLA (vid. *Ferreiroa* / *Ferreiroá* / *Ferreirúa* § 4.2).

- **Madroa**

- *Madroa, A* (lug.), Cesuris, Manzaneda, Ourense
- *Madroa, A* (lug.), Candeán, Vigo, Pontevedra

Segundo lemos en Navaza (2006: 326, 327), o topónimo *A Madroa* pode explicarse coma un fitotopónimo motivado pola planta do mesmo nome: ‘Asente, planta medicinal’ (GDXL: *madroa*), ‘herba de Nosa Señora’ (DdD: *madroa*). O autor recolle a orixe xa ofrecida por Sarmiento, quen vincula esta voz coa castelá *matricaria* e remonta ambas ao latín MATER, xa que «sirve mucho para enfermedades de mujeres». O propio Navaza sinala tamén a outra posible orixe deste topónimo: «Non podemos confirmar o carácter fitotoponímico da *Madroa* destes topónimos pois a mesma forma *madroa* constitúe unha variante da voz prerromana *madorra*, *madorna*, *medorra*,... de significado oronímico e as máis das veces de interese arqueolóxico, pois adoita designar mámoas ou enterramentos megalíticos». Esta orixe orotoponímica é a que E. Rivas (1980: 26) lle atribúe á *Madroa* de Vigo, vinculándoa con topónimos vigueses coma *Area de Meda* ou *Punta Madroniña*. Para todos eles supón a mesma raíz prerromana *Med-/Met-* ‘morea de forma cónica, morea’. En canto á terminación, o citado autor indica: «Hai topónimos *Madre*, *Medros*, que esixen **Mád-era*, **Méd-eros*. De **Mad-er-ola* ven *Madroa*». Este étimo apuntado por E. Rivas é cuestionable desde a xeografía lingüística. De proceder desa forma **Maderola*, é probable que *A Madroa* viguesa fose hoxe *A Madró*, con crase en [’o] da terminación, ao igual ca topónimos coma *Figueirós*, *Pereiró* ou *Viñó*, todos eles rexistrados no concello de Vigo.

- **Queiroa / Queiroás / Queirúa**

- *Queiroa* (lug.), Os Ánxeles, Boimorto, A Coruña
- *Queiroás* (parr.), Allariz, Ourense
- *Queiroás da Igrexa* (lug.), Queiroás, Allariz, Ourense
- *Queiroás Grande* (lug.), Queiroás, Allariz, Ourense

- *Queiroás Pequeno* (lug.), Queiroás, Allariz, Ourense
- *Requeixo de Queiroás* (lug.), Queiroás, Allariz, Ourense
- *Queirúa* (lug.), Leira, Ordes, A Coruña

Os fitotopónimos *Queiroa*, *Queiroás* e *Queirúa* son estudados en profundidade por Navaza (2006: 450-452) e por Álvarez Pérez *et alii* (2006: 257-307). Os dous estudos coinciden en que neste tema fitotoponímico coexisten dúas variantes principais: *queiroga* / *queiruga*, por unha banda, e *queiroa* pola outra. As primeiras poden retrotraerse a unha forma *CARIOCA, mentres que, para que aquí nos interesa, *queiroa*, se supón un étimo *CARIOLA. Atendendo ao visto no capítulo 4, deste *CARIOLA(s) podemos derivar tanto a forma *Queiroa* coma os varios *Queiroás* rexistrados en Allariz, xa que estas formas con desprazamento acentual se atopan dentro do territorio delimitado para a terminación *-oá* procedente de *-ōLA*. Esta posibilidade é sinalada xa nos dous estudos citados, onde se menciona tamén unha segunda hipótese: que *Queiroás* proceda dun derivado en *-ALES* a partir da forma *queiroa* (ou de *CARIOLALES).

Tal e como sinalamos, estas dúas formas, *Queiroa* e *Queiroás*, non presentan problemas ao retrotraerse a unha forma *CARIOLA. Non ocorre o mesmo, pola contra, co topónimo *Queirúa* que se rexistra en Ordes, moi lonxe, polo tanto, da área delimitada para a terminación *-úa* procedente de *-ōLA* (oriente de Lugo). Así pois, baseándonos na distribución diatópica destas terminacións, o topónimo *Queirúa* non podería proceder de *CARIOLA nin ser, polo tanto, unha variante de *Queiroa* e *Queiroás*. Quizais a súa orixe poida estar na outra forma, en *CARIOCA, seguindo a evolución *CARIOCA > *queiruga* > *queirúa* (coma en RUGA > *rúa*).

• **Lagoa / Lagoas / Lagúa / Lagúas / Llagúa / Llagúas (< *LACŌNA / LACŪNA)**

- *Lagoa* (parr.), Alfoz, Lugo
- *Lagoa* (parr.), Pastoriza, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Viós, Abegondo, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Feás, Aranga, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Sorrizo, Arteixo, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Ouces, Bergondo, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Soaserra, Cabanas, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), A Capela, A Capela, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Carballo, Carballo, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Lires, Cee, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Queixas, Cerceda, A Coruña
- *Lagoa de Xaviña, A* (lug.), Xaviña, Coristanco, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Fisteus, Curtis, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Cerqueda, Malpica de Bergantiños, A Coruña

- *Lagoa, A* (lug.), Santa Cruz de Moeche, Moeche, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Maianca, Oleiros, A Coruña
- *Lagoa* (lug.), San Cosme de Outeiro, Outes, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Mondego, Sada, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Codesoso, Sobrado, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Grixalba, Sobrado, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Pantín, Valdoviño, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Santa Cruz de Ribadulla, Vedra, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Salto, Vimianzo, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Brandomil, Zas, A Coruña
- *Lagoa, A* (lug.), Saavedra, Begonte, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Páramo, Castroverde, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Vilaúxe, Chantada, Lugo
- *Lagoa de Abaixo* (lug.), Rioaveso, Cospeito, Lugo
- *Lagoa de Arriba* (lug.), Rioaveso, Cospeito, Lugo
- *Lagoa* (lug.), Narla, Friol, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), O Buriz, Guitiriz, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Meira, Meira, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Moreda, Monforte de Lemos, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Piñeira, Monforte de Lemos, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Bravos, Ourolo, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Merlán, Palas de Rei, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Santa Cristina de Paradela, Paradela, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Santalla de Paradela, Paradela, Lugo
- *Lagoa* (lug.), Friolfé, O Páramo, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Pol, Pol, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Rebordaos, O Saviñao, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Cicillón, Taboada, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Trabada, Trabada, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), San Simón da Costa, Vilalba, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Galdo, Viveiro, Lugo
- *Lagoa, A* (lug.), Burgás, Xermade, Lugo
- *Lagoa* (lug.), Nieva, Avión, Ourense
- *Lagoa, A* (lug.), Couxil, Cartelle, Ourense
- *Lagoa, A* (lug.), Sabucedo, Porqueira, Ourense
- *Lagoa, A* (lug.), San Cibrao das Viñas, San Cibrao das Viñas, Ourense
- *Lagoa, A* (lug.), Vilaríño, Agolada, Pontevedra
- *Lagoa, A* (lug.), O Campo, Campo Lameiro, Pontevedra
- *Lagoa, A* (lug.), Virarello, Dozón, Pontevedra
- *Lagoa, A* (lug.), Agar, A Estrada, Pontevedra
- *Lagoa, A* (lug.), Poio, Poio, Pontevedra
- *Lagoa, A* (lug.), Salvaterra, Salvaterra de Miño, Pontevedra
- *Lagoa, A* (lug.), Vilacova, Salvaterra de Miño, Pontevedra
- *Lagoa, A* (lug.), Sobrada, Tomiño, Pontevedra

- *Lagoa, A* (lug.), Candeán, Vigo, Pontevedra
- *Lagoa, A* (lug.), Teis, Vigo, Pontevedra
- *Lagoa, A* (lug.), Sobrán, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra
- *Lagoa, A* (lug.), Baión, Vilanova de Arousa, Pontevedra
- *Rial de Lagoa* (lug.), Laiño, Dodro, A Coruña
- *Lagoas, As* (lug.), Piñeiro, Cedeira, A Coruña
- *Lagoas, As* (lug.), Mugar dos, Mugar dos, A Coruña
- *Lagoas, As* (lug.), Labrada, Abadín, Lugo
- *Lagoas, As* (lug.), Ombreiro, Lugo, Lugo
- *Lagoas, As* (lug.), A Canda, Piñor, Ourense
- *Lagoas, As* (lug.), Rebordelo, Cotobade, Pontevedra
- *Lagoas, As* (lug.), Zamáns, Vigo, Pontevedra
- *Lagúa, A* (lug.), Cascallá, Becerreá, Lugo
- *Lagúa, A* (lug.), Santo André, As Nogais, Lugo
- *Lagúa, A* (lug.), O Cebreiro, Pedrafitas do Cebreiro, Lugo
- *Lagúa, A* (lug.), Lamas do Biduedo, Triacastela, Lugo
- *Lagúa, A* (lug.), Os Coutos, Ibias, Asturias
- *Lagúa, A* (lug.), Figueiras, Castropol, Asturias (R)
- *Casa da Lagúa, A* (lug.), Grandas de Salime, Grandas de Salime, Asturias (R)
- *Llagúa, A* (lug.), Campos e Salave, Tapia de Casarego, Asturias (R)
- *Llagúa, A* (lug.), Prendonés, El Franco, Asturias (R)
- *Lagúas* (lug.), San Pedro de Neiro, A Fonsagrada, Lugo
- *Llagúas, As* (lug.), Tapia de Casarego, Tapia de Casarego, Asturias (R)

Os topónimos (*A*) *Lagoa* e (*A*) *Lagúa* teñen unha ampla presenza ao longo de todo o territorio galego. Contando a súa forma en plural mais os topónimos compostos (*Lagoa de Abaixo, Rial de Lagoa...*) rexístranse ata 70 ocorrencias no NG, excluíndo desta suma os seus derivados diminutivos *Lagoela* e *Lagoiña*. Ao seu carón atopamos tamén as variantes coa terminación en *-úa*: *Lagúa* e *Llagúa*, esta última con palatalización da lateral inicial, propia da Asturias galegófona. No NG recóllense 4 ocorrencias de *Lagúa* mais unha de *Lagúas*. No NA atopamos unha vez máis a forma *Lagúa* e finalmente, Varela Aenlle (2010) rexistra cinco veces esta forma toponímica no RTEN.

A través dos Mapas 18 e 19 podemos contrastar a repartición diatópica das variantes *lagoa ~ lagúa* na toponimia e na fala viva. Na toponimia observamos que *Lagúa* se rexistra nun pequeno recuncho do oriente de Lugo, nos concellos da Fonsagrada, Becerreá, As Nogais, Pedrafitas e Triacastela, e mais nos concellos asturianos galegófonos. No resto do territorio a variante que se recolle é *Lagoa*. É de salientar que por toda a provincia de Lugo, exceptuando a zona sinalada, se rexistra *Lagoa*. Os datos contrastan cos que nos ofrece a fala viva, onde a variante *Lagúa*, con moi pouca presenza na toponimia, se espalla por un territorio moito

máis amplo que abrangue boa parte da provincia de Lugo e o nordeste da provincia de Pontevedra e Ourense, facendo un triángulo que tería os seus vértices en Coaña (Asturias), Forcarei (Pontevedra) e A Veiga (Ourense).

A interpretación destes datos resúltanos, de primeiras, complicada, xa que as variantes *lagoa* ~ *lagúa* parecen desafiar todos os presupostos dos que partimos: a solución minoritaria ten unha presenza moito maior na fala ca na toponimia. Significa isto que a solución minoritaria foi recuando perante o avance da maioritaria *Lagoa* na toponimia e se mantivo, pola contra, na fala viva?

Deixamos o noso interrogante aberto, mais quizais a interpretación destes datos estea relacionada coa problemática sobre a orixe de *lagoa* e *lagúa*. Para algúns autores estas formas proceden do clásico LACŪNA, mentres que outros sosteñen que deben retrotraerse a unha variante *LACŌNA. Piel (1948: 339) sinala para a voz común *lagoa*, 'extensión de auga máis pequena ca o lago e de menor profundidade' (DRAG: *lagoa*), que esta non pode retrotraerse ao clásico LACŪNA, senón que debe entenderse coma o resultado galego e portugués dunha variante *LACŌNA, etimoloxía que logo del recolleron tamén outros autores. No DCECH (III, 556) sinálase que este cambio de terminación (-ŪNA > -ŌNA) debeu estar motivado pola interpretación deste substantivo como aumentativo de *lago*, idea recollida tamén por Ferreiro (1999: 45): «a evolución LACŪNA > *lagōa* > *lagoa* explícase por un cambio de sufixo por ser tratado o vocábulo como aumentativo de *lago*». Con todo, se ben a forma *lagoa* do galego común non pode proceder directamente da forma clásica, non ocorre así coa variante dialectal *lagúa*, que, como xa se sinalou, ten presenza tamén na toponimia. Ao igual que *laguna* en castelán, *lagúa* sería en galego o resultado agardado na evolución do latín LACŪNA.

7.2. As nosas hipóteses etimolóxicas feitas desde a xeografía lingüística

A partir da distribución diatópica marcada para os topónimos estudados puídemos na epígrafe anterior contestar algunhas hipóteses etimolóxicas que consideramos cuestionables. Tentaremos agora dar aínda un paso máis adiante e ofrecer as nosas propias hipóteses sobre a orixe dunha brazada de topónimos incluídos no noso corpus para os cales non atopamos información na bibliografía rastrexada. Tal e como teremos ocasión de ver, as nosas hipóteses etimolóxicas parten fundamentalmente da repartición dialectal dos resultados da terminación -ŌLA. De aí que no Mapa 21, no que localizamos xeograficamente estes topónimos,

debuxaramos tamén as isoglosas aproximadas que separan as áreas das diferentes variantes procedentes de -ÖLA

Quizais moitas das orixes aquí propostas poidan resultar demasiado aventuradas e ser facilmente constestadas. Con todo, queremos facer constar desde o comezo que a nosa pretensión non é dar unha etimoloxía, senón levar a cabo unha proposta desde a cartografía lingüística que poida ser logo aprobada ou rexeitada coas ferramentas que serven ao estudo toponímico, fundamentalmente a documentación medieval.

- **Antoa**

- *Antoa*, *A* (lug.), Piñeiro, Xermade, Lugo

O topónimo *A Antoa* pode ser interpretado coma un diminutivo da voz común *anta*, que, tal e como Cabeza Quiles (2004: 43) sinala, presenta numerosas ocorrencias na toponimia: *Anta*, *Antas*, *As Antas*, *Antes*, *Antela*... Para o singular *Anta*, en palabras do citado estudoso, «o máis probable é que nos atopemos perante un topónimo arqueolóxico, que nos sinala a presenza dunha ‘anta’, denominación popular dos dólmen do período megalítico». A. Palacio (1981: 494) retrotrae esa forma *anta* ao «tecnicismo arquitectónico latino *antae* (pluralia tantum) ‘pilares de pedra a los lados de las puertas’, ‘jambas’, significado del que, por generalización, pasó primitivamente al de ‘dólmen’ y luego al de ‘losa en general’». A esta forma *anta* procedente de *ANTAE* e con abundante presenza na toponimia engadiríase o sufixo -ÖLA na formación deste topónimo *Antoa*.

- **Basadroa**

- *Basadroa* (lug.), Eidián, Agolada, Pontevedra

O feito de rexistrarmos *Basadroa* a unha curta distancia da parroquia de *Basadre* lévanos a pensar nun posible caso de toponimia replicante coma os vistos en § 4.1. Sendo así, *Basadroa* formaríase a partir da adición do sufixo *-oa* < -ÖLA a esoutro topónimo *Basadre*, do mesmo xeito que parece ocorrer noutros topónimos xa sinalados coma *Olveira* / *Olveiroa*, *Abeleiras* / *Abeleiroas*, etc. A única información que recolleemos para o topónimo *Basadre* é a que nos ofrece E. Bascuas (2002: 184), nunha breve referencia na que indica que é de orixe prerromana, celta ou precelta.

- **Cadeiroás**

- *Cadeiroás* (lug.), Xián, Taboada, Lugo

O topónimo *Cadeiroás* pode ser interpretado coma unha forma diminutiva do apelativo *cadeira* ‘cada unha das dúas partes saíntes a ambos os lados do corpo hu-

mano, debaixo da cintura, formadas polos ósos superiores da pelve. Asento individual con respaldo, provisto ou non de brazos' (DRAG: *cadeira*). A nosa hipótese baséase na localización deste nome en Taboada (Lugo), dentro da área delimitada para a terminación *-oá* con desprazamento acentual procedente de *-ōLA*. O feito de rexistrarse a forma simple *Cadeira(s)* como forma toponímica en Porto do Son (A Coruña), Paradela (Lugo) ou Baiona (Pontevedra) parece apoiar tamén a nosa hipótese. Marqués Valea (2004: 290) retrotrae estes topónimos ao latín *CATHĒDRA* 'cadeira' e explícaos coma unha «aplicación oronímica metafórica».

- **Carzoá**

- *Carzoá* (parr.), Cualedro, Ourense
- *Carzoá* (lug.), Carzoá, Cualedro, Ourense

Cremos que o topónimo *Carzoá* pode proceder dunha forma coa terminación en *-ōLA* xa que se atopa localizado dentro do territorio delimitado para a terminación con desprazamento acentual. Unha posibilidade é vincular este *Carzoá* co zootopónimo *Corzoá* que recolle A. Palacio (1981: 363, 364) e que o autor considera procedente do zoónimo *corzo*. Quizais o *Carzoá* rexistrado en Cualedro poida ser unha variante do recollido por A. Palacio en Pantón, con asimilación da vogal da sílaba inicial átona á tónica final.

- **Caveiroa**

- *Caveiroa* (lug.), Bodaño, Vila de Cruces, Pontevedra

O topónimo *Caveiroa* podería ser interpretado coma unha forma diminutiva do apelativo *caveira* 'esqueleto da cabeza' ou, quizais mellor polo seu significado, dunha posible forma derivada do verbo *cavar* 'traballar cunha aixada ou outro instrumento semellante [un terreo], removéndolle a terra ou abríndolle sucos' (DRAG: *cavar*). Cabeza Quiles (2008: 129) ofrécenos outra posibilidade ao explicar o topónimo *Caaveiro*: «é un topónimo que parece provir da formal latina *calavariu*, á súa vez derivación do preindoeuropeo **cal* 'pedra', por alusión á elevación rochosa sobre a que se atopa o mosteiro». Quizais o noso *Caveiroa* poida estar vinculado con estoutro topónimo *Caaveiro*.

- **Covilloas**

- *Covilloas, As* (lug.), Godóns, Covelo, Pontevedra

O topónimo *As Covilloas* pode ser un derivado diminutivo do substantivo *cova*, 'cavidade natural ou artificial no terreo; cavidade que serve de refuxio ou vivenda a certos animais' (DRAG: *cova*), procedente do adxectivo *CAVUS*, *-A*, *-UM*

‘oco’. E. Bascuas (2002: 110) explica *Covillón* como topónimo derivado de *cova*. Así pois, cremos que tamén este *Covilloas* se podería explicar a partir deste apelativo, ao que se lle engadirían na formación do topónimo dous sufixos diminutivos: *-illa* + *-oa*.

- **Mañoás**

- *Mañoás* (lug.), Rubiós, Riós, Ourense

É posible que a terminación do topónimo *Mañoás* proceda do sufixo diminutivo *-ŏLA* xa que se atopa dentro do territorio que delimitamos para a solución *-oa*. No tocante á base á que sería engadida esta terminación, non temos nada seguro. Quizais *Mañoás* poida vincularse ao topónimo *Mañón* que dá nome a un concello da Mariña lucense. Sobre este *Mañón* di Navaza (2007: 83): «O nome do concello de Mañón é moi probablemente de orixe prerromana, mais non estamos en condicións de sinalar a súa etimoloxía. Aparece na documentación máis antiga coas formas *Maanione*, *O Maannon*, *Maañon*».

- **Mazúa**

- *Mazúa* (lug.), San Xurxo de Lourenzá, Lourenzá, Lugo

Pola súa localización na zona máis oriental da provincia de Lugo, o topónimo *Mazúa* podería retrotraerse a unha forma rematada en *-ŏLA*, xa que *-úa* é a solución para esta terminación rexistrada nesa zona. Podería vincularse co apelativo *maza* ‘ferramenta de madeira ou doutro material, que consta dunha peza maciza de formas e tamaños diferentes, inserida polo centro ou por un lateral nun mango, utilizada para pisar, machucar ou golpear’ (DRAG: *maza*). Marqués Valea (2004: 731) recolle no seu traballo diferentes topónimos que presentan o constituínte *mazo* (Chave do Mazo, O Mazo...) que están motivados, seguindo á autora, pola presenza dunha primitiva industria de ferro na que se empregaría esta ferramenta. No DCECH (III, 893) explícase *maza* a través da forma do latín vulgar **ΜΑΤΤĒΑ*, que sería un derivado regresivo do latín *MATEŎLA* ‘martelo, mazo’. Á mesma orixe ca o noso *Mazúa* podería retrotraerse o topónimo castelán *Mazuela*, que dá nome a un municipio da provincia de Burgos.

- **Meiroá / Meiroás**

- *Meiroá, A* (lug.), Esgos, Esgos, Ourense

- *Meiroás, As* (lug.), Esgos, Esgos, Ourense

Cremos que *Meiroá* e *Meiroás* poden vincularse formalmente co topónimo *Meira*, que dá nome a concello, parroquia e lugar de Lugo, a outra parroquia de Moaña

(Pontevedra) e a outros dous lugares, en Mañón (A Coruña) e en Cuntis (Pontevedra). Sobre a orixe de *Meira*, seguimos a explicación de Navaza (2011: 3), para o cal «exige un étimo **Meria*, formado sobre un elemento hidronímico *mer-* de oríxenes prelatino, pertencente a la raíz indoeuropea *mori*, *mōri* ‘mar, agua’». Esta é a hipótese recollida tamén por Cabeza Quiles (1992: 262). *Meiroá* e *Meiroás* poderían ser formas diminutivas dese *Meira* < **Meria*, formadas a través da adición do sufixo *-ŏLA*, que tería como resultado a forma *-oá* propia do territorio onde estes topónimos se localizan. A adición da terminación latina *-ŏLA* a unha base prerromana non é un proceso insólito, senón que se verifica noutras formas topónimas anteriormente analizadas coma *Coiroa*, *Gandaroa*, *Loñoá* ou *Urroa* (§ 4.2).

• Meneiros

- *Meneiros*, *As* (lug.), Coiro, A Laracha, A Coruña

Meneiros pode interpretarse coma un fitotopónimo formado a partir da adición do sufixo diminutivo *-ŏLAS* (< *oas*) ao fitónimo *ameneira*, feminino de *ameneiro*. O nome desta árbore procede dunha forma prerromana **AMINARIUS* / **AMINARIU* e a forma feminina corresponde normalmente a un significado colectivo (Navaza 2006: 54). A favor desta hipótese está o feito de seren ben frecuentes os fitotopónimos formados a través do devandito sufixo: *Carballoa* (de *carballa*), *Castañeira* e *Castañeirúa* (de *castiñeira*), *Cerdeiroa* (de *cerdeira*), *Figueiroa*, *Figueiroá*, *Figueirúa* e *Figueiró* (de *figueira*), etc. Derivados dunha base con significado colectivo paralelo ao de *ameneira* (conxunto de *ameneiros*), podemos sinalar *Piñeiroá* e *Piñeirúa* (de *piñeira*, colectivo de *piñeiros*) ou *Salgueiroas* (de *salgueira*, colectivo de *salgueiros*) (vid. § 4.2). No tocante á aférese da vogal inicial, este fenómeno prodúcese tamén noutros fitotopónimos formados a partir de *ameneiro* / *amieiro* como *O Mieiro*, *Fonte do Mieiro*, recollidos por Navaza (2006: 56), ou *O Meiral*, *Os Meirales*, rexistrados por Marqués Valea (2004: 350).

• Paradoa

- *Paradoa* (lug.), A Silvarredonda, Cabana de Bergantiños, A Coruña

O topónimo *Paradoa* pode ser interpretado coma un diminutivo de *parada*, procedente de *PARATA*, forma feminina do participio *PARATUS*, -A, -UM de *PARARE* ‘deter’. Cabeza Quiles (2000: 299) fai referencia aos topónimos *Parada* e *Paradela* que «ofrecen (...) o mesmo detalle orográfico xa que os emprazamentos dese nome están en topografías moi parecidas, consistentes en paradas ou descansos orográficos». *Paradela* é para Cabeza Quiles e tamén para N. Ares (1995: 68) un diminutivo dese *parada*. Do mesmo xeito, *Paradoa* tamén podería ser unha forma diminutiva de *parada*, formada neste caso a partir da adición do sufixo *-ŏLA*.

- **Parañoa**

- *Parañoa* (lug.), Budiño, O Pino, A Coruña

O topónimo *Parañoa* pode ser interpretado coma unha forma diminutiva a través da adición do sufixo -ÖLA. Neste sentido podería vincularse co topónimo *Paraño* que segundo Cabeza Quiles (2004: 471) procede da voz latina PETRANEU ‘de pedra’ e dá nome a «emprazamentos moi pedrosos». Á forma feminina deste PETRANEU que deu *Paraño* puido engadírselle o sufixo -ÖLA para formarse o noso *Parañoa*. Nos dicionarios atopamos o apelativo *parañoa* cos significados de ‘prolongación cara a adiante do lar do forno, formando unha especie de mesa’ e ‘pedra que hai detrás do fogar para sentarse nela’ (DRAG: *parañoa*).

- **Pezos**

- *Pezos, As* (lug.), Caamouco, Ares, A Coruña

O topónimo *As Pezos* pode ser interpretado como forma diminutiva de *peza*, substantivo procedente do célt. *PĒTTĪA ‘pedazo’ e que, entre outras acepcións diversas presenta os sentidos de ‘porción de terreo de cultivo’ (DRAG: *peza*) e de ‘campo grande que se labra’ (DdD). Estes significados son os que deben estar tras topónimos coma *A Peza* ou *As Pezas* (e outros coma *Pezós*, no occidente de Asturias), estudados por Marqués Valea (2004: 628, 629). O topónimo *Pezos* formaríase entón a través da adición do sufixo -ÖLAS (< -oas) á base *pezas*. Á mesma orixe ca o noso *Pezos* pode retrotraerse o primeiro constituínte do topónimo castelán *Pezuela de las Torres*, que dá nome a un municipio madrileño.

- **Pigaroa**

- *Pigaroa, A* (lug.), Momán, Xermade, Lugo

O topónimo *Pigaroa* pode ser interpretado como un diminutivo creado a través da adición do sufixo diminutivo -ÖLA (< -oa) a unha base **pígara*. Na toponimia rexístrase *Pígara* como nome dun lugar da parroquia de Goiriz, en Vilalba (Lugo). No DdD atopamos o substantivo *pígara* co significado de ‘gallina que a distancia se parece por su plumaje a la perdiz’ e o substantivo *pígara/a* co sentido de ‘jaspado. Que está manchado y salpicado de pintas’. Frutos Fernández (2007: 220) recolle no seu traballo o topónimo *Pigariños* e sinala que posiblemente derive da raíz indoeuropea **Peig-* (ou **Peik-*) ‘marcar, gravar, de varias cores’ e aluda quizais «á cor da terra, a unha tonalidade rubia ou dourada».

- **Raxoá**

- *Raxoá, A* (lug.), Trascastro, O Incio, Lugo
- *Raxoá* (lug.), Alixo, O Barco de Valdeorras, Ourense

A localización de (*A*) *Raxoá* dentro do territorio delimitado para a solución *-oá* procedente de *-ōLA* fainos pensar que este topónimo poida ser un derivado diminutivo de *raxa*, substantivo que aparece definido no DdD como ‘parte de alguna cosa’, ‘hendidura’. N. Ares (1996: 612) vincula tamén con esta forma os topónimos *Raxás* e *Raxal*, que considera colectivos de *raxa*. O mesmo autor, seguindo a García de Diego, atribúe a *raxa* o étimo **RADIA*. A mesma orixe ca *Raxoá* podería ter tamén o topónimo *Raxó*, nome dunha parroquia do concello de Poio (Pontevedra), situada na área da solución *-ó* < *-ōLA*.

- **Roxoa**

- *Roxoa* (lug.), Castromaior, Abadín, Lugo

O topónimo *Roxoa* parécenos unha forma diminutiva do adxectivo *roxo/a* ‘de cor entre o castaño tirando a vermello e o amarelo tirando a vermello’ (DRAG: *roxo*), procedente do latín *rūssēus*, *-A*, *-UM* ‘vermello’. Tal e como sinala Marqués Valea (2004: 663), este termo ten unha importante presenza na toponimia, sendo bastante frecuentes formas coma *Roxa*, *Roxas*, *Roxal*, etc. Seguindo á citada autora, na toponimia parece máis apropiado relacionar *roxa* e derivados cun xenérico ‘lugar quente, lugar abrigado’.

8. Resumo e conclusións

Combinando os coñecementos e as ferramentas da toponimia e da xeografía lingüística, achegámonos ao longo destas páxinas a un bo número de topónimos galegos rematados en *-oa*, *-oá*, *-úa* e *-uá*. Logo de procurarmos a súa orixe, clasificamos os nomes estudados en cinco grupos atendendo á terminación do seu étimo: *-ōNA*, *-ōNA*, *-ōLA*, *-ōLA* e outras. No cadro 1 sintetizamos os resultados desas terminacións etimolóxicas na toponimia maior galega:

CADRO I. RESULTADOS DE *-ōNA*, *-ōNA*, *-ōLA*, *-ōLA* NA TOPONIMIA GALEGA

	<i>-ōNA</i>	<i>-ōNA</i>	<i>-ōLA</i>	<i>-ōLA</i>
<i>-OA</i>	Lamaboa Penaboa	Ambroa Amproa Croa	Ferreiroa Figueiroa Pereiroa	Casasoa
<i>-OÁ</i>			Ferreiroá Figueiroá Pereiroá	Casasoá
<i>-ÚA</i>	Llamabúa Pena Búa	Barcúa ? Castías ?	Ferreirúa Figueirúa Pereirúa	
<i>-UÁ</i>			Lixuás ? Muruás ? Paraxuá ?	
<i>-Ó</i>			Eiró Figueiró Pereiró	

Observamos os topónimos estudados desde a perspectiva da dialectoloxía, cartografámoslos e constatamos así que as diferentes evolucións de cada unha das terminacións se encontran distribuídas diatopicamente. De xeito resumido, o seu reparto dialectal é o seguinte:

1. *-ōNA*. O resultado maioritario é *-oa* (*Lamaboa*, *Penaboa*...) que se espalla por todo o territorio estudado. A variante *-úa* (*Llamabúa*, *Pena Búa*...) restrínxese á área asturiana (Mapa 1).

2. *-ŌNA*. A solución en *-oa* (*Ambroa*, *Amproa*, *Croa*...) é tamén a máis frecuente (Mapa 3). Hai tamén topónimos coa *N* intervocálica conservada, coma *Carmona* ou *Baiona*. Na área asturiana, cando *-ŌNA* presenta valor sufixal aumentativo tamén puido evolucionar en *-úa*, de tal xeito que, sen atestacións antigas, non é posible saber con certeza se formas coma *Barcúa* ou *Casúas* proceden dun étimo rematado en *-ŌNA* ou en *-ŎLA* (Mapa 17).
3. *-ŎLA*. Desde a óptica da xeografía lingüística é a máis interesante das terminacións por ser a que deu un maior número de resultados diverxentes repartidos xeograficamente (Mapas 5 e 6). A solución maioritaria en *-oa* (*Ferreiroa*, *Figueiroa*, *Pereiroa*...) ocupa toda a provincia da Coruña, boa parte da de Lugo, a Pontevedra interior e o noroeste ourensán. A terminación *-oá* (*Ferreiroá*, *Figueiroá*, *Pereiroá*...) aparece maioritariamente na provincia de Ourense, no centro e suroeste de Lugo e tamén en puntos illados do norte desta provincia. A terminación *-úa* (*Ferreirúa*, *Figueirúa*, *Pereirúa*...) localízase nunha área compacta do nordeste lucense (Riotorto, A Pontenova, A Fonsagrada e Navia do Suarna) e nos concellos asturianos galegófonos. O resultado en *-ó* (*Eiró*, *Figueiró*, *Pereiró*...) rexístrase ao longo da costa pontevedresa, desde a Arousa ata a desembocadura do Miño; por todo o sur interior desta mesma provincia e na zona máis suroccidental de Ourense. A área desta terminación en *-ó* esténdese aínda alén do Miño, sendo a solución maioritaria para *-ŎLA* en todo o territorio portugués. Finalmente, en puntos illados de Lugo e Ourense, na periferia da zona de *-oá*, aparece un quinto posible resultado en *-uá* (*Lixuás*, *Paraxuá*, *Muruás*...) (Mapas 12 e 13).
4. *-ŎLA*. A través dos datos da toponimia coñecemos dous resultados de *-ŎLA*: *-oa* (*Casasoa*...) e *-oá* (*Casasoá*). A súa distribución diatópica coincide coa descrita para *-oa* e *-oá* procedentes de *-ŎLA* (Mapa 10).

A distribución xeográfica das variantes toponímicas estudadas é congruente coa organización diatópica xeral do territorio galegófono. Tomando como referencia a clasificación dialectal establecida por Fernández Rei (1990: 106 ss.) observamos que as terminacións minoritarias poderían considerarse fenómenos caracterizadores de certas áreas, a saber:

1. A solución en *-oá*, procedente de *-ŎLA* (*Ferreiroá*, *Figueiroá*, *Pereiroá*...) ou de *-ŎLA* (*Casasoá*) é característica da área lucu-auriense. Outros fenómenos propios dos falares desta área que abrangue territorialmente o sur de Lugo e a maior parte de Ourense son os demostrativos masculinos *iste*, *ise*, *aquil* ou os pronomes de suxeito *il* e *tu*.

2. A solución en *-ó* procedente de *-ōLA* (*Eiró, Figueiró, Pereiró...*) é propia da área pontevedresa, se ben cara á parte interior central rexistramos a terminación maioritaria (*A Airoa* en Fornelos de Montes, *O Outeiro da Moa* en Mondariz ou *Figueiroa* no Covelo). Rexístrase tamén *-ó* no suroeste ourensán, unha zona que, tendo en conta certos fenómenos, ben se podería considerar unha prolongación do galego pontevedrés: na microsubárea do Ribeiro teñen a terminación feminina *-án* (*a irmán, a mazán*) fronte a *-á* (*a irmá, a mazá*), característica de Ourense; na microsubárea da Limia Baixa rexístrase o plural occidental *-ns*: *os cans, os xardíns* (fronte ao central *os cas, os xardís*).
3. A solución en *-úa* procedente de *-ōLA* (*Ferreirúa, Figueirúa, Pereirúa...*), *-ōNA* (*Llamabúa, Pena Búa*) e *-ōNA* con valor aumentativo, localízase fundamentalmente na área asturiana, que comprende as falas galegas do occidente de Asturias e o concello lucense de Negueira de Muniz. Entre os fenómenos caracterizadores desta área podemos sinalar o plural en *-íus, -ías* (*os vecíus, as vecías* fronte ao común *os veciños, as veciñas*), o mantemento do *-L-* intervocálico latino (*avolo, molín...*) ou o artigo indeterminado feminino *-úa* e os indefinidos *algúa* e *ningúa*. Para os topónimos retrotraíbles a un étimo en *-ōLA*, a isoglosa de *-úa* ultrapasa os lindes da área asturiana. No leste de Lugo rexístranse tamén formas toponímicas coma *Folgueirúa* (en Riotorto), *Pereirúa* (na Fonsagrada), *Figueirúa* (na Pontenova) e *As Ferreirúas* (en Navia de Suarna). Alén desta terminación en *-úa*, os falares desta zona comparten cos da área asturiana outros trazos dialectais coma a terminación *-ín* de substativos coma *camín* ou *padrín*, fronte á maioritaria *-iño* (*camiño, padriño*).

A través deste estudo dos topónimos galegos rematados en *-oa, -oá, -úa* e *-uá* deixamos demostrada e exemplificada a validez dos presupostos teóricos dos que partimos ao iniciarmos este traballo (§ 1.1. *Toponimia e variación dialectal*). Dunha banda, a toponimia constitúe unha valiosa fonte para o estudo da dialectoloxía. Deste xeito, a través de datos toponímicos podemos coñecer informacións relevantes sobre estadios anteriores da xeografía lingüística e trazar o esbozo de mapas dialectais pasados. No caso que nos ocupa, tomando como obxecto de estudo formas toponímicas descubrimos un fenómeno dialectal ao que non sería posible achegarse partindo de datos do léxico común. A variación xurdida a partir das diverxentes evolucións da terminación latina *-ōLA* non se manifesta coa mesma intensidade na toponimia ca no léxico común: as solucións en *-oá* e *-úa*

están practicamente desaparecidas na lingua común, onde tan só achamos algunha reliquia coma *teirúa* e *teiroá*; a solución en *-ó*, aínda que si se mantén (*teiró*, *filló*, *mó*) vai recuando no espazo fronte á maioritaria *-oa*. Contemplamos o mapa xeolectal dos topónimos coma o hipotético mapa dun estadio anterior da lingua galega. Desde o noso punto de vista, nalgún momento pasado deberon darse na lingua común as solucións que encontramos na toponimia. Irían logo recuando e mesmo desaparecendo as terminacións minoritarias, mais manteríanse cristalizadas nos topónimos, inalterados ante as mudanzas lingüísticas.


Por outra parte, os coñecementos da toponimia tamén poden ser complementados a través da xeografía lingüística. A través da situación xeolectal dun determinado topónimo, nunha área ou noutra, poden ser reafirmadas ou cuestionadas as hipóteses sobre a súa orixe. No noso traballo ensaiamos tamén este procedemento. Logo de debuxarmos o mapa coa distribución diatópica dos topónimos procedentes dun étimo en *-ōLA*, no capítulo 7 deste traballo cuestionamos unha serie de hipóteses etimolóxicas ofrecidas por diferentes estudosos tendo en conta as localizacións xeográficas dos topónimos analizados.

Anexo. Mapas

- Mapa 1. Topónimos compostos de *boa* (< BŎNA)
- Mapa 2. *Boa* (< BŎNA)
- Mapa 3. Topónimos procedentes de -ŎNA
- Mapa 4. *Broa* (< *BORŎNA)
- Mapa 5. Topónimos procedentes da terminación latina -ŎLA
- Mapa 6. Topónimos procedentes da terminación latina -ŎLA
- Mapa 7. Resultados de *teiroa* (< *TELARIŎLA)
- Mapa 8. Resultados de *moa* (< *MŎLA)
- Mapa 9. Resultados de *filloa* (< FOLIŎLA)
- Mapa 10. Topónimos compostos de *soa* (< SŎLA)
- Mapa 11. Topónimos en -uás posiblemente procedentes de -ŎLA
- Mapas 12 e 13. Topónimos en -uá(s) en relación cos procedentes de -ŎLA
- Mapa 14. *Lambona*
- Mapa 15. *Choronas*
- Mapa 16. *Solteirona*
- Mapa 18. *Lagoa* ~ *Lagúa* na toponimia
- Mapa 19. *lagoa* ~ *lagúa* na fala viva
- Mapa 20. Topónimos dubidosos I
- Mapa 21. Topónimos dubidosos II


MAPA I. TOPÓNIMOS COMPOSTOS DE *BOA* (< *BŎNA*)

○	<i>-oa</i>
■	<i>-úa</i>




MAPA 2. *BoA* (< BŎNA)Fonte: *ALGa* II: 28, *Bo*, *boa*.

○	boa
◻	búa
+	b[ôã]
×	buena



MAPA 3. TOPÓNIMOS PROCEDENTES DE *-ōNA*


○	<i>-oa</i>
---	------------



MAPA 4. *BROA* (< *BORŌNA)


Fonte: *ALGa* III: 28, Resultados de -N- intervocálico 'ōNA
[Prerromano *BORŌNA > *broa*]

○	['oa]
●	['ona]
+	['oa]




MAPA 5. TOPÓNIMOS PROCEDENTES DA TERMINACIÓN LATINA -ŎLA

○	<i>-oa</i>
●	<i>-oá</i>
◻	<i>-úa</i>
★	<i>-ó</i>



MAPA 6. TOPÓNIMOS PROCEDENTES DA TERMINACIÓN LATINA -ŎLA


○	-oa
●	-oá
◻	-úa
★	-ó



MAPA 7. RESULTADOS DE *TEIROA* (< *TELARIÖLA)

Fonte: *Glosario de voces galegas de hoxe* (C. García, 1985: 672, 673): *teiroa*: «teiroa, f., (Fea. Cur. Lax. Tob. Dum. Com. Mel. Sob. Gui. Fri. Sua. Ped. Pan. Ram. Ver. Vil.), *ateiró* (Mar. Mez. Ver.), *ateiroa* (Ver.), *ateiroá* (Ver.), *teiró* (Gro. Mar.), *teiroá* (Com. Val. Per. Inc. Mon. Xun. Mra. Cal. Gud. Mez. Ver. Por.), *teiroga* (Caa. Cab. Gun.), *teiról* (Mar.), *teirúa* (Sua.), *teiruga* (Ced. Cre. Bur.), *tieira* (Oir.) *telera del arado*»


○	<i>teiroa, ateiroa</i>
●	<i>teiroá, ateiroá</i>
◻	<i>teirúa</i>
★	<i>teiró, ateiró</i>
▲	<i>teiroga</i>
△	<i>teiruga</i>
◆	<i>teiról</i>



MAPA 8. RESULTADOS DE MOA (< *MÖLA)

Fonte: ALGa II: 27, *Moa*.


○	m['ɔ]a
⊙	m['o]a
★	m['ɔ]
◆	m['ɔ]la
◇	m['o]la



MAPA 9. RESULTADOS DE *FILLOA* (< FOLIÖLA)


Fonte: *ALGa* III: 125, Resultados do encontro secundario de o acentuado (<ö) + -A final como consecuencia da perda de -L- intervocálico. Lat. FOLIÖLA > *filloa*.

○	fill['ɔ]a
⊙	fill['o]a
★	fill['ɔ]
▲	fill['ɔ]ga
◆	fill['ɔ]la




MAPA 10. TOPÓNIMOS COMPOSTOS DE *soa* (< *sōla*)

○	- <i>oa</i>
●	- <i>oá</i>





MAPA 11. TOPÓNIMOS EN *-uá(s)* POSIBLEMENTE PROCEDENTES DE *-ŏLA*

■	<i>-uá</i>
---	------------




MAPAS 12 E 13. TOPÓNIMOS EN EN *-ua(s)* EN RELACIÓN COS PROCEDENTES DE *-ŏLA*

○	<i>-oa</i>
●	<i>-oá</i>
◻	<i>-úa</i>
★	<i>-ó</i>
■	<i>-uá</i>



MAPA 14. *LAMBONA*Fonte: *ALGa* II: 44, *Lambona*.


○	lamb['ona]
⊙	lamb['õa]
●	lamb['oa]
⊚	lamb['ɔa]
+	lamb['jɔna]
×	lamb['joa]
*	lamb['jɔa]
□	lamb['jua]



MAPA 15. CHORONAS

Fonte: ALGa II: 45, *Choronas*


○	chor['onas]
●	chor['oas]
◻	chor['uas]




MAPA 16. SOLTEIRONA

Fonte: *ALGa* II: 46, *Solteirona*

○	solteir['ona]
●	solteir['oa]
◻	soltei['ua]




MAPA 17. TOPÓNIMOS ASTURIANOS REMATADOS EN -ÚA, -OIA E -OIÁ



MAPA 18. *LAGOA* ~ *LAGÚA* NA TOPONIMIA


○	<i>Lagoa</i>
■	<i>Lagúa</i>




MAPA 19. *LAGOA* ~ *LAGÚA* NO LÉXICO COMÚN

Fonte: *ALGa* III: 131, Resultados do encontro secundário de O acentuado (< Ū) + -A final como consecuencia da perda de -N- intervocálico.
Lat. LACŪNA > lagoa


○	<i>lagoa</i>
◻	<i>lagúa</i>



MAPA 20. TOPÓNIMOS DUBIDOSOS I



MAPA 21. TOPÓNIMOS DUBIDOSOS II



Referencias bibliográficas

- ALBAIGÈS I OLIVART, Josep M. (1998): *Enciclopedia de los topónimos españoles*. Barcelona: Planeta.
- ALGa II = ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (coord.) (1995): *Atlas Lingüístico Galego. Volume II: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- ALGa III = GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (coord.) (1999): *Atlas Lingüístico Galego. Volume III: Fonética*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (coord.) (1995) = ALGa II.
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (2002): «Topónimos en *-edo* e *-ido*», en Ana Isabel BOULLÓN AGRELO (ed.), *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas (Santiago de Compostela, 20-25 de setembro de 1999)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 87-101.
- ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (2007): «*Ayroa, Riazón, Lagosteiras, Oiteiro*. Algúns procesos de cambio lingüístico testemuñados en apuntamentos onomásticos de Martín Sarmiento», en Luz MÉNDEZ / Gonzalo NAVAZA (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica «Frei Martín Sarmiento» (Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002)*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 49-67.
- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso / Xacinta VARELA MARTÍNEZ / Antón SANTAMARINA (coord.) (2006): «Permanencia de léxico antigo no galego actual: o caso de *Quiroga*», en Rosario ÁLVAREZ BLANCO / Francisco DUBERT GARCÍA / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (eds.), *Lingua e Territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 257-307.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1994): «Toponimia do concello de Pol», *Lucensia* 9, 153-164.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1995): «Toponimia do concello de Paradela», *Lucensia* 11, 65-76.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1996): «Toponimia do concello de Viveiro», *Estudios Mindonienses* 12, 603-618.

- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (1998): «Toponimia do concello de Silleda», *Lucensia* 17, 301-331.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (2000): «Toponimia do concello de Monterroso», *Lucensia* 21, 299-376.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (2002): «Toponimia do concello de Friol», *Lucensia* 25, 293-318.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro (2005): «Toponimia do concello de Sober», *Lucensia* 31, 245-280.
- BABARRO, Xoán (2003): *Galego de Asturias: delimitación, caracterización e situación socio-lingüística*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- BASCUAS LÓPEZ, Edelmiro (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Anexo 51 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Servizo de Publicacións e Intercambio Científico).
- BASCUAS LÓPEZ, Edelmiro (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleoeuropeo en Galicia*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (1996): «Descendentes galegos de *Johannes*», en Ramón LORENZO VÁZQUEZ / Rosario ÁLVAREZ BLANCO (coords.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Servizo de Publicacións e Intercambio Científico), 377-392.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (2002): «Onomástica e dialectoloxía: a propósito de *raposo* e *golpe*», en Rosario ÁLVAREZ BLANCO / Francisco DUBERT GARCÍA / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 115-136.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega <<http://ilg.usc.es/cag/>>.
- CABEZA QUILES, Fernando (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e significado*. Vigo: Xerais.
- CABEZA QUILES, Fernando (2000): *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Noia: Toxosoutos.
- CABEZA QUILES, Fernando (2008): *Toponimia de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- CARBALLEIRA ANLLO, Xosé María (coord.) (2009) = GDXL.
- CELDRÁN GOMARIZ, Pancracio (2009⁵): *Diccionario de topónimos españoles y sus gentilicios*. Madrid: Espasa Calpe.
- CODOLGA = Xosé Eduardo LÓPEZ PEREIRA (dir.) (2008): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CIRP) <<http://corpus.cirp.es/codolga/>>.
- CONCEPCIÓN SUÁREZ, Julio (2001): *Diccionario toponímico de la montaña asturiana (etimológico)*. Oviedo: KKR Ediciones.

- CONCEPCIÓN SUÁREZ, Julio (2007): *Diccionario etimológico de toponimia asturiana*. Oviedo: KKR Ediciones.
- COROMINAS, Joan / José A. PASCUAL (1980-1991) = DCECH.
- COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Henrique (2009): «A deturpación da toponimia galega do Eo-Navia», *Cadernos de Lingua* 30 / 31, 5-26.
- COSTAS GONZÁLEZ, Xosé Henrique (2011): *A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo occidental, As Portelas, Calabor e o Val do Ellas: historia, breve caracterización e situación socio-lingüística actual*. Anexo 8 de *Cadernos de Lingua*. A Coruña: Real Academia Galega.
- DCECH = Joan COROMINAS / José A. PASCUAL (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- DdD = Antón SANTAMARINA (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega <<http://sli.uvigo.es/DdD/>>.
- DDGM = Ernesto GONZÁLEZ SEOANE (dir.) (2006): *Diccionario de diccionarios do galego medieval*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Servizo de Publicacións e Intercambio Científico).
- DÍAZ Y DÍAZ, Manuel Cecilio (1998): «Propuesta etimológica para el topónimo Arzúa», en Dieter KREMER (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia.
- DIÉGUEZ GONÇÁLEZ, Júlio (2000): «Sobre *cas-*, *casa-*, *cacha-* na toponimia da Galiza», in Juan M. CARRASCO GONZÁLEZ / M^a Jesús FERNÁNDEZ GARCÍA / María Luisa Trindade MADEIRA LEAL (eds.), *Actas del Congreso Internacional de Historia y Cultura en la Frontera. I Encuentro de Lusitanistas Españoles (Cáceres 10, 11 y 12 de noviembre de 1999)*. Cáceres: Universidad de Extremadura, 883-913.
- DIÉGUEZ GONÇÁLEZ, Júlio (2001): «Galego-português lucu-auriense: resultados *aj* (< *aj*), *aw* (< *aw*) e umha antiga ditongaçom do *e* (> *ja*) e *o* (> *wa*) tónicos», *Agália*, nº 67 / 68, pp. 153-184.
- DIÉGUEZ GONÇÁLEZ, Júlio (2002): *Toponímia galega na escrita notarial medieval, derivados com o sufixo -olu, -ola*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- DRAG = Manuel GONZÁLEZ GONZÁLEZ / Antón SANTAMARINA (dirs.) (2012): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega <<http://www.realacademiagalega.org/diccionario>>.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Frutos (2007): *Nomes do Ribeiro*. O Carballiño: Instituto de Estudos Carballiñeses.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, J. Ramón (1981): «Topónimos compuestos románicos: la estructura 'determinado + determinante' / 'determinante + determinado'», *Verba* 8, 229-246.
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, María Concepción (2005): «Palas (de Rei): *Palatii/ *Parias; Paraxúa; Arzúa», *Jacobus: revista de estudos jacobeos y medievales* 19 / 20, 99-107.

- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- FERREIRO FERNÁNDEZ, Manuel (1997): *Gramática Histórica Galega (II. Lexicoloxía)*. A Coruña: Laivento.
- FERREIRO FERNÁNDEZ, Manuel (1999⁴): *Gramática Histórica Galega (I. Fonética e Morfosintaxe)*. A Coruña: Laivento.
- GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino (1975): «Resultados del sufijo *-ANA* en gallego», *Verba* 2, 151-156.
- GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Secretariado de Publicacións da Universidade).
- GDXL = Xosé María CARBALLEIRA ANLLO (coord.) (2009): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. Vigo: Xerais.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (coord.) (1999) = *ALGa* III.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel / Antón SANTAMARINA (dirs.) (2012) = DRAG.
- GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto (dir.) (2006) = DDGM.
- INSTITUTO ASTURIANO DE ESTADÍSTICA (2011): *Nomenclátor de Asturias* <<http://www.sadei.es/indexsub.asp?id=Nomenclator/Nomenclator.htm>>.
- JUNTA DE CASTILLA Y LEÓN (2006): *Nomenclátor de Castilla y León. Año 2006*. Valladolid: Junta de Castilla y León.
- LÓPEZ PEREIRA, Xosé Eduardo (dir.) (2008) = CODOLGA.
- MACHADO, José Pedro (1993): *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- MARQUÉS VALEA, Xulia (2004): *A toponimia de Trabada*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- MARTÍNEZ LEMA, Paulo (2007): «Orotoponimia da comarca do Barbanza no tomo de Toxos Outos», en Joám EVANS PIM / Bárbara KRISTENSEN / Oscar CRESPO (eds.), *Actas do I Congreso da Mocidade Investigadora (25-26 de outubro de 2007)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / IGESIP, 189-195.
- MARTÍNEZ LEMA, Paulo (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón (1968): *Toponimia prerrománica hispana*. Madrid: Gredos.
- MORALEJO ÁLVAREZ, Juan José (2007): *Callaica Nomina. Estudios de Onomástica Gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- MORALEJO ÁLVAREZ, Juan José (2009): «Toponimia de las vías romanas de Galicia», *Palaeohispanica* 9, 189-202.

- MORALEJO ÁLVAREZ, Juan José (2011): «Topónimos galaicos con final *-oño*», en Eugenio R. LUJÁN / Juan Luis GARCÍA ALONSO, *A Greek Man in the Iberian Street. Papers in Linguistics and Epigraphy in Honour of Javier de Hoz*. Innsbruck: Innsbrucker Beiträge zur Sprachwissenschaft.
- MORALEJO LASSO, Abelardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- NAVAZA BLANCO, Gonzalo (2002): «Dialectoloxía e toponimia», en Rosario ÁLVAREZ BLANCO / FRANCISCO DUBERT GARCÍA / Xulio SOUSA FERNÁNDEZ (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 137-146.
- NAVAZA BLANCO, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia gallega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- NAVAZA BLANCO, Gonzalo (2007): *Toponimia de Catoira*. Catoira: Concello de Catoira.
- NAVAZA BLANCO, Gonzalo (2007b): «Estudio Etimolóxico», en VV.AA, *Estudo da microtoponimia nas mariñas lucenses e Ortegál*. Santiago de Compostela: Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.
- NAVAZA BLANCO, Gonzalo (2011): «Galicia» en Xosé Lluís GARCÍA ARIAS (coord.) / Emili CASANOVA (ed.), *Toponimia Hispánica. Oríxenes e evolución de nosros topónimos máis importantes*. Valencia: Denes editorial, 2- 28.
- NIETO BALLESTER, Emilio (1997): *Breve diccionario de topónimos españoles*. Madrid: Alianza.
- NG = XUNTA DE GALICIA [COMISIÓN DE TOPONIMIA] (2004): *Nomenclátor de Galicia: toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia <<http://www.xunta.es/toponimia>>.
- OELG = Martín SARMIENTO (1999): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. Edición de José Luis PENSADO TOMÉ. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- PALACIO SÁNCHEZ, Antón (1981): *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento inédita.
- PÉREZ PASCUAL, José Ignacio (1981): *Sobre la -N- intervocálica en gallego*. Memoria de licenciatura inédita.
- PIEL, Joseph M. (1945): «As águas na toponimia galego-portuguesa», *Boletim de Filologia* VIII, 305-342.
- PIEL, Joseph M. (1947): «Nomes de lugar referentes ao relevo e ao aspecto xeral do solo (capítulo de una toponimia galego-portuguesa)», *Revista Portuguesa de Filologia* 1, 153-197.

- PIEL, Joseph M. (1950): *Os nomes dos santos tradicionais hispânicos na toponímia peninsular*. Separata de *Biblos xxv-xxvi*. Coimbra: Universidade de Coimbra.
- PIEL, Joseph M. (1951): «Os nomes das *quercus* na toponímia peninsular», *Revista Portuguesa de Filologia* 4, 310-341.
- PIEL, Joseph M. (1953): *Miscelânea de etimologia portuguesa e galega*. Coimbra: Universidade de Coimbra.
- PIEL, Joseph M. (1967): «Über Tiernamen in der hispanischen, insbesondere portugiesischen Toponomastik, I», *Aufsätze zur portugiesischen Kulturgeschichte* 6, 1966 (1967), 164-202.
- PIEL, Joseph M. (1989): *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- PORTO DAPENA, José Álvaro (1985): «Estudio toponímico del ayuntamiento gallego de Cedeira (España)», *Thesaurus* 40, 508-532.
- RIVAS QUINTAS, Elixio (1980): «Algúns topónimos arredor de Vigo», *Senara. Revista de filoloxía* 11, 25-40.
- RIVAS QUINTAS, Elixio (1981): «O tema latino *casa* na Rivoira Sacrata», *Boletín Auriense* 11, 227-274.
- RIVAS QUINTAS, Elixio (1982): *Toponimia de Marín*. Anexo 18 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- RIVAS QUINTAS, Elixio (1994): *Lingua galega, niveis primitivos*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- RIVAS QUINTAS, Elixio (2007): «Fenomenoloxía toponímica de Galicia», en Luz MÉNDEZ FERNÁNDEZ / Gonzalo NAVAZA BLANCO (eds.), *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica «Frei Martín Sarmiento» (Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002)*. Santiago de Compostela: AGON, 469-483.
- RTEN = Carlos Xesús VARELA AENLLE (2010): *Repertorio toponímico e xentilício da terra Eo-Navia*. Vigo: Universidade de Vigo (Área de Normalización Lingüística).
- SACAU RODRÍGUEZ, Gerardo (1998-2004): *Os nomes da Ría de Vigo*. Vigo: Instituto de Estudos Vigueses / Fundación Provingo.
- SANTAMARINA, ANTÓN (ed.) (2003) = DdD.
- SANTAMARINA, Antón (2005): «Viaxe pola onomástica galega», *A Trabe de Ouro* 62, 11-38.
- SARMIENTO, Martín (1999) = OELG.
- SEGURA MUNGUÍA, Santiago (2003): *Nuevo diccionario etimológico Latín - Español*. Deusto (Bilbao): Universidad de Deusto.
- SOUSA FERNÁNDEZ, Xulio (ed.) (2010): *Toponimia e cartografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega.

- TORRES DEL RÍO, Joaquín (2000): *A Toponimia do Concello de Porto do Son: bases para unha sistematización*. Noia (A Coruña): Toxosoutos.
- VARELA AENLLE, Carlos Xesús (2010) = RTEN.
- VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega <<http://ilg.usc.es/tmilg>>.
- VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (2008-): *Inventario Toponímico da Galicia Medieval*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega <<http://ilg.usc.es/itgm>>.
- XUNTA DE GALICIA [COMISIÓN DE TOPONIMIA] (2004) = NG.
- XUNTA DE GALICIA [COMISIÓN DE TOPONIMIA] (2000-): *Proxecto Toponimia de Galicia* <<http://toponimia.xunta.es/gl/ProxectoToponimiaGalicia>>.
- XUNTA DE GALICIA [COMISIÓN DE TOPONIMIA] (2005): *A toponimia en Galicia. Nomenclátor de Galicia. Proxecto toponimia de Galicia* <<http://toponimia.xunta.es/gl/publicacions/amosar/id/80>>.

Índice de topónimos

Abeleiroas	§ 4	Carreiroa	§ 4	Ferreiroá	§ 4
Abelleiroá	§ 4	Carreiroá	§ 4	Ferreiroas	§ 4
Agra Boa	§ 2	Carreiroás	§ 4	Ferreirúa	§ 4
Airoa	§ 4	Carzoá	§ 7	Ferreirúas	§ 4
Airoá	§ 4	Casasoá	§ 5	Figueiró	§ 4
Altiboa	§ 2	Casasoá	§ 5	Figueiroa	§ 4
Ambroa	§ 3	Casoa	§ 4	Figueiroá	§ 4
Ameixoa	§ 4	Castaxúa	§ 7	Figueirós	§ 4
Amoá	§ 7	Castiñeiroa	§ 4	Figueirúa	§ 4
Amproa	§ 3	Castiñeirúa	§ 4	Filgueiroa	§ 4
Antoa	§ 7	Casúas	§ 4	Fillaboá	§ 2
Arrexoa	§ 7	Caveiroa	§ 7	Filloa	§ 4
Arruás	§ 6	Cerdeiroa	§ 4	Filloás	§ 6
Arzoá	§ 7	Charrúa	§ 6	Folgueiroa	§ 4
Arzúa	§ 7	Coiroa	§ 4	Folgueirúa	§ 4
Barcúa	§ 4	Comboa	§ 3	Fonte Boa	§ 2
Barreiroa	§ 4	Coroa	§ 3	Fonteboa	§ 2
Basadroa	§ 7	Covilloas	§ 7	Fontecarmoá	§ 3
Bergoa	§ 6	Croa	§ 3	Fonteiroa	§ 4
Bouzaboa	§ 2	Croas	§ 3	Gandaroa	§ 4
Bouzoa	§ 4	Eirexúa	§ 4	Grixó	§ 4
Bouzoá	§ 4	Eiró	§ 4	Grixoa	§ 4
Bouzúa	§ 4	Eiroa	§ 4	Grixoá	§ 4
Cabreiroá	§ 4	Eiroá	§ 4	Grúa	§ 6
Cachaxuás	§ 6	Eiroas	§ 4	Ichoa	§ 4
Cadeiroás	§ 7	Eiroás	§ 4	Illoá	§ 4
Cafúa	§ 7	Eirós	§ 4	Insuaboá	§ 2
Camboa	§ 3	Falcoa	§ 3	Irixoa	§ 4
Carballoa	§ 4	Ferreiroa	§ 4	Lagoa	§ 7

Lagoas	§ 7	Nogueiró	§ 4	Queiroás	§ 7
Lagúa	§ 7	Nogueiroa	§ 4	Queirúa	§ 7
Lagúas	§ 7	Novelúa	§ 6	Rañó	§ 4
Lama Boa	§ 2	Olveiroa	§ 4	Rañoa	§ 4
Lamaboa	§ 2	Ortoá	§ 6	Rañoá	§ 4
Laroá	§ 4	Paraboa	§ 2	Raxoá	§ 7
Lixoa	§ 4	Paradoa	§ 7	Resúa	§ 6
Lixós	§ 4	Parañoa	§ 7	Riazoas	§ 4
Lixuás	§ 4	Paraxó	§ 4	Ribeiroa	§ 4
Llagúa	§ 7	Paraxuá	§ 4	Roxoa	§ 7
Llagúas	§ 7	Paraxúa	§ 4	Rúa	§ 6
Llamabúa	§ 2	Paraxuás	§ 4	Salgueiró	§ 4
Loñoá	§ 4	Pardesoa	§ 5	Salgueiroas	§ 4
Madroa	§ 7	Pasadúa	§ 7	Sanxuás	§ 6
Mañoás	§ 7	Pedamúa	§ 7	Silvaboa	§ 2
Marzoa	§ 4	Pedreisoas	§ 5	Sombraboa	§ 2
Mazúa	§ 7	Penaboa	§ 2	Teiraboa	§ 2
Meiroá	§ 7	Pereiraboa	§ 2	Tixoa	§ 4
Meiroás	§ 7	Pereiró	§ 4	Troa	§ 6
Meneiroas	§ 7	Pereiroa	§ 4	Ulloa	§ 4
Mó	§ 4	Pereiroá	§ 4	Urroa	§ 4
Moa	§ 4	Pereiroás	§ 4	Valboa	§ 2
Moas	§ 4	Pereirúa	§ 4	Valiña Boa	§ 2
Moás	§ 4	Pezoas	§ 7	Vilaboa	§ 2
Mos	§ 4	Pigaroa	§ 7	Vilasoa	§ 5
Mouruás	§ 4	Piñeiroá	§ 4	Viñó	§ 4
Mullerboa	§ 2	Piñeirúa	§ 4	Viñoa	§ 4
Muruás	§ 4	Preso Boa	§ 2	Viñoá	§ 4
Negreiroa	§ 4	Puilla Boa	§ 2	Viñoás	§ 4
Nigueiroá	§ 4	Queiroa	§ 7	Xunqueiroá	§ 4

